

infraestruturas

O Goberno do Estado creará un xulgado específico de violencia de xénero en Lugo. **Páx. 2**

economía

Os Orzamentos 2026 serán os máis altos da historia e servirán para mellorar a cidade. **Páx. 6**

cultura

Lugo acollerá un programa de actividades antes da XXIV Gala dos Premios Mestre Mateo. **Páx. 8**

sociedade

Os usuarios da residencia de maiores das Gándaras continúan coas súas protestas. **Páx. 11**

rural

O municipio conta cun novo axente dinamizador coa asociación Lugo Sur Conturiz. **Páx. 17**

Dignificar o patrimonio: a nova entrada a Lugo



A Deputación debate o acordo do Mercorsur

O Pleno acordou instar á Xunta e ao Goberno Central a defender os intereses do sector gandeiro. **18**

Centro integral para persoas con autismo

O inmoible, de Aspanaes, e que custará 4,7 millóns de euros, abrirá este ano en Friol. **21**

60 anos de Aspnaís



“O obxectivo foi e seguirá sendo o benestar dos usuarios e a plena inclusión”. **Páx. 14**

Pepe Coira



O guionista de Rábade atópase inmerso na produción audiovisual de ‘Ardora’. **Páx. 24**

Castroverde Fútbol Sala



O club de fútbol sala celebra os seus primeiros 20 anos de vida. **Páx.29**

Cambios e melloras no Club Deportivo Lugo

A entidade deportiva aproveitou o mercado de fichaxes para renovar o cadro de xogadores. **Páx. 31**



EXCLUSIVIDAD para la SALUD de tu SONRISA

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es
 Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
 (Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!
 Lunes, miércoles y jueves: 12:00 a 20:00 h
 Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

Lugo contará cun xulgado específico de violencia de xénero

O Goberno do Estado anunciou que creará un xulgado específico de violencia de xénero na cidade de Lugo, “despois de moitos anos de mobilización nas rúas e reclamacións nas institucións”, tal e como explico a concelleira Maite Ferreiro. A praza de Lugo formará parte da vindeira oferta de máis de 500 prazas xudiciais en todo o Estado, das cales 19 se adican aos xulgados de Galicia. A creación deste novo órgano xudicial estaba recollida como compromiso no Acordo de Investidura do BNG e, segundo a concelleira, é “fundamental para loitar contra a violencia machista”. Ferreiro lembrou que se trata dunha petición histórica do movemento feminista da cidade e que mesmo fora recomendada polo Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero.

O BNG propón un sistema comarcalizado para o xulgado, que centralice todos os casos de Lugo, permitindo unha atención próxima ás vítimas e reducindo o impacto que o proceso xudicial supón. Ademais, os casos serán atendidos por profesionais cualificados na materia. Ferreiro destacou que o BNG seguirá traballando para que esta nova praza conte con “máis recursos materiais e humanos para garantir a boa calidade do servizo”, e resaltou que este xulgado é máis necesario que nunca para combater a violencia machista. O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, sinalou que a creación desta praza é froito do traballo da organización nacionalista, recollendo no Acordo de Investidura a necesidade dun xulgado específico en Lugo.

O Concello de Lugo esixe á Xunta a mellora da rúa Serra de Meira

O arranxo integral da Calzada das Gándaras e da rúa Serra de Meira chegará ao Parlamento galego a través dunha iniciativa do BNG, que reclama á Xunta de Galicia unha actuación urxente nestas dúas vías, competencia do Goberno autonómico. O deterioro do firme, con abundantes fochancas e un trazado moi degradado, converteuse nun problema tanto para a seguridade viaria como para a imaxe da cidade. Tamén o PSOE instou á Xunta de Galicia a cumprir os compromisos adquiridos co Concello e a executar con carácter de máxima urxencia a mellora da rúa Serra de Meira, unha das principais vías de conexión da

zona leste da cidade. A administración municipal decidiu non asinar o convenio remitido pola Xunta ao comprobar que o documento non recollía o acordo acadado o 14 de outubro, no que se establecía que o Executivo autonómico asumiría o custo da actuación. O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, destacou o carácter estratéxico desta intervención no marco do Plan Paradai e lembrou que o Concello e a CHMS xa cumpriron coas súas obrigas. “Non existe ningún impedimento que xustifique os atrasos, xa que a ampliación e mellora da rúa non require modificación do PXOM”.

O Carril das Flores por fin será unha entrada digna á Muralla

A Tenencia de Alcaldía de Lugo iniciou as obras de demolición da actual estrutura do Carril das Flores, dentro do proxecto de renovación integral deseñado para “completar a renovación da entrada á cidade a través do Camiño Primitivo”, explicou o tenente alcalde, Rubén Arroxo. “Comezamos coa obra de demolición de este túnel para construír unha pasarela máis estreita que permita a entrada de luz na zona inferior”, engadiu, sinalando que esta actuación está ligada á peonalización da entrada do Camiño Primitivo ata a Muralla e transformará a zona, ofrecendo un acceso digno desde Fontiñas ao centro. A nova pasarela manterá a súa localización próxima á Rolda da Muralla, pero será unha estrutura metálica lixeira sobre piares e vigas con cimentación soterrada. “Deste xeito conseguimos que o muro orixinal se vexa íntegro e ampliamos o ancho da parte inferior en, polo menos, 1,2 metros”, indicou Arroxo. A actuación busca unha integración estética que proporcione continuidade coa Mosqueira e a praza do Camiño Primitivo. A parte superior conservará o pavimento de plaqueta, mentres que a nova calzada contará con formigón e unha zona peonil en granito, acom-



pañada de xardineiras de aceiro Corten e bancos novos.

Na zona inferior instalárase un falso teito de cor clara para crear contraste e mellorar a percepción visual do espazo. O Carril das Flores converterase nunha plataforma con zonas diferenciadas para peóns e vehículos. Ademais, renovarase o alumado, soterrando as canalizacións e ampliando a rede para eliminar as zonas escuras, reutilizando columnas de fundición recuperadas do casco histórico e implantando iluminación LED. Tamén se actualizará o sistema de drenaxe mediante unha canaleta lonxitudinal que recolla toda a auga

superficial. As canalizacións de saneamento e a rede de abastecemento renovarase substituíndo o PVC por fundición dúctil, con novas bocas de rego e incendio, e instalárase rego automático nas áreas verdes.

Rubén Arroxo destacou as actuacións avanzan no concepto da “cidade dos 5 minutos”. A obra permitirá tamén impulsar o corredor peonil leste-oeste da cidade, un gran paseo que conectará o barrio de Fontiñas co río, atravesando o Carril das Flores, a Mosqueira, a Rolda da Muralla e chegando ao Recatelo, coa futura pasarela que enlazará con Magoi e o parque Marcos Cella.

O PP propón unha beirarrúa entre A Ponte e o cemiterio San Froilán

O PP pide a construción dunha beirarrúa que conecte o barrio da Ponte co cemiterio de San Froilán. “Esta actuación permitiría mellorar a mobilidade peonil, reforzar a seguridade viaria e dignificar unha das entradas á cidade pola estrada vella de Santiago, que recuperou volume de tráfico tras a apertura

dun novo acceso á A-54 Lugo Santiago”. A actuación céntrase no treito comprendido entre o cruzamento das Regas Rego do Espiño, cunha lonxitude aproximada de 1.250 metros. O documento técnico prevé a execución dunha única beirarrúa sobre unha das actuais cunetas de terra, cun ancho medio

de dous metros, e un investimento estimado de 366.952 euros.

Desde o Partido Popular subliñan que se trata dunha intervención necesaria desde o punto de vista da seguridade, ao tempo que supón unha mellora urbana nun acceso á cidade que consideran estratéxico.



Tanatorio - Crematorio de mascotas
Servicio 24 horas

644 861 417
P.E. As Gándaras, Rúa H 12-14 Local 2

As obras do centro histórico de Lugo continúan a dar problemas

A asociación Lugo Monumental propuxo ao Concello que substitúa as lousas rotas do casco histórico por adoquín plano para solucionar un problema derivado do “mal deseño dos solos”, que poucos meses despois da súa entrada en servizo xa presentan numerosas roturas, unha situación que “só se agravará co tempo”, alerta o colectivo. Segundo explican, en lugares como a Praza da Soidade ou Armanyá, o adoquín demostrou a súa resistencia, sendo case imposible que rompa.

O problema orixínase polo uso dun solado que a asociación xa advertira que non era axeitado para unha zona supostamente peonil pero con intenso tránsito de vehículos.

A experiencia negativa das obras da rúa Quiroga Ballesteros, que tamén comezaron a romper en poucos me-



ses, “debería facer reflexionar á administración sobre a ineficacia deste tipo de solados en zonas con tráfico, aínda que sexa ocasional”, apuntan. Tamén suxiren empregar percorridos máis curtos para que as áreas danadas non sexan tan grandes como en Santo Domingo e Montevideo.

Finalmente, a asociación critica que na planificación das reformas das rúas danadas non se inclúa Rúa Nova, unha das máis afectadas polo deterioro. “Resulta chamativo que se licitase a reparación de San Marcos e Quiroga Ballesteros, pero non desta rúa, tan usada polos cidadáns”.

A veciñanza xa pode utilizar o aparcadoiro da Avenida Breogán

O Concello de Lugo recibe o aparcadoiro da Avenida de Breogán logo de que a Xunta de Galicia realizase as intervencións técnicas e ambientais reclamadas polos servizos municipais para asegurar a súa posta en funcionamento en condicións axeitadas. As melloras executadas chegaron despois de requirimentos por parte do Concello e de informes técnicos que advertían de deficiencias relacionadas coa rede de drenaxe, o estado do colector e a situación das zonas verdes. Estas carencias impedían garantir tanto a seguridade da instalación como o seu correcto comportamento ambiental.

REACCIÓN DA XUNTA. O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, manifestou a súa satisfacción por que o Concello de Lugo “acepte facerse cargo da titularidade do aparcadoiro disuasorio da Avenida de Breogán, logo de máis dun ano de demora para poder abrílo”.

Arias lembra que o Executivo autonómico deu por finalizadas as obras do estacionamento en outubro do ano 2024 e que, desde entón, “o Concello limitouse a poñer obstáculos á súa recepción, impedindo que a cidadanía puidese facer uso destas instalacións”. Engade que, durante este período de máis dun

ano no que o goberno municipal foi modificando a súa postura, “o único que variou foron pequenas melloras nas zonas verdes, como o corte do céspede ou a plantación de árbores, sen que fose necesario en ningún momento acometer modificacións estruturais na infraestrutura”.

Esta infraestrutura permitirá sumar 148 novas prazas de estacionamento á cidade, das cales 14 estarán reservadas para persoas con mobilidade reducida, co propósito de impulsar o uso compartido do vehículo e contribuír á redución das emisións contaminantes na capital.

Proxectan transformar a Escalinata dos Paxariños nun novo espazo



O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, e o concelleiro de Infraestruturas, Alexandre Penas, mantiveron unha xuntanza coas veciñas e veciños da Escalinata dos Paxariños co obxectivo de analizar a transformación desta rúa que conecta o barrio das Fontiñas coa rúa Primavera. O encontro serviu para avanzar nun acordo coa veciñanza orientado á creación dun novo espazo de convivencia que permita mellorar a calidade de vida e reforzar a participación cidadá na deseño dos espazos públicos.

A Tenencia de Alcaldía será a encargada de redactar un proxecto que faga posible a creación dunha zona de convivencia nesta rúa, incrementando o espazo destinado ás persoas e habilitando áreas pensadas para o encontro veciñal. Rubén Arroxo subliñou que desde a área de Mobilidade se está a traballar para dotar o barrio dun novo espazo referencial para a convivencia, en liña co modelo de cidade que promove que toda a cidadanía dispoña, a menos de cinco minutos da súa vivenda, dunha zona de estar ao aire libre.

NOVA VARANDA. Xa está instalada a nova varanda que substitúe o peche orixinal da Rolda das Fontiñas, unha infraestrutura que se estende ao longo da beirarrúa na contorna do Parque dos Paxariños e que permite salvar o desnivel existente. Os traballos centráronse no treito da Rolda das Fontiñas que limita co Parque dos Paxariños e trátase dunha varanda metálica de 235 metros lineais, fabricada en ferro, coa que se busca mellorar de maneira significativa a seguridade dos viandantes nun punto sensible do trazado urbano.

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, destacou que a intervención permitirá reforzar a protección das persoas que transitan pola zona, ao tempo que se aposta por unha solución resistente e duradeira grazas ao material empregado. A actuación está a ser executada pola área de Transición Ecolóxica, a través da concesionaria de Parques e Xardíns do Concello de Lugo, e conta cun orzamento superior aos 55.000 euros, financiado con cargo á partida destinada ás melloras nas zonas verdes da cidade.



*Clinica dental
Mosquera Otero*






- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL

- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGIA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

**Te damos
una razón
PARA SONREIR**

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

Alertan do deterioro do Leira Parking do HULA



A Federación de Asociacións Veciñais de Lugo Lucus Augusti denuncia o estado do Leira Parking do Hospital Universitario Lucus Augusti, un aparcadoiro empregado diariamente por milleiros de usuarios e usuarias e que, segundo advirten, presenta un deterioro cada vez máis evidente. O firme atópase moi danado, con numerosas fochancas, zonas desniveladas e acumulacións de auga que dificultan a circulación e incrementan os riscos tanto para os vehículos como para os peóns. Desde a federación sinalan que esta situación resulta especialmente perigosa para persoas con mobilidade reducida e tamén en contextos de urxencia, algo especialmente sensible ao tratarse do principal hospital de referencia da provincia. As fotografías realizadas no día anterior, aseguran, evidencian claramente o mal estado do aparcadoiro e a necesidade dunha intervención inmediata. Lucus Augusti solicita ao Concello

de Lugo que adopte medidas eficaces a curto prazo, como a aplicación dunha capa de grixo que permita eliminar as fochancas e regularizar o terreo, así como a implantación dun sistema de drenaxe axeitado que evite os encharcamentos recorrentes. Ademais, consideran imprescindible establecer un mantemento periódico que garanta a conservación do espazo e evite que o problema se reproduza no futuro. A entidade veciñal lembra tamén que, tras a aprobación do 5% do Plan Xeral, existen xa as condicións urbanísticas necesarias para acometer o asfaltado definitivo do Leira Parking, unha solución que permitiría resolver de maneira estable as deficiencias actuais. Neste sentido, reclaman que as actuacións se planifiquen e executen coa maior rapidez posible, tendo en conta a importancia do HULA como centro sanitario de referencia e a necesidade de que a súa contorna estea á altura das demandas da cidadanía.

Reclaman o arranxo do parque de Aquilino Iglesias



O Partido Popular reclamou o arranxo inmediato do parque infantil situado na rúa Aquilino Iglesias Alvareiro, no barrio da Abella, ao considerar que o seu estado actual supón un prexuízo para as familias e para a seguridade da cativada que fai uso destas instalacións. Segundo subliñan, trátase dun espazo de uso diario que debe reunir condicións axeitadas de

seguridade e calidade. A resposta do goberno local foi que os traballos de mantemento se realizan en función das prioridades establecidas e que a veciñanza da zona pode recorrer a outros parques infantís da contorna. Unha explicación que non convenceu aos populares, que consideran insuficiente e pouco adecuada esta postura por parte do Concello.

O Pazo de Feiras, proposto como sede da Axencia Estatal de Saúde Pública

O Padroado da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo acordou por unanimidade propoñer o Pazo de Feiras e Congresos como sede dentro da candidatura oficial da cidade para acoller a Axencia Estatal de Saúde Pública. A decisión foi adoptada nunha reunión extraordinaria celebrada de maneira telemática e permitirá ao Concello de Lugo presentar a proposta en tempo e forma, conforme ao procedemento establecido polo Goberno do Estado.

Este acordo supón un avance relevante na configuración da candidatura lucense, ao incorporar un consenso institucional amplo arredor da localización proposta. O Padroado da Fundación Feiras e Exposicións está integrado por representantes da Xunta de Galicia, da Deputación de Lugo, do Concello e da Confederación de Empresarios, polo que a unanimidade acadada achega un respaldo político e institucional significativo a un proxecto considerado estratéxico para a cidade, a provincia e o conxunto de Galicia. A proposta que se elevará contempla a posibilidade de situar a sede da Axencia Estatal de Saúde Pública nun espazo exclusivo de máis de 2.000 metros cadrados dentro do Pazo de Feiras e Congresos, complementado con zonas comúns e servizos como salas de reunións, auditorio, hall principal, espazos de traballo compartidos e unha ampla área de aparcadoiro. Esta opción permitiría, por unha banda, dar un uso estable a unha área do recinto actualmente in-



frautilizada e, pola outra, reforzar a centralidade e a proxección do Pazo de Feiras, dinamizando a súa actividade e consolidándoo como un equipamento estratéxico para a cidade, ao reunir condicións adecuadas de dimensión, funcionalidade, accesibilidade, localización e dispoñibilidade inmediata para albergar un organismo estatal destas características. Javier Arias, e o director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, trasladaron o respaldo do Goberno galego á proposta que vai presentar o Concello de Lugo con esta localización e ofreceron a “máxima colaboración” para que a cidade sexa finalmente escollida. Os representantes autonómicos confirmaron ademais que a Xunta remitiu xa ao Concello os informes sectoriais favorables dos departamentos implicados —Turismo, Vivenda, Axencia Galega de Infraestruturas e Educación—, así como un informe técnico que acredita a viabilidade do edificio do Departamento Territorial de Sanidade para acoller o novo organismo, co

obxectivo de fortalecer a candidatura. Arias e Alén apelaron á lealdade institucional e á necesidade de “ir todos a unha” neste proceso e, unha vez acordado propoñer o Pazo de Feiras e Congresos como posible sede, puxeron á disposición do Concello as dependencias do departamento de Sanidade “para o que estimen pertinente neste procedemento”. O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, subliñou que a eventual elección da cidade como sede da Axencia Estatal de Saúde Pública representaría unha oportunidade de grande impacto, tanto pola xeración de emprego cualificado como pola atracción de talento e o posicionamento de Lugo no ámbito da saúde pública, a investigación e a innovación. O rexedor advertiu tamén de que se trata dun proceso competitivo, no que participan cidades con forte peso institucional, polo que insistiu na necesidade de concorrer con rigor técnico, solvencia e co apoio coordinado das distintas administracións.

A veciñanza do barrio de Recatelo critica o estado do Parque Rosalía

Esquerda Unida reuniuse coa Asociación de Veciñas do Parque Rosalía de Castro – Recatelo, na que a asociación mostrou súa alarma polo estado de abandono das instalacións do Parque Rosalía, que van desde a falta de coidado, a tala de árbores, ata a degradación de espazos como a caseta do garda, o templo, o anfiteatro ou a antiga sede de Telefónica. Isabel Sánchez, coordinadora de EU, sinalou que se trata dun dos “puntos verdes e de lecer máis simbólicos e importantes da cidade”. A problemática do “botellón” atribúese, tanto pola Asociación como por EU, á falta de alternativas culturais e de lecer para a mocidade. Ademais, ambas partes coinciden na

progresiva turistificación derivada de “falsas peonalizacións”, como a de Recatelo, que permiten a expansión de terrazas e a compra de baixos por especuladores, así como o destino de pisos a fins turísticos, provocando unha subida nos prezos de aluguer que está a expulsar ás veciñas, segundo Chus Rodríguez, . A Asociación denuncia tamén os danos materiais, a contaminación acústica e o consumo excesivo de alcol e substancias tóxicas entre os participantes do “botellón”, que se estende por varios puntos do parque. Ademais, sinalan a inacción das autoridades municipais e das Forzas e Corpos de Seguridade, así como as dificultades para obter permisos

para actividades culturais ou sociais no parque, que permanece en semiabandono. Esquerda Unida critica a ausencia dun modelo de cidade por parte do goberno bipartito, con un alcalde que, segundo apuntan, evita a toma de decisións e non ofrece solucións ás problemáticas veciñais. Esquerda Unida volve reclamar un proceso real de escoita e participación cidadá para deseñar políticas públicas e un modelo de cidade que dea resposta ás necesidades reais da veciñanza, cunha cidade máis verde, con máis servizos públicos, menos privatización dos espazos, urbanismo con perspectiva de xénero e “unha cidade para vivir”.

Anuncian a construción dunha Cidade do Deporte en San Fiz

O Concello de Lugo anunciou a construción dunha nova Cidade do Deporte no barrio de San Fiz, unha infraestrutura estratéxica destinada a dotar á cidade de instalacións modernas e adaptadas ás necesidades actuais e futuras do tecido deportivo local. A contratación do proxecto sairá a licitación este mes por un importe superior a 300.000 euros e o prazo de execución previsto é de cinco meses, co obxectivo de contar co proxecto definitivo despois do verán.

O complexo, considerado integral de referencia, incluírá un pavillón con tres canchas independentes, unha sala de musculación de case 200 metros cadrados, pistas de squash e espazos polivalentes. Ademais, proxéctase a creación dun campo de fútbol e dun campo de rugby, aumentando de forma



notable a capacidade da cidade para acoller adestramentos, competicións e eventos deportivos de distinto nivel. O conxunto desenvolverase sobre unha parcela de máis de 32.000 metros cadrados, cunha superficie construída de 24.890 metros cadrados, e completaráse con instalacións de apoio como vestia-

rios, bancadas e servizos comúns.

O concelleiro de Urbanismo, Xuventude e Deportes, Jorge Bustos, lembrou que a iniciativa responde a máis de dous anos de traballo e a un minucioso estudo das necesidades reais do deporte lucense, tras centos de horas de diálogo con todos os axentes implicados.

O módulo do comedor do Fingoi II está instalado



Xa está instalado o módulo que dará servizo ao comedor do colexio Fingoi II. Durante o mes de xaneiro, a Xunta levou a cabo as actuacións necesarias para acondicionar a parcela e realizar as conexións aos subministradores de electricidade, saneamento e abastecemento de auga para poder poñer en marcha este servizo. Así, estenderon o pavimento de formigón e trasladaron a aula móbil onde se prestará o servizo. O módulo xa foi obxecto de distintos traballos previos nas instalacións do Centro Integrado de Formación Profesional das Mercedes, onde alumnado e profesorado dos ciclos superiores de Eficiencia Enerxética e Marketing se encargaron de acondicionar a climatización, planificar a distribución interior e deseñar os elementos decorativos exteriores.

Con estes traballos, o comedor comezou a funcionar, cunha previsión de 24 usuarias fixas mensuais e ata 14 persoas esporádicas nas distintas xornadas.

O tenente alcalde de Lugo, Rubén Arroxo, puxo o acento na calidade do servizo municipal de Comedores Escolares, que, segundo destacou, se ofrece en condicións superiores ás establecidas pola lexislación do Goberno do estado. Entre os obxectivos deste servizo atópanse a promoción

de hábitos de vida saudables, a aposta por unha alimentación de calidade e de proximidade e o desenvolvemento de iniciativas complementarias como os Vieiros Escolares, orientadas a fomentar a actividade física entre o alumnado.

A normativa estatal permite o uso de aceite de xirasol nos comedores escolares, mentres que o prego municipal esixe o emprego de aceite de oliva virxe extra. Do mesmo xeito, o contrato municipal restrinxe o uso de frituras a un máximo de dúas ocasións ao mes. Ademais, no caso da elaboración dos menús, o Concello establece a obrigatoriedade de que sexan deseñados por un graduado en nutrición e dietética, unha esixencia que non figura na normativa estatal.

Para facer posible a prestación do servizo no Fingoi II, a Xunta de Goberno municipal aprobou a modificación do contrato de comedores escolares, un dos últimos trámites necesarios antes de iniciar a atención ás nenas e nenos do centro. Esta decisión implica que o Concello asuma un incremento de 27.038,88 euros no investimento municipal destinado aos comedores escolares, un gasto que, segundo lembrou Rubén Arroxo, é unha responsabilidade exclusiva da Xunta de Galicia.

O PP pide alternativas para reorientar o uso das Caldas do Miño

O Partido Popular de Lugo levou ao pleno municipal unha iniciativa para que o goberno local estude alternativas que permitan reorientar o uso das Caldas do Miño de maneira compatible coa normativa europea, co obxectivo de evitar que esta infraestrutura continúe sendo un espazo "infrautilizado e custoso" para a veciñanza. Os populares lembraron que nas Caldas do Miño se malgastaron 1.400.000 euros, dos cales 923.621 euros corresponden á súa construción e 400.000 euros

ao mantemento. Segundo o PP, trátase dun proxecto fracasado, xa que dende a súa inauguración en marzo de 2023 sufriron peches intermitentes, de xeito que dos case tres anos que levan abertas, permaneceron pechadas aproximadamente un ano.

O partido insistiu na necesidade de rendibilizar o gasto realizado nesta infraestrutura e reclamou ao goberno local un uso eficiente e responsable dos recursos públicos. Ademais, sinalaron que diante da convocatoria do Novo Norte, non

se deben repetir erros cometidos con proxectos como as Caldas, o Carril Bici ou o Impulso Verde.

O PP tamén criticou que o goberno local realizase modificacións orzamentarias mediante transferencias de crédito a pesar de non existir orzamentos municipais aprobados, reducindo case un millón de euros dos fondos do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para financiar medidas tecnolóxicas asociadas ao control de accesos da Zona de Baixas Emisións (ZBE) no casco histórico.

Certificados profesionales. Tu titulación oficial GRATIS

estudios
rafer

Inicio inmediato | Plazas limitadas | Reserva la tuya

AULA VIRTUAL



SSCB0109 -Dinamización comunitaria.



COMM0110 -Marketing y compraventa internacional.



SSCB0110 -Dinamización, programación y desarrollo de acciones culturales.

ADGG0108 -Asistencia a la dirección.

Consulta toda la oferta formativa:

estudiosrafer.es
formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49

XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

GOBIERNO DE GALICIA
MINISTERIO DE TRABAJO, FORMACIÓN PROFESIONAL Y EMPLEO



Os orzamentos de Lugo para 2026 ascenden a 131,9 millóns

O Concello de Lugo presentou os orzamentos para 2026, que serán os máis altos da historia, xa que chegará aos 131,9 millóns de euros. O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, e o tenente de alcaldía, Rubén Arroxo, presentaron o documento que reflicte un incremento do investimento por habitante ata os 1.319 euros, un 6,6 % máis ca no exercicio anterior, reforzando a capacidade do Concello para mellorar servizos públicos, impulsar investimentos estratéxicos e acompañar o crecemento da cidade. Miguel Fernández destacou que o proxecto de Orzamentos para 2026 concíbese como unha guía estratéxica para impulsar a transformación de Lugo, combinando ambición política, planificación detallada e unha clara orientación ao ben común. O alcalde subliñou que estas contas chegan nun momento decisivo para a cidade, no que resulta imprescindible adoptar medidas que permitan avanzar con maior intensidade na modernización urbana, no fortalecemento dos servizos públicos e na mellora da calidade de vida da cidadanía.

O plan orzamentario organízase arredor de seis grandes prioridades políticas que guían todas as partidas e determinan as liñas principais do Goberno local para o exercicio 2026. O primeiro deles céntrase na mellora da calidade de vida da veciñanza, reforzando o escudo social, os servizos públicos e as políticas de apoio ás familias, ás persoas maiores e aos colectivos máis vulnerables. O segundo eixo enfócase na transformación urbana, cunha aposta decidida pola zona norte da cidade a través da Estratexia Novo Norte, concibida como unha ferramenta de reequilibrio territorial e de igualdade de oportunidades entre os diferentes barrios. O terceiro obxectivo pon o acento no patrimonio cultural como motor económico e identitario, promovendo proxectos estratéxicos que

permiten conservar e valorizar o patrimonio ao tempo que se converte en actividade cultural, turística e económica. Ademais, os orzamentos consolidan un modelo de cidade sostible, no que o coidado do medio ambiente, os espazos verdes e a mellora da calidade urbana forman parte central das políticas públicas e da vida diaria. O quinto eixo prioriza o desenvolvemento económico e a creación de emprego, incorporando mecanismos para modernizar a actividade económica, atraer investimento e reter talento, mentres que o sexto sitúa a educación e a igualdade de oportunidades como piares fundamentais para asegurar o futuro da cidade.

ORZAMENTOS DO BNG. Con respecto aos investimentos pola parte Nacionalista, representada pola Tenencia de Alcaldía, Rubén Arroxo defendeu “uns orzamentos moi importantes para os retos actuais da cidade, e ademais nun momento especial”, en mención a que Lugo superou por vez primeira neste ano os 100.000 habitantes, “aínda que xa os superara no 24, oficialmente para o INE foi neste ano pasado 2025”, lembrou Rubén Arroxo, quen destacou que Lugo está a bater tamén cada ano o récord de visitantes, “e agora reflectímolo con maior orzamento da historia de Lugo, que é o que presentamos”, afirmou.

Nos obxectivos para o orzamento do 2026, Arroxo marcou como liña central das contas “o coidado do espazo público, e seguir avanzando na mellora da seguridade peonil”. Rubén Arroxo anunciou que o Goberno de Lugo seguirá “reforzando a seguridade escolar e avanzando no obxectivo de que toda persoa de Lugo teña un espazo, unha zona de estar con bancos e árbores, onde pasar o tempo libre e onde socializar co resto da xente a menos de 5 minutos da casa”.

Outro obxectivo, segundo declarou o

tenente alcalde, será “seguir a darlle vida a Lugo, facer que a cidade siga a ter unha axenda cultural que combine o protagonismo de todo o talento local, que temos moitísimo, con agrupacións que tamén virán de fóra”. Así, as partidas máis relevantes, comezando polas **áreas de Mobilidade e Infraestruturas**, onde se gardan 900.000 euro para repavimentacións e asfaltados de rúas, que serán acompañados por 100.000 euros para o repintado da sinalización horizontal.

No apartado de mellora da circulación, Rubén Arroxo anunciou 600.000 euros para realizar unha serie de rotondas que permitirán mellorar a fluidez de cruzamentos regulados por semáforos. En concreto, serán catro rotondas na Avenida de Magoi, unha no cruzamento entre a avenida de Breogán e a rúa do Colexio Casás, e outra para mellorar o cruzamento entre Angelo Colocci e Santo Graal. Con respecto ás zonas industriais, contarán con 250.000 euros para o mantemento das súas vías, “algo que permitirá que máis empresas opten por situarse nos polígonos de Lugo”.

Por outra banda, Arroxo anunciou 238.000 euros para o acondicionamento da unión de San Lázaro coa Louzaneta. Ademais, atendendo a reclamacións veciñais, incluíronse 125.000 euros destinados á humanización de Río Eo e Otero Pedrayo, no espazo dunha antiga discoteca. Avanzarase tamén na mellora das contornas escolares, dedicando 100.000 euros para a renovación da proximidade do Colexio Illa Verde “un proxecto de calmado do tráfico con ampliación de beirarrúas, tal e como se fixo no colexio Rosalía, e que vai permitir mellorar a seguridade peonil na zona transitada polas nenas e nenos”, explicou Arroxo.

Na zona norte investiranse 20.000 euros para o acondicionamento da rúa Lavandeira, na Piringalla, unha



rúa que se atopa “nun avanzado estado de desgaste” e na que se realizará unha intervención integral e, ademais, resérvanse 160.000 euros para a renovación do alumeadado público da rúa Cambria e 150.000 euros para novo mobiliario urbano.

Por último, no que respecta á área de Mobilidade e Infraestruturas, Arroxo anunciou 970.000 euros para a construción dunha pasarela sobre a Rolda da República Argentina. “Esta avenida mide case 1 km, e só se pode cruzar na parte norte e na parte sur, polo que a pasarela permitirá crear un novo punto de cruzamento no medio da rúa e unirá dúas zonas verdes, creando un itinerario polo que se vai poder ir camiñando dende o centro ata o Miño”.

Con respecto á **área de Cultura**, resérvanse 1.093.000 euros para o San Froilán e, deses, 475.000 euros serán para concertos, “porque o San Froilán ten un importante gasto en gasto en produción, dende escenarios, postos de venta, ou iluminación ornamental entre outros gastos”. Arroxo destacou a colaboración da Deputación de Lugo “para paliar o gasto en produción e permitírnos contar con máis cartos para concertos”, e criticou “que a Xunta siga aportando só 15.000 euros, unha cantidade irrisoria que agardamos que algún día mellore”.

A área de Cultura tamén dedicará 40.000 euros no Vello Cárcere, para o pintado do exterior edificio,

“que está comezando a deteriorarse”, ademais de 50.000 euros para a renovación de diversos elementos no Auditorio Gustavo Freire, 45.000 euros para o Fuxan os Ventos, 15.000 euros para a Banda de Música e 20.000 euros para as salas museísticas municipais.

Con respecto á programación cultural anual, esta conta cun orzamento de 650.000 euros “que permitirán seguir mantendo unha gran cantidade de actividades non só nos catro edificios, senón tamén a importante selección de actividades de rúa que hai ao longo do ano”. Por último, Arroxo anunciou 53.800 euros para a Cabalgata de Reis “co obxectivo de repetir o éxito da organizada para este ano”.

Pola súa parte, na **área de Participación**, a Praza de Abastos contará con 20.000 euros para arranxar locais, e 50.000 euros para acometer melloras, instalando sistemas de extracción de gases “o que permitirá instalar negocios de hostalería nalgún dos postos baleiros”. O Cemiterio Municipal contará con 157.000 euros, xa que se proxecta adquirir material necesario para a instalación de cadeiras, un cortacésped ou un *dumper*, ademais de facer arranxos nos espazos comúns e acometer a ampliación do espazo para mascotas. Ademais, a área de Participación contará con 50.000 euros para realizar melloras na nave das asociacións.




TOSHIBA

Distribuidor oficial de sistemas de impresión Toshiba



Medinformática

SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Distribuidor de software L@ndín

Gesl@n TPV software para comercios

C/ SANTIAGO 1, BAJO D - 27004 LUGO

Tels. 982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

www.medinformatica.es

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

Finalmente, a **Concellería de Educación** contará neste 2026 con 70.000 euros para a mellora dos edificios educativos municipais, ademais de 24.000 euros para a climatización da EIM Gregorio Sanz e 30.000 euros para as alarmas dos CEIPs. Rubén Arroxo afirmou que “o Concello vai gastar 1.062.000 euros nos comedores escolares, a pesar de que este contrato corresponde á Xunta de Galicia. Con ese diñeiro poderíamos facer moitas cousas, pero temos que destinalo aos comedores porque non imos deixar aos nenos e nenas sen comedor porque a Xunta non faga o seu traballo”.

O tenente alcalde afirmou que “estes son uns orzamentos moi importantes para a cidade, temos un proxecto de cidade que imos poder executar ao longo deste ano e que, sen dúbida, van a seguir apostando por seguir transformando Lugo e por seguir dinamizando a nosa cidade”.

ORZAMENTOS DO PSOE. Con respecto ás Concellerías do PSOE, o alcalde socialista puxo o acento en que a prioridade segue a ser o ámbito social. A asistencia social primaria acada os 12.504.540,26 euros, reflectindo unha aposta clara por situar ás persoas no centro das políticas públicas.

Paralelamente, refórzase o apoio ao tecido asociativo da cidade. As transferencias correntes destinadas a entidades sociais, culturais, deportivas e veciñais acadan os 6.425.420,89 euros.

Os Orzamentos de 2026 recollen tamén incrementos en áreas estratéxicas para o funcionamento da cidade, como o urbanismo, cun crecemento superior ao 56 %, o patrimonio e os equipamentos municipais, cun incremento que supera o 150 %, os parques e xardíns, con máis dun 43 % de aumento, o deporte, cun crecemento global superior ao 40 %, e a seguridade cidadá, que supera os 9 millóns de euros, permitindo mellorar servizos, modernizar infraestruturas e dar resposta a demandas

históricas da veciñanza.

No apartado de investimentos, Miguel Fernández destacou que 2026 será un ano clave para activar proxectos de gran impacto para a cidade. Un dos eixos centrais é o avance efectivo do Novo Norte, o maior proxecto de transformación urbana das próximas décadas. As contas incorporan 2.202.845,87 euros destinados ás expropiacións necesarias para liberar terreos e iniciar actuacións clave, así como 950.000 euros para o Plan de Actuación Integral, unha ferramenta que permite ordenar fases, definir prioridades e avanzar con rigor técnico na trans-

formación da zona norte da cidade. Este plan senta as bases dunha intervención integral que mellorará a mobilidade, a conexión entre barrios, os espazos públicos, o acceso á vivenda e a cohesión territorial.

Outro dos proxectos estratéxicos incluídos no orzamento é a recuperación do Cuartel de San Fernando e a creación do Museo da Romanización, para o que se consignan 3.800.500 euros, o 25 % do investimento total. Esta dotación permite avanzar con determinación nun proxecto clave para a cidade, que combina conservación patrimonial, identidade cultural, atractivo turístico e dinamización económica do centro histórico.

Rubén Arroxo, tenente de alcalde, coincidiu co alcalde en destacar a partida do cuartel de San Fernando, porque “porque levamos moitos anos esixíndolle á Xunta de Galicia que cumpra co seu compromiso, que é o de rehabilitar e crear aí o Museo da Romanización, igual que se fixeron os museos nas outras provincias”.

No ámbito dos servizos esenciais, o orzamento destina máis de 1,68 millóns de euros ao bloque de abastecemento, saneamento e mellora da ETAP, con actuacións orientadas a

de 1,3 millóns de euros, destinado tanto á creación de novos espazos públicos como á mellora, mantemento e renovación dos existentes, reforzando a seguridade, a accesibilidade e a calidade dos espazos de convivencia en toda a cidade. Dentro desta estratexia, o proxecto orzamentario incorpora tamén as actuacións necesarias para avanzar no desenvolvemento da futura praia fluvial.

No capítulo de investimentos inclúese tamén a achega municipal á reforma das instalacións da Sociedade Protectora de Animais e Plantas, coa consignación de 248.146 euros, co-

específica de 990.000 euros destinada á mellora de pistas, accesos agrícolas e camiños, reforzando a cohesión territorial e garantindo condicións de mobilidade e servizos axeitados nas parroquias. Este investimento dá continuidade a un traballo sostido nos últimos anos, baseado en actuacións constantes e planificadas que permiten mellorar a vida diaria da veciñanza do rural e facilitar o desenvolvemento da actividade agraria.

En materia de seguridade e emerxencias, os investimentos directos acadan case 560.000 euros, destinados a mellorar medios, equipamento e instalacións tanto da Policía Local como do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento. Finalmente, o ámbito do deporte recibe 823.000 euros para a mellora e modernización das instalacións deportivas municipais, cunha actuación destacada na pista de atletismo e intervencións noutros equipamentos moi utilizados pola cidadanía.

EMENDAS DO PP. O Partido Popular presentou emendas aos Orzamentos municipais de 2026, das que tres foron aprobadas. Así, conseguiu aprobar que se modifiquen as bases de execución dos orzamentos para habilitar anticipos de pago ás entidades sen ánimo de lucro para poder adiantar parte das subvencións, xa que as entidades se ven obrigadas a adiantar gastos “debido aos retrasos nos pagos municipais”. Ademais, grazas ao voto de Cristina López, do BNG, foi aprobada a emenda do PP para que o Concello aplique o acordo plenario de xullo de 2025 e bonifique o IBI, ademais de eliminar a plusvalía, aos propietarios de terreos afectados polo cambio de cualificación urbanística nas áreas de expansión. E tamén, co apoio de María Reigosa, saíu adiante a emenda para incorporar o saneamento de Fermín Rivera aproveitando as obras previstas, unha actuación “moi necesaria, xa que o goberno local non a incluíra nos seus propios orzamentos”.



modernizar a rede, reducir incidencias e garantir un servizo seguro e eficiente. Inclúense 350.000 euros para a mellora dos sistemas de filtrado da ETAP, co obxectivo de incrementar a calidade da auga.

A achega municipal recolle tamén unha partida para avanzar na recuperación da contorna fluvial de Fermín Rivera, unha intervención cun investimento global superior aos 2 millóns de euros, financiada maioritariamente con fondos doutras administracións. Ademais, os Orzamentos de 2026 inclúen un importante impulso aos parques, zonas verdes e barrios, cun investimento

respondentes á parte que lle compete asumir ao Concello. Esta dotación permite avanzar nun proxecto xa legalizado e necesario para mellorar as condicións de benestar animal, garantindo que a administración local cumpra cos seus compromisos.

O Goberno local deixa así asegurada a participación municipal na reforma da Protectora, á espera de que outras administracións concreten tamén as achegas comprometidas, para poder culminar unha actuación esencial desde o punto de vista do benestar animal e da responsabilidade pública.

O rural conta tamén cunha dotación



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

O Entroido 2026 do Concello Lugo contará con 17 actividades



A Concellería de Cultura de Lugo deu a coñecer a programación do Entroido 2026, que inclúe 17 actividades pensadas para todos os públicos. A edil Maite Ferreiro subliñou que “o obxectivo é seguir facendo do Entroido unha festa participativa e accesible para toda a veciñanza, mantendo as nosas tradicións vivas e incorporando novas propostas”.

A programación comezará o xoves 5 de febreiro coa inauguración da exposición “Personaxes do Entroido Galego” de C. Padín no Vello Cárcere, que poderá visitarse ata o 30 de marzo e reúne máis de 100 obras que mostran as figuras máis características do entroido galego. O xoves 12 o Mercado Municipal acollerá a actuación da “Cé Orquestra Pantasma” a partir das 17:30h, como antesala ao inicio oficial da celebración, que terá lugar o venres 13 co pregón ás 20:00 na praza Maior, animado pola agrupación Condensadores de Fluzo. Posteriormente, Bloco Meigallo percorrerá as rúas do casco histórico a partir das 21:30.

O sábado 14 comezará a actividade cun espectáculo para todos os públicos, “AUCHH!” de Abraham Arzate, na praza Maior ás 12:30, seguido do desfile infantil ás 17:00, coa animación de Tambukda e “Malabarabilidades” de Fran Boza. A partir das 20:30, a Tambukda animará as rúas do casco histórico. O domingo 15 a praza Maior acollerá pola mañá o espectáculo “Frikis” de Mundo Costrini e pola tarde, ás 18:00, celebrarase a Gala de circo Introitus, coa participación de Pakolas, Marta Sempre Arriba, Henriko e Martilda.

O luns 16 continuará a programación coa actuación “Máximo Óptimo” de Máximo ás 12:30, e pola tarde o Dúo Laos representa-

rá “Otros Aires” ás 18:00 na praza Maior. Ás 21:30, Bloco Meigallo animará as rúas do casco histórico. No Martes de Entroido, 17 de febreiro, destacará o espectáculo “Consertasso na horta” de Brais das Hortas ás 12:30 e o desfile de disfraces para persoas adultas a partir das 17:00, coa actuación de Tambukda e Carta de ajuste.

A xornada de peche, o mércores 18 de febreiro, comezará co espectáculo “O mundo de Nono” de Arturo Cobas. Pola tarde, ás 17:30, haberá un concerto de banda e coro infantil da Banda Filharmónica de Lugo, e ás 20:00 terá lugar o Entero da Sardiña acompañado do concurso de ferretes, con saída desde o Círculo das Artes e a colaboración de Estoupacaldeiros, así como as actuacións da Orquesta Terra Nova e o Orfeón Xoan Montes.

BASES DOS CONCURSOS. No Entroido haberá dous concursos de disfraces, o infantil e o de adultos, e ambos estarán divididos nas categorías individual, parellas e comparsas, así como cada categoría contará con tres premios. Así, a Tenencia de Alcaldía entregará máis de 16.000 euros en premios. Na categoría infantil, os premios serán: individual, 100, 80 e 50 euros; parellas, 150, 120 e 90 euros; comparsas, 240, 180 e 140 euros. No concurso para adultos, os premios na categoría individual ascenden a 500, 300 e 200 euros, con ata 3 accésits de 50 euros; nas parellas, 600, 400 e 300 euros, con ata 5 accésits de 100 euros; e nas comparsas, 1.100, 800 e 600 euros, con ata 7 accésits de 200 euros.

En ambos concursos, a área de Cultura contará cun xurado profesional que valorará a composición estética, a orixinalidade dos disfraces, a escenografía e a representación.

Comeza a programación previa á Gala dos Premios Mestre

A gala dos Premios Mestre Mateo, que se celebrará o 21 de marzo no Auditorio Fuxan os Ventos de Lugo co financiamento da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e da área de Cultura do Concello de Lugo, contará cunha ampla programación de actividades previa que pretende achegar o certame á cidadanía e fomentar a súa participación activa.

O calendario de actividades presentouse nun acto no que participaron Efrén Castro Caloto, vicepresidente da Deputación de Lugo; Iria Castro Fernández, deputada de Cultura, Patrimonio e Normalización Lingüística; Rubén Arroxo, tenente alcalde do Concello de Lugo; e Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua. Lucía Veiga, presidenta da Academia Galega do Audiovisual e Carmen Méndez, vicepresidenta da entidade. Todas as actividades organizadas pola Academia Galega do Audiovisual incluídas na programación dos XXIV Premios Mestre Mateo son de acceso gratuito ata completar capacidade. Para asegurar praza, as persoas interesadas poden escribir un correo electrónico ao enderezo actividades@academiagalega-audiovisual.gal ou chamar por teléfono á Academia Galega do Audiovisual (+34 633 24 56 39), indicando a actividade ou actividades ás que desexan asistir. Así, as actividades comezarán o 3 de febreiro, no Vello Cárcere, onde se darán a coñecer os finalistas desta edición dos Premios Mestre Mateo, un dos momentos máis esperados do audiovisual galego. Por primeira vez, o público poderá asistir á lectura de finalistas, que correrá a cargo do comunicador Juan Fuentes, gañador do Premio Mestre Mateo a Mellor Comunicador, e a actriz Andrea Fernández, finalista a un Premio Mestre Mateo na categoría de mellor actriz polo seu papel no filme ‘As Neves’.

Unha vez coñecidos os finalistas, o público de Lugo terá a posibilidade de asistir á proxección das longametraxes e documentais finalistas nos Cines Códex, que contarán coa presentación dos equipos das obras. As sesións serán gratuítas, de acceso libre ata completar capacidade e celebraranse os días martes 10, mércores 11, mércores 18, xoves 19, martes 24 e mércores 25 de febreiro, así como os días mar-



tes 3 e mércores 4 de marzo ás 19 horas. A guionista Clara Coira será a encargada de moderar os coloquios cos equipos dos filmes. Ademais, o público poderá participar na iniciativa ‘Pasaporte Mestre Mateo’, coa que recibirán un agasallo oficial e unha entrada de acceso ao espectáculo especial para seguir a gala do 21 de marzo.

Por outro lado, o 20 de febreiro, os responsables de organización e prensa da gala falarán dos aspectos máis descoñecidos e interesantes da organización interna do evento nunha charla titulada “Detrás dos Premios Mestre Mateo” no Salón de Actos da Deputación de Lugo; mentres que o xoves 5 de marzo organizarase un encontro cos presentadores da gala e co Premio de Honra no Auditorio do Vello Cárcere, tamén de acceso libre ata completar aforo e conducido e moderado por Pepe Capelán.

Finalmente, e co obxectivo de implicar á audiencia no transcurso dos galardóns e reforzar o vínculo do audiovisual galego cos seus espectadores, por primeira vez nos Premios Mestre Mateo o público terá a oportunidade de votar pola súa película favorita de entre todas as finalistas.

A longametraxe gañadora do Premio Especial do Público darase a coñecer xunto cos premios especiais á promoción da lingua e ao fomento da sostibilidade, na tradicional Xuntanza de Finalistas previa á gala, que neste ocasión terá lugar o día 6 de marzo no Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL).

GALA DOS MESTRE MATEO. A gala dos Premios Mestre Mateo terá lugar o vindeiro 21 de marzo no Auditorio Fuxan os Ventos de Lugo e está previsto que asistan arredor de 900 persoas. A

gran noite do cinema e da creación audiovisual contará coa tradicional alfombra vermella, pola que desfilarán rostros destacados do sector, profesionais finalistas e personalidades do ámbito cultural e institucional, nunha celebración que reunirá ao mellor do audiovisual galego do último ano.

Este ano, como novidade, ademais da Gala de entrega de Premios, a Academia organizará un espectáculo en directo para que o público poida seguir a gala desde un dos escenarios do propio Auditorio Fuxan os Ventos. A función especial estará presentada por Rafa Durán e incluírá numerosas sorpresas. Ademais, o público asistente poderá inmortalizar o momento nun ‘photocall’ exclusivo e vivir de preto a experiencia da gran noite do audiovisual galego.

MÁIS PROGRAMACIÓN NO FUXAN OS VENTOS. O Auditorio Fuxan os Ventos de Lugo acollerá nos vindeiros meses varias citas musicais destacadas.

O día 21 de febreiro, a partir das 20 horas, a agrupación Devacas presentará o seu espectáculo *Vacanal Sinfónica*, unha proposta creada con motivo do décimo aniversario da banda que ofrece unha revisión sinfónica dos seus grandes éxitos. Por outra banda, a concelleira Maite Ferreiro anunciou tamén a visita a Lugo do violinista Ara Malikian, que actuará o día 8 de maio dentro da súa última xira, titulada *Intruso*. Trátase dun espectáculo concibido como unha viaxe persoal que nace da angustia de non encaixar en ningún lugar e que evoluciona cara á aceptación da riqueza dunha identidade multicultural, atopando na arte e na música un fogar propio.

A 48ª Semana de Cine de Lugo terá lugar do 21 ao 26 de setembro

A 48ª Semana de Cinema de Lugo, coñecida como SECILUGO 48, celebrárase na capital lucense entre os días 21 e 26 de setembro de 2026 cunha programación centrada na descuberta, promoción e difusión do talento dos cineastas emerxentes, prestando unha atención preferente ao cinema de carácter autoral e ás propostas creativas con identidade propia. O festival, que se consolida como unha das citas culturais de referencia no ámbito cinematográfico galego, está organizado polo Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá e conta co apoio institucional da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial de Lugo, do Concello de Lugo e da UNED Lugo.

A convocatoria regula os premios correspondentes ás distintas seccións a concurso, que abranguen as longametraxes incluídas na Sección Oficial da Semana de Cinema, as producións de Cinema Galego tanto en formato de longametraxe como de curtametraxe e documental, o Cinema Español Inédito, o Cinema Documental en longametraxes e curtametraxes, así como as curtametraxes que optan ao premio As curtas tamén son cinema. A diversidade destas seccións reflicte a vontade do festival de ofrecer unha panorámica ampla e plural do cinema contemporáneo, tanto a nivel galego como estatal e internacional.

Poderán participar persoas físicas ou xurídicas con capacidade legal para actuar, como produtores, directores ou distribuidores, sempre que acrediten o control legal das obras presentadas. A persoa ou entidade que formalice a inscrición será considerada pola



organización do festival como o único interlocutor válido para calquera cuestión relacionada coa participación da película e asumir a responsabilidade fronte a terceiros implicados na súa produción, distribución ou exhibición. As películas que desexen optar á selección deberán terse producido nos anos 2024, 2025 ou 2026 e non poderán ter sido exhibidas nin comercializadas en España en salas públicas, agás no marco doutros festivais, nin emitidas previamente en televisión, plataformas VoD ou páxinas web antes do 21 de setembro de 2026, un requisito que o xurado seleccionador aplicará con especial rigor. No caso das longametraxes, as obras deberán ser de ficción, tanto de imaxe real como de animación, cunha duración superior aos 60 minutos, mentres que as curtametraxes non poderán superar os 30 minutos. Será obrigatorio o subtítulo en castelán para aquelas copias cuxo idioma orixinal sexa galego, inglés ou calquera outro, quedando excluídas da convoca-

toria as películas que non cumpran esta condición.

A organización manifesta unha especial preferencia polas obras que se encadren en ámbitos como o cinema internacional, o cinema galego e o cinema español, así como por aquelas que aborden temáticas vinculadas aos Camiños de Santiago, á relación entre cinema e fotografía, ao cinema dentro do propio cinema, á animación tanto en longametraxes como en curtametraxes ou á conexión entre cinema e gastronomía. Este enfoque responde á vontade do festival de impulsar novas voces creativas e propostas autorais que dialoguen coa identidade cultural e co territorio.

A inscrición poderá realizarse solicitándoa a través do correo electrónico secilug@gmail.com. Unha vez visionados os traballos presentados, o xurado seleccionador decidirá a aceptación ou rexeitamento das obras candidatas. O prazo para formalizar a inscrición finalizará o 15 de maio de 2026 ás 14:00 horas.

O Vello Cárcere acolle a exposición 'Mobiliario vestido' de Piquico



O Vello Cárcere acolle a exposición *Mobiliario vestido* do escultor Piquico. A mostra, que trata sobre o entroido, poderá visitarse ata o vindeiro 28 de febreiro.

Piquico chega a Lugo tras estar presente con esta exposición en Monterrei, Ourense, Madrid (casa de Galicia), Chantada e Viana do Bolo, ademais de formar parte da programación expositiva de distintas salas do Estado e de Portugal.

Mobiliario vestido pretende mostrar a continuidade entre corpo, roupa e moble. Representar unha conxugación entre o atávico da festa e a modernidade, xogando cos personaxes do entroido, o seu animalario, como a Mula ou o oso e os elementos típicos e simbólicos desta festa. O resultado son esculturas-personaxe "vestidas" de mobiliario ou ao revés - xa sexa unha mesa, un andel, un armario, unha lámpada, un pupitre escritorio, un botelleiro,

unha cadeira, un espello, etc. en paralelo cos motivos do entroido.

As obras son basicamente figurativo-xeométricas nas que interesa a expresividade, a masa descuberta, a forma ou a anatomía. Pezas orgánicas, xogando co contraste da pura xeometría do mobiliario, o cubismo e a idea do corte, do ensamble, do bloque, ou do desbaste. Piquico amosa nesta exposición dende o máis duro, o máis brando ou o máis áspero, xogando coa cor ou a textura provocados polas ferramentas e a forma. O material utilizado é sobre todo madeira de varios tipos, tamén lousa, pedra, mármore, granito, papel de parede, ferro, cobre, iluminación ou "ready-made" varios. A propia materia orgánica, xunto coas cristalinas transparencias ou o material lacado, simbolicamente contrapostos, tentan conciliarse e simbolizar o representado.



MARMOLES VILARIO



ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

**De las más prestigiosas marcas del mercado*

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com



ENTROIDO -CASTROVERDE-

DOMINGO, 15 DE FEBREIRO 2026

3.600 € EN PREMIOS

17:00 HORAS PASARRÚAS:
PRAZA DO CONCELLO - PAVILLÓN MUNICIPAL "A FERRERÍA"

DATA LÍMITE PARA AS INSCRIPCIÓNS NO CONCURSO:
VENRES 13 DE FEBREIRO ÁS 14:00 H

CONSULTA AS BASES DO CONCURSO EN: www.concellodecastroverde.gal

CONCELLO DE CASTROVERDE

Lugo contou con 24 exposicións no 2025 no Vello Cárcere e no MIHL



A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, fixo balance da oferta expositiva desenvolvida ao longo do ano 2025 nos espazos municipais do Vello Cárcere e do Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL). No Vello Cárcere desenvolveuse unha intensa actividade expositiva ao longo do ano, con mostras individuais e colectivas de disciplinas moi variadas. O público puido achegarse á pintura de Blanca Cenalmor, Roberto Castro Agra, Pablo del Valle, Xosé Couso ou Diego Beyró, así como ás propostas escultóricas de Lyuvomir, Paco Pestana ou ás obras que mesturaron pintura e escultura de artistas como Ana Fernández ou Javier Bello. A fotografía tivo tamén unha presenza destacada con exposicións de Álvaro Lamas, Andrea Prado Rielo e unha mostra colectiva coordinada por Germán Limeres. A programación completouse con iniciativas de carácter divulgativo e patrimonial, como a exposición dedicada ás máscaras de Entroido de Portugal, centrada na escultura tradicional, ou a mostra do Secreta-

riado Xitano con paneis informativos sobre a historia do pobo xitano. Tamén se incluíron propostas como os gravados de Néstor Goyanes sobre a emigración, acompañados pola pintura de Xan Leira Oniel, a exposición OLLADAS do Consello da Cultura Galega, con paneis sobre patrimonio material e inmaterial, ou a mostra dedicada ao debuxante galego Pepe Carreiro, promovida por Galiza Cultura. Ademais, o Vello Cárcere acolleu exposicións colectivas de pintura con artistas de diferentes nacionalidades e unha mostra vinculada á Escola Ramón Falcón, reforzando o compromiso co talento emerxente. Pola súa banda, o Museo Interactivo da Historia mantivo tamén unha programación expositiva diversa e innovadora ao longo de 2025. Neste espazo presentáronse propostas como a escultura en madeira de Xoán Vila e Inazio Abrau, a pintura de Noa Persán e unha exposición de realidade virtual a cargo de Silvia Sánchez, que achegou ao público novas formas de creación e interacción artística.



Amancio Prada celebra en Lugo os 50 anos do seu disco ‘Rosalía de Castro’

Amancio Prada ofrecerá un concerto en Lugo o vindeiro 14 de marzo para conmemorar os 50 anos do seu emblemático disco ‘Rosalía de Castro’, cun concerto único no Auditorio Fuxan os Ventos, que comezará ás 20:30 horas. Durante máis de 90 minutos, o concerto propón un percorrido que vai desde as primeiras composicións inspiradas nos versos de ‘Follas novas’ e ‘Cantares gallegos’, ata novas interpretacións que reflicten a madurez artística, a emoción e a fonda relación do músico coa obra de Rosalía de Castro. Será un encontro coa memoria colectiva e unha cerimonia de gratitude á palabra poética capaz de unir xeracións. Medio século despois da publicación do disco Rosalía de Castro en 1975, Amancio Prada continúa cunha xira conmemorativa iniciada o ano pasado, na que revisa cinco décadas de traxectoria como intérprete da poesía galega. A parada en Lugo permitirá apreciar a evolución das súas composicións, mantendo viva a conexión coa palabra poética e coa emoción que segue a xurdir en cada interpretación.



O propio artista lembra os seus primeiros pasos na relación coa obra de Rosalía, cando comezou a lela aos dezaseis anos mentres vivía en Valladolid. A morriña da súa terra natal, O Bierzo, e os versos da poeta convertéronse nunha guía para expresar emocións e lembranzas, facendo que a súa música nacesse de maneira case natural, ao ditado da sonoridade e do sentimento. O álbum ‘Rosalía de Castro’ marcou un fito na historia da música galega e ibérica ao consolidar unha tradi-

ción na que música e poesía camiñan da man. Tras anos de estudo e experiencias en Francia e España, Prada transformou os versos de Rosalía en cancións que falan da morriña, da emigración e da identidade, mantendo viva a súa voz e transmitindo emoción a novas xeracións. ‘Non hai día en que non lle cante a Rosalía, porque revivir estas cancións é revivir unha parte esencial da súa propia vida, lembrando que unha canción nace e renace cada vez que se canta’, destaca.

Tres artistas inauguran as residencias do Coliving Artístico

Os artistas multidisciplinares Álvaro Corral Cid, de Ourense; María Susinos Sancho, de Cantabria; e Marta Cuba García, da Coruña, xa completaron a súa primeira semana de estancia no Coliving Artístico Municipal do Carme logo de que o xurado designado seleccionase os seus proxectos para converterse nos primeiros en desenvolverse neste viveiro artístico municipal, dentro das denominadas residencias artísticas. As tres propostas foron escollidas entre un total de 27 proxectos procedentes de toda España e abranguen a creación dunha cancela artística baseada na artesanía téxtil tradicional galega, unha gran intervención pictórica sobre teas de liño e unha instalación que combina danza e bordado. Os propios artistas destacaron de maneira moi positiva a duración da residencia, de tres meses, que lles permite desenvolver os proxectos con tempo suficiente, así como a bolsa económica que facilita a posta en marcha das propostas e a convivencia con outros creadores, un aspecto que consideran clave para xerar sinerxías e enriquecer o proceso artís-



tico e cultural. Os tres becados contarán con tutorías persoais quincenais centradas no desenvolvemento profesional e na viabilidade dos seus proxectos, e, ao tratarse da primeira promoción, xestionarán tamén un suplemento de 500 euros para equipar o coliving municipal co enxoval necesario. O concelleiro de Dinamización Económica, Mauricio Repetto, principal impulsor da recuperación e posta en valor da antiga casa do pintor Gómez Pacios a través dun programa financiado con fondos europeos, sinalou

que esta primeira residencia artística nace coa vontade de cumprir o obxectivo co que foi creado o CAM, concibido como un laboratorio de innovación artística no que a cultura e a arte, en todas as súas disciplinas, se convertan nun motor de desenvolvemento sostible para o municipio. En canto ao retorno social destas residencias, Repetto sinalou que cada un dos artistas realizará un mínimo de tres visitas a centros educativos ou asociacións, ademais dunha actividade aberta ao público, para compartir o seu proceso creativo coa cidadanía.

Os usuarios da Residencia das Gándaras seguen mobilizándose

O BNG, a CIG, a Federación Lucus Augusti e o Concello de Lugo apoian aos usuarios da residencia das Gándaras.

A deputada do BNG no Parlamento de Galicia, Olalla Rodil, conseguiu que a comisión 5ª do Parlamento de Galicia, de Sanidade, Política Social e Emprego, aprobara unha Proposición Non de Lei para instar á Xunta de Galicia a abrir un espazo de diálogo coas persoas usuarias da residencia pública de maiores das Gándaras, en Lugo, co fin de escoitar as súas opinións e preferencias sobre as obras de remodelación previstas no centro. Durante a súa intervención, Rodil subliñou que a Xunta “ten que escoitar ás persoas usuarias da residencia das Gándaras” e incidiu en que a xente maior, e de maneira particular quen vive en residencias, non pode ser considerada como simples receptoras de servizos e coidados, senón como suxeitos plenos de dereitos. A deputada defendeu que as persoas maiores non perden nin a súa capacidade de decisión nin o seu proxecto de vida ao ingresar nunha residencia pública, nin pasan a estar tuteladas pola Administración, polo que a súa opinión debe ser tida en conta.

APOIO TAMÉN DO PSOE. O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, e a voceira municipal, Ana González Abelleira, reuníronse cos usuarios afectados e con persoal da propia residencia e reclamaron á Xunta de Galicia a apertura dunha canle de comunicación directa coas persoas residentes da residencia de maiores das Gándaras para explicar o proxecto de reforma anunciado para o centro e dar resposta ás dúbidas e preocupacións que existen. Segundo o Goberno local, a información trasladada nesa xuntanza xerou unha importante inquietude, especialmente polo modelo polo que se aposta na reforma, xa que implicaría unha redución aproximada de 30



prazas e un empeoramento das condicións de intimidade e de calidade de vida das persoas residentes. Tal e como se lles explicou, antes da intervención na ala curta de cada planta había 10 persoas con espazos individualizados, mentres que na ala longa residían 20 persoas tamén con zonas diferenciadas. Co novo deseño, a ala curta pasaría a dispoñer de 8 habitacións individuais e na ala longa habilitaríanse 16 habitacións dobres que, segundo manifestaron os propios residentes, non garantirían condicións axeitadas de intimidade. Esta reorganización supón a perda de 6 prazas por planta, que no conxunto das cinco plantas da residencia se traduce nun total de 30 prazas menos. O alcalde advertiu de que este cambio implicaría a desaparición duns 20 cuartos individuais e unha modificación significativa no modelo de convivencia, adoptada sen unha consulta previa ás persoas residentes.

RESPOSTA DO PP. Pola súa parte, o Grupo Popular defendeu a actuación da Xunta e criticou a postura de BNG e PSdeG. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, asegurou que as obras “non van supoñer, en ningún caso, unha diminución do número de habitacións individuais” coas que conta o centro e que, unha

vez rematada a intervención, procederase á nova distribución dos espazos tendo en conta as necesidades dos usuarios.

Mentres, a portavoz de Política Social do PP, Raquel Arias, reprochou que se cuestione a xestión indirecta dalgúns servizos sociais da Xunta e lamentou que se critique a reforma da residencia das Gándaras e se esquezan outras actuacións pendentes na zona, como a construción dun aparcadoiro que dea servizo á veciñanza. A portavoz popular explicou que as obras de remodelación da residencia pública de maiores das Gándaras, cun investimento de 8,6 millóns de euros, permitirán mellorar o confort das persoas usuarias mediante a creación de unidades de convivencia, novos espazos de atención sanitaria, a renovación completa da fachada e das carpinterías exteriores, a mellora da accesibilidade e a reorganización dos espazos das habitacións en distintas plantas. Ademais, enfatizou o xa dito por Javier Arias, que os traballos non suporán unha redución do número de habitacións individuais e, unha vez finalizadas as obras, a distribución dos espazos farase tentando respectar as preferencias das persoas residentes e en función das necesidades de coidados de cada unha.

María Reigosa pasa a ser concelleira independente e vota no pleno co PP



María Reigosa Castro vén de causar baixa como militante do PSOE, formación á que se incorporara ao grupo municipal no mes de outubro en substitución do falecido concelleiro Pablo Permy. A edil continúa exercendo como concelleira, coa condición de independente, mantendo as competencias relacionadas coa conservación e mellora das vías públicas e das infraestruturas no ámbito rural. A situación xerou certa polémica no ámbito político local, ante a que o alcalde, Miguel Fernández, quixo lanzar unha mensaxe de tranquilidade. O rexedor explicou que os procesos de axuste interno requiren tempo e subliñou que no Grupo Municipal deben primar a coordinación, o debate interno e tamén a disciplina de voto. Segundo indicou, é habitual que en determinados momentos xurdan discusións e criterios diferentes, cuestións que se analizan, se debaten e se consensúan no seo do grupo. Miguel Fernández confirmou que María Reigosa continúa formando parte do Grupo Municipal, participa con normalidade nas reunións e nos debates e mantén todas as súas funcións a efectos prácticos.

VOTO CO PP. Durante o pleno or-

dinario de xaneiro, o PP presentou unha moción que reclamaba unha actuación urxente na zona de Fermín Rivera. A iniciativa, que contou con 13 votos a favor, tiña como obxectivo “dar solución aos problemas do servizo de abastecemento de auga nesta área da cidade, onde a veciñanza leva anos sufrindo cortes de subministración de maneira reiterada”, defenderon os populares. Deses 13 votos a favor, un foi o de María Reigosa, concelleira do goberno local, algo que chamou a atención de todos os presentes. Desde a parte socialista do goberno, explicou que a recuperación do entorno do río na rúa Fermín Rivera “é unha prioridade para o Goberno local. Existe un protocolo de actuación e un convenio asinado coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil que regula a execución e ambas administracións contan coa consignación orzamentaria necesaria para que a obra poida comezar este mesmo ano”. Por iso, din que “a proposición do Grupo Municipal Popular é extemporanea, chega tarde e obvia que o proxecto xa está en marcha. Por responsabilidade e rigor institucional, o Grupo Municipal Socialista votou en contra dunha iniciativa redundante e claramente oportunista”.

EU SON O VERDADEIRO REI DA MONTAÑA

...E A FONSAGRADA É MINHA RAÍÑA

SI

A FONSAGRADA 2026

XXIX FEIRA DO BUTELO

7 e 8 de Febreiro

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

ORGANIZAN:

COLABORAN:

galicia

Colectivo Estiño, 50 anos de pedagogía e solidariedade

Anxo Vilabril, presidente do colectivo pedagóxico Estiño, pon en valor a iniciativa solidaria da creación dun calendario anual para recadar fondo

Jessica Fernández

Hai proxectos educativos que nacen dunha necesidade concreta e acaban converténdose en referentes pola súa continuidade, polos valores que defenden e polo impacto que xeran máis alá das aulas. Con preto de cincuenta anos de historia, o colectivo pedagóxico Estiño é unha clara mostra do bo facer de docentes galegos en da mellora da educación, a defensa da escola rural, a promoción da lingua e da cultura galega e cun firme compromiso solidario. Na actualidade, o colectivo está presidido por Anxo Vilabril, que leva arredor de dez anos á fronte dunha iniciativa baseada no traballo cooperativo e na implicación directa do profesorado e do alumnado.

O colectivo pedagóxico Estiño xorde nos anos 70, nun contexto educativo moi distinto ao actual, marcado pola dispersión xeográfica e pola predominancia das escolas unitarias no rural galego. Tal e como explica o seu presidente, a semente do proxecto xermolou entre mestres que compartían formación e inquietudes. “Un grupo de mestres, que foran alumnos da antiga Escola de Maxisterio de Lugo, decidiron unir forzas para traballar conxuntamente e mellorar a situación das escolas unitarias”, lembra Vilabril.

Aquelas escolas, maioritarias no medio rural, sufrían un forte illamento, tanto a nivel de recursos como de relacións entre alumnado. Por iso, desde o inicio, o colectivo marcou como prioridade crear vínculos entre centros. “O obxectivo principal era que os nenos e nenas tivesen contacto con outros nenos e nenas

doutras escolas e facilitar un pouco a dinámica de traballar conxuntamente”, explica. Daquela vontade de cooperación, naceu unha das iniciativas máis características de Estiño: a elaboración dun calendario anual. Nun primeiro momento, a finalidade era práctica, ligada ás necesidades materiais das escolas. “Xurdiu a idea de elaborar un calendario coa finalidade de conseguir fondos para as propias escolas e así poder ofrecer ao alumnado algunha saída ou excursión cos nenos, xa que eran moi poucos os recursos económicos cos que contaban”, relata Vilabril.

O proxecto foi medrando a medida que se ían incorporando máis mestres e centros educativos e, co paso dos anos, a situación das escolas mellorou de forma notable, pero o colectivo decidiu manter viva a iniciativa e redefinir o seu sentido. “Cando vimos que xa non facía falta recadar cartos para os centros, decidimos dar un paso máis e seguir elaborando o calendario, pero para recadar fondos para nenos e nenas de escolas de zonas rurais de Nicaragua, a través da ONG AXUNICA de Lugo”, explica o presidente.

SOLIDARIEDADE EDUCATIVA. Ese xiro marcou unha nova etapa para Estiño, que pasou a desenvolver unha acción solidaria de carácter internacional centrada no dereito á educación. Vilabril describe unha realidade moi dura nas zonas nas que colaboran. “Estamos falando de escolas do rural Nicaragua ás que acoden nenos e nenas de familias moi pobres que, se queren seguir estudando, non poden por non poder

desprazarse a outras localidades”.

Así, a través do colectivo, e en colaboración con entidades que traballan directamente no país, Estiño consegue canalizar os fondos recadados para garantir a continuidade educativa destes rapaces. “A través da nosa asociación conseguimos reunir o diñeiro suficiente para que, mediante entidades que actúan alí, se xestione que eses nenos poidan desprazarse a outras localidades e continuar cos seus estudos, subvencionándolles o aloxamento e a propia formación”, explica. O impacto desta iniciativa reflíctese tamén nos datos. “O ano pasado fixemos unha tirada de 2.500 exemplares do calendario, que conseguimos vender, e con ese diñeiro puidemos axudar a nenos e nenas de zonas desfavorecidas”, engade.

CALENDARIO 2026. Cada ano, o colectivo reúne no mes de setembro para planificar unha nova edición do calendario. A correspondente a 2026 é xa a número 47, unha cifra que amosa a continuidade e consolidación do proxecto. Nesta ocasión, a temática escollida é o Entroido, unha das manifestacións máis singulares da cultura popular galega. “Este ano acordamos que o motivo sería o Entroido, porque todos os anos intentamos que o calendario estea relacionado coa cultura e coa tradición galega”, explica Vilabril.

Na actualidade, Estiño está formado por 23 centros educativos repartidos por Galicia, con especial presenza na provincia de Lugo —con centros en Ribadeo, Vilalba, Lugo, Cervantes, Navia de Suarna, Sarria ou Taboada—, ademais doutros da Coruña e de Pontevedra. “Este ano non temos representación en Ourense”, puntualiza o presidente.

A diversidade tamén se reflicte nos niveis educativos: participan escolas de infantil e primaria, institutos e mesmo un centro de educación especial. Desta maneira, o calendario é o resultado dun proceso colectivo no que participa activamente o alumnado. “Entre eses 23 centros educativos poñémonos de acordo na temática e deseñamos o calendario”, explica Vilabril. “Cada centro encárgase dun aspecto concreto e o alumnado realiza debuxos relacionados co tema asignado. Faise unha selección previa de catro ou cinco debuxos, que nos envían, e o día da montaxe escollemos os que mellor encaixan para o resultado final”, detalla. A partir de aí, cada escola ten liberdade para traballar pedagoxicamente a temática. “Hai colexios que



mesmo montan exposicións relacionadas co tema, incluso”, engade.

Máis alá do produto final, o calendario convértese nun recurso educativo de gran valor. “Este traballo é un referente para o alumnado porque ven como levar a cabo unha acción solidaria ao tempo que toman conciencia da necesidade de fomentar a cultura galega”, destaca Vilabril. Ese compromiso coa lingua e coa identidade cultural é un dos piares fundamentais do colectivo. “Un dos obxectivos de Estiño é o fomento, a difusión e o coidado da cultura e da lingua galega, e iso é fundamental”, subliña. Toda esa traxectoria queda

alleo ás institucións políticas, polo que nunca pedimos axudas nin ningún tipo de subvención”, explica Vilabril, quen defende que así manteñen “total liberdade e control na toma de decisións”. Pero si que conta con colaboradores como Bico de Grao ou Librería de Trama, que vende os calendarios, así como a Asociación A Volta do Agro, que colabora co proxecto.

De cara ao futuro, o principal reto é garantir a continuidade do proxecto. “O que desexamos é que continúe a asociación, aínda que nos últimos anos cústanos máis conseguir xente



reflectida na colección completa de calendarios, que se atopa exposta na Escola de Formación do Profesorado de Lugo. “Todos os calendarios cumpren ese obxectivo de difusión, coidado da cultura e da lingua galega; todas as temáticas están sempre relacionadas coa tradición galega”. Outro dos sinais de identidade de Estiño é a súa independencia institucional. O colectivo non solicita subvencións nin axudas públicas. “Consideramos que este debe ser un colectivo pedagóxico totalmente

nova”, reconece o presidente, especialmente entre as novas xeracións de docentes. “Pode ser que o profesorado se sinta moi cargado no seu labor diario, pero eu si vexo certa falta de compromiso e de implicación neste proxecto”, reflexiona.

A pesar das dificultades, Estiño segue demostrando que a educación, cando se entende como un traballo colectivo e comprometido coa sociedade, pode transformar realidades e tender pontes entre culturas, xeracións e territorios.

**El Club de Compras Ecologico
MAS GRANDE DE AMERICA**

AHORA EN LUGO

Verxel
HEBOLLARIO

Rúa Montero Rios, 41. 27002 LUGO
Tel.: 982 251 827 • josemanuel@verxel.es
www.verxel.es

Un novo regulamento de carreira profesional para o persoal municipal

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, e a concelleira da área de Recursos Humanos, Ana González Abelleira, remitiron aos representantes dos traballadores municipais a proposta de Regulamento da Carreira Profesional Horizontal e da Avaliación do Desempeño do Concello de Lugo, abrindo así un proceso de diálogo e negociación coa representación sindical. O sistema ten como obxectivo recoñecer o esforzo, a experiencia e o compromiso do persoal municipal coa mellora dos servizos públicos, distinguindo a competencia profesional individual a través dun modelo obxectivo, regrado e transparente. A proposta busca reforzar a motivación ao longo da vida laboral, fomentar a actualización permanente de coñecementos e consolidar unha cultura de corresponsabilidade co servizo público. A concelleira Ana González Abelleira destacou que “esta proposta, elaborada por un equipo de funcionarios multidisciplinar, introduce un sistema moderno, baseado na avaliación obxectiva do desempeño, que reforza a profesionalización da administración local e sitúa ás persoas no centro da organización”.

A carreira profesional horizontal permitirá ao persoal funcionario de carreira, interino e laboral progresar profesionalmente sen necesidade de cambiar de posto de traballo, mediante un sistema estruturado en graos. Cada grupo ou subgrupo contará cun grao inicial e catro graos adicionais (I, II, III e IV), aos que se accederá de forma consecutiva, cumprindo períodos mínimos de perma-



nencia e superando unha avaliación obxectiva do desempeño. Con carácter xeral, esixirase un mínimo de anos de servizo para acceder ao grao inicial e aos seguintes.

O regulamento incorpora dous sistemas de acceso: un ordinario, aplicable ao desenvolvemento futuro da carreira profesional, e un extraordinario, destinado a recoñecer a antigüidade e os servizos prestados con anterioridade á implantación do modelo. Este sistema extraordinario permitirá que o persoal actual poida acceder de forma anticipada aos distintos graos en función da súa traxectoria profesional, garantindo un tratamento diferencial respecto ao persoal de novo ingreso.

A avaliación do desempeño constitúe un elemento clave do modelo. Trátase dun procedemento destinado a medir e valorar a conduta profesional, o rendemento e o cumprimento de obxectivos, baixo os

principios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación, co fin de avanzar cara a unha administración máis moderna, eficiente e orientada á calidade.

No relativo ao impacto económico, o complemento derivado do recoñecemento dos graos aboarase de maneira progresiva ao longo dun período previsto de cinco anos, co obxectivo de garantir a sustentabilidade orzamentaria. Ademais, establécese un sistema de aceleración para o persoal de maior idade, de modo que quen teña 61 ou máis anos percibirá o 100 % do complemento desde 2026. No tramo de idade comprendido entre os 56 e os 60 anos, o aboamento comezará no 50 % en 2026 e incrementarase progresivamente ata acadar o 100 % en 2029. Para o resto de tramos de idade, definiranse progresións graduais ata completar o 100 % do complemento no ano 2030.

A candidata á reitora da USC, Rosa Crujeiras, presenta o seu programa



A candidata a reitora da USC, Rosa Crujeiras, presentou as súas liñas estratéxicas, baseadas en tres eixos principais desde a futura Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo. O primeiro eixo centrarase na coordinación interna. Crujeiras propón “garantir unha axenda estable” para que as vicerreitorías e servizos sexan accesibles no campus, reforzando o apoio administrativo. Ademais, buscará “recuperar servizos á comunidade universitaria perdidos” e igualar as condicións de acceso a eles ás de Santiago. O segundo eixo abordará a vida no campus, como o

acceso á vivenda, colaborando co Concello no Plan Municipal e potenciando a oferta en residencias públicas. Tamén a mobilidade sostible cunha conexión por bus entre os campus de Lugo e Santiago e o reforzo da extensión universitaria, a divulgación e o deporte.

O terceiro eixo ten como obxectivo a proxección institucional da USC na cidade e na provincia. Así, a localización da sede da Vicerreitoría no Pazo de Montenegro potenciará a súa visibilidade xunto coa tenda e o Museo Universitario Domus do Mitreo.

Preparan a Gala dos Milagrosistas, a Feira de San Isidro e o Día da Árbore

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa anunciou que a 36ª edición da Gala dos “Milagrosistas do Ano”, un dos actos sociais máis representativos do barrio, celebrarase o próximo 10 de abril.

A cita manterá a tradición de recoñecer a persoas e entidades destacadas pola súa contribución á vida social, cultural e comunitaria da Milagrosa e de Lugo.

A entidade informou da apertura do prazo para a presentación de propostas para esta edición. As candidaturas deberán incluír o currículo da persoa proposta e poderán enviarse ao correo electrónico fedveclucusa@gmail.com ou entregarse presencialmente no local da asociación.

O prazo permanecerá aberto durante o mes de febreiro, e o xurado reunirse en marzo para seleccionar ás persoas nominadas.

FEIRA DE SAN ISIDRO. Paralelamente, a asociación xa traballa na organización da XXIX Feira de San Isidro, que terá lugar os días 22, 23 e 24 de maio na Praza da Milagrosa. Este evento consolidado no calendario local combina artesanía, produtos agroalimentarios, comercio de proximidade e actividades para todos os públicos.

As persoas, artesáns, vendedores ou produtores interesados en participar na feira poden contactar coa asociación a través do

teléfono 982 80 16 92 mentres se remata de elaborar o programa desta nova edición.

DÍA DA ÁRBORE. Ademais, o vindeiro 14 de marzo celebrarase o Día da Árbore no Paseo do Rato a partir das 12.00 horas, nun acto organizado pola Federación Lucus Augusti e no que colaboran a Deputación e o Concello de Lugo. O pasado ano plantáronse 20 árbores autóctonas polas persoas e autoridades presentes no evento. O Día da Árbore é unha oportunidade para concienciar á poboación sobre a importancia da natureza e do medio ambiente, ao mesmo tempo que se fomenta o compromiso co coidado do entorno local.

LAS JORNADAS QUE ESTABAS ESPERANDO

JORNADAS DEL COCIDO

*Para llevar o tomar en nuestro restaurante
*Para grupos consultar

*Diferentes salones individuales para grupos
*Disponemos además de nuestra carta habitual

Del 17 de enero al 15 de marzo de 2026
Todos los viernes, sábados y domingos
(resto de días de la semana consultar)

676755278
 982304040

@HOTELTORREDENUNEZ

Aspnais fai 60 anos e continúa co obxectivo de “mellorar a calidade de vida dos usuarios”

José Reigosa, presidente da asociación de axuda a persoas con discapacidade intelectual (ASPNAIS) de Lugo desde o no 2013, pon en valor estes 60 anos de traballo na sociedade

Jessica Fernández
Aspnais, a Asociación de Pais ou Titores de Persoas con Discapacidade Intelectual de Lugo, é hoxe unha entidade consolidada e de referencia, pero a súa orixe remóntase a un tempo no que a discapacidade intelectual apenas tiña visibilidade social. A entidade constituíuse o 8 de xaneiro de 1966, impulsada por un grupo de pais que decidiron organizarse para dar resposta ás necesidades especiais dos seus fillos nun contexto marcado pola falta de información, de recursos e de apoio institucional. Cando Aspnais deu os seus primeiros pasos, a realidade das

vas. “As familias camiñabamos case a cegas, non había apenas recursos nin apoios especializados”, explica. Aspnais nace por pura necesidade, coa intención de abrir camiño e defender dereitos que daquela non estaban recoñecidos. O primeiro gran obxectivo foi a escolarización das persoas con discapacidade intelectual, que nos anos 70 quedaban fóra do sistema educativo. Co paso do tempo e a medida que as administracións asumiron esa responsabilidade, as metas foron evolucionando e ampliándose. Con todo, a filosofía de fondo mantívose intacta.

Ese compromiso tradúcese nunha misión clara: integrar social, educativa e laboralmente ás persoas con discapacidade intelectual. Aspnais define o seu traballo como unha contribución ética baseada en apoios e oportunidades, coa finalidade de que cada persoa poida desenvolver o seu propio proxecto de calidade de vida. Ao mesmo tempo, a asociación traballa por promover unha inclusión real, entendida como cidadanía plena nunha sociedade máis xusta e solidaria.

INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO PERSOAL. Na actualidade, Aspnais atende persoas con todo tipo de discapacidade intelectual. Son 183 os usuarios que desenvolven actividades nas instalacións do antigo Hospital San José, unha cesión que marcou un antes e un despois na historia da entidade. O traslado desde o antigo edificio da rampla de Claudio López resultou clave para mellorar as condicións de vida e de traballo. “Aquel edificio cumpría os requisitos mínimos, pero non permitía facer moitas das actividades que queríamos”, lembran. As novas instalacións, máis amplas e mellor adaptadas, supuxeron “unha mellora importante na calidade de vida tanto dos usuarios como dos traballadores”. Aspnais conta con tres tipos de centros diferenciados: centro ocupacional, centro de día e centro residencial. Os usuarios do centro ocupacional e do centro de día chegan ás instalacións ás 10 horas e regresan ás súas casas ás 18 horas, mentres que as persoas do centro residencial permanecen no hospital as 24 horas do día, os 395 días do ano. Por outro lado, a entidade dispón dun cadro humano formado por 85 traballadores, ademais dun equipo de voluntariado que resulta

esencial para desenvolver as actividades de lecer. A estrutura complétase cun equipo directivo con tres directoras de área e un equipo técnico integrado por psicólogos, pedagogos, fisioterapeutas, traballadores sociais, así como coidadores e monitores de talleres. Grazas a estes profesionais, desenvólvese unha actividade diaria intensa e diversa. Cando unha persoa ingresa en Aspnais, o equipo técnico realiza unha avaliación do seu perfil e das súas capacidades para asignala ao taller máis axeitado. “Para eles, vir aquí é como vir ao seu traballo”, explican. Os usuarios participan en talleres de lavandería, carpintería, serigrafía,

mixto. Aspnais conta con arredor de 450 socios, que achegan unha cota anual mínima de 30 euros. O 74 % do orzamento procede da Xunta de Galicia, arredor do 18 % é financiado polos propios usuarios, e o resto complétase con achegas da Deputación, do Concello e con actividades destinadas á recadación de fondos. Desde a entidade destacan especialmente o apoio da cidadanía. “A sociedade lucense involúcrase totalmente con calquera actividade que desenvolvemos, e quero agradecer publicamente ese apoio”, sinalan, ao tempo que recoñecen a colaboración institucional, aínda que sempre con marxe para mellorar. De cara ao futuro, Aspnais aposta pola continuidade. Tras 13 anos á fronte da entidade, a presidencia ten claro que a prioridade segue sendo a mesma: “Seguir mellorando a calidade de vida dos usuarios, dos traballadores e das súas familias”. Un dos grandes



familias era moi distinta á actual. A discapacidade intelectual vivíase “desde o silencio, o descoñecemento e, en moitas ocasións, desde o medo”, lembra o presidente da asociación, José Reigosa. Ser nai ou pai dunha persoa con discapacidade significaba avanzar sen referencias claras e loitar contra un sistema que non ofrecía practicamente alternati-

“O principal obxectivo foi e seguirá sendo o benestar dos usuarios e a plena inclusión”, sinalan desde a entidade. A iso súmase unha loita constante para evitar que ningunha persoa quede excluída por motivos económicos. “Seguimos loitando pola concertación de prazas coa administración para que ningunha persoa, por falta de recursos, teña que quedar na casa”, explican.



fregones, cerámica ou envasados, entre outros. A estas tarefas súmanse actividades de ocio, deporte, visitas culturais, campamentos de verán ou saídas á praia, pensadas para fomentar a autonomía e a integración social.

APOSTAR POLA CONTINUIDADE. O sostemento económico da asociación baséase nun modelo

proxectos xa materializados foi a reforma do Hospital San José, polo que, polo de agora, non hai novas iniciativas de gran envergadura sobre a mesa. A mirada está posta en consolidar o camiño percorrido durante seis décadas de traballo constante a favor da inclusión e da dignidade das persoas con discapacidade intelectual.

●

●

●

●

UNIVERSIDAD

Grado en:

ROBÓTICA

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

BIOQUÍMICA

Matemáticas

Física

Química general e inorgánica

Química - Física I

Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA

ENX. FORESTAL

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.

Matemáticas I y II

Física I y II

Métodos Estadísticos

ENXEÑARÍA CIVIL

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA

PAU (Antigua selectividad)

BAC - E.S.O.

ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física

Química - Lengua - Gallego

Inglés - Latín - Griego

Historia - Filosofía

Biología - Geología

Geografía

Historia del Arte

j.m.rivas

ACADEMIA

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS

ATENCIÓN PERSONALIZADA

GRUPOS REDUCIDOS

Preparación específica para subir nota en ABAU

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es

A UNED de Lugo acada o Nivel 3 do sistema de calidade da universidade

O Centro Asociado da UNED en Lugo certificou o Nivel 3 do Sistema de Garantía Interna de Calidade na Xestión dos Centros Asociados da UNED, coñecido como SGICG-CA, converténdose no primeiro centro asociado da universidade en acadar o máximo nivel deste sistema. Este recoñecemento supón un fito relevante tanto para a entidade lucense como para a UNED no seu conxunto, ao evidenciar o grao de madurez alcanzado na implantación dun modelo de xestión baseado na mellora continua, na sustentabilidade e na responsabilidade social.

PUNTOS FORTES. O informe de certificación identifica dous puntos fortes destacados. O primeiro deles está directamente relacionado coa sustentabilidade e coa Axenda 2030, ao constatar que UNED Lugo conta cun plan específico de xestión da responsabilidade social e de contribución aos ODS das Nacións Unidas, con actuacións orientadas tanto á xestión ambiental como á redución da pegada de carbono. O documento subliña tamén que o centro vai máis alá do seu propio ámbito ao liderar a iniciativa Centros que deixan pegada, coa que promove que outros centros asociados calculen, rexistren e reduzan a súa pegada de carbono, converténdose nun referente interno nesta materia.

O segundo punto forte sinalado no informe refírese á organización das probas presenciais, xa que o centro dispón dun documento informativo adicional que se remite ao estudantado antes do inicio dos exames co obxectivo de garantir o seu correcto desenvolvemento. A auditoría recolle tamén diver-



sas áreas de mellora, orientadas a reforzar a estandarización e a documentación dos mecanismos de acceso á información en materia de responsabilidade social e ODS, así como a concretar determinadas accións dentro da planificación da comunicación interna, co fin de dotar o sistema dunha maior trazabilidade e coherencia.

A directora de UNED Lugo, Ana Belén Traseira Pena, explicou que o proceso de certificación do Nivel 3 supuxo “un esforzo relevante, tanto en termos de dedicación como de sistematización do traballo previo”, debido á complexidade deste nivel. Traseira subliñou tamén a contribución de dous estudantes de grao que realizaron prácticas no centro vencelladas a Centros ODS, cuxo traballo “aportou un impulso clave ao proceso que xa se viña desenvolvendo”. Ao seu xuízo, a certificación do Nivel 3 representa “a consolidación dun traballo sostiúdo durante anos” e un paso lóxico nunha traxectoria na que UNED Lugo leva traballando intensamente en sustentabilidade e responsabilidade social universitaria desde 2018.

BENEFICIOS. En canto aos beneficios para os usuarios, Traseira destacou que o Nivel 3 permite achegar coherencia e sistematización ás actuacións que o centro xa viña desenvolvendo, optimizando esforzos, mellorando resultados e maximizando o impacto das iniciativas en marcha. Todo iso, segundo defendeu, contribúe a unha mellor experiencia universitaria e a un maior beneficio para a sociedade lucense.

Finalmente, a directora realizou unha valoración moi positiva do sistema de calidade da UNED, ao considerar que o SGICG-CA ofrece un marco estruturado e coherente, inspirado en modelos consolidados e aliñado cos retos actuais das universidades públicas. Na súa opinión, resulta lóxico que unha institución como a UNED inclúa entre as súas liñas estratéxicas o fortalecemento dun sistema interno de calidade, entendido como “un elemento propio dunha universidade moderna, orientada a prestar un bo servizo e a mellorar de forma continua en coherencia coa súa misión, visión e valores institucionais”.

Piden un financiamento xusto do Servizo de Axuda no Fogar en Lugo



O Goberno local insta á Xunta de Galicia a cumprir coa normativa vixente e financiar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) segundo o custo real, garantindo que a administración autonómica asuma a diferenza entre o prezo total e a achega das persoas usuarias. A iniciativa inclúe tamén a esixencia de que a Xunta proporcione de inmediato as horas precisas para eliminar a lista de espera no municipio, que actualmente afecta a 618 persoas dependentes.

A concelleira de Cohesión Social, Olga López Racamonde, destacou que “o acordo ao que se chegou no pleno municipal reconece por fin o infrafinanciamento, pero segue sendo insuficiente: a Xunta debe asumir o que marca a lei”. Explicou que, mesmo co incremento pactado a través da Fegamp —que eleva a achega autonómica dos 12 euros actuais ata 16 este ano, 17 en 2027 e 18 en 2028—, os concellos continúan cubrindo a diferenza ata superar os 21 euros por hora, que é o custo real en Lugo.

López Racamonde lembrou que o SAF de dependencia chega a finais de ano con 618 persoas en lista de agarda, é dicir, persoas ás que se lles recoñeceu un dereito pero non se

lles presta o servizo, o que constitúe “unha vulneración clara do sistema de atención á dependencia”. A concelleira advertiu ademais que o estancamento nos prazos de valoración agrava o problema: “Seguimos coñecendo casos de persoas que levan anos agardando pola valoración e cando chega, chega tarde. É unha situación insostible que require unha reacción inmediata”.

A responsable municipal tamén puxo de manifesto o impacto económico que esta parálise ten no Concello: “Para evitar que os nosos maiores queden desatendidos, vémonos obrigados a mobilizar recursos propios. O Goberno local inviste medio millón no SAF de libre concorrencia fronte aos 82.000 euros que aporta a Xunta, e destina cada ano arredor dun millón ao SAF de dependencia”. Ademais, recordou que entre 2024 e 2029 o Concello terá que asumir máis de 34 millóns de euros neste servizo esencial, “un esforzo insostible que afecta xa á capacidade económica dos municipios”.

“Cando a Xunta regula pero non financia, obriga aos concellos a asumir unha carga que non lles pertence, e iso non só é inxusto, senón incompatible cun sistema público eficaz”, engadiu López Racamonde.



El mejor regalo es cuidarse
Este año regala bienestar y calma

ORBALLO ESTÉTICA INTEGRAL E BIENESTAR

Reservas mediante Whatsapp
636 384 715

Ronda das Fontiñas 320, baixo • 636 384 715 • www.orballoestetica.com



erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

Achegan o calendario municipal de 2026 e cursos ás parroquias



A edil de Participación e Servizos para a Veciñanza do Concello de Lugo, Cristina López, desprazouse ata Labio para facer entrega ás veciñas e veciños do núcleo do calendario municipal de 2026, unha publicación editada pola área de Participación e elaborada con imaxes procedentes dos fondos do Arquivo Municipal. A edición deste ano leva por título A terra entre as mans e recolle fotografías e documentos históricos vinculados a distintas parroquias do municipio, cunha mirada posta na memoria colectiva e no patrimonio rural de Lugo.

Con esta visita, López dá comezo a unha rolda de encontros polas parroquias que forman parte do proxecto, unha iniciativa que, segundo destacou, “é un gran éxito cada ano e que nos leva a manter un firme compromiso coa visibilización do rural de Lugo e da súa historia”. A concelleira subliñou que esta proposta permite achegar ás veciñas e veciños materiais de gran valor documental e emocional.

A edil fixo especial fincapé no papel das xeracións anteriores e na relevancia do seu traballo, que segue tendo presenza na actualidade, en boa medida grazas á información que achegan as imaxes antigas sobre

a vida cotiá, as tradicións e a cultura doutras épocas. López salientou que estas fotografías axudan a comprender mellor a evolución social e cultural das parroquias lucenses.

As persoas interesadas en conseguir un exemplar do calendario poden retiralo nas oficinas da área de Participación do Concello de Lugo.

CURSO EN GALEGOS. Tamén, a concelleira Cristina López, visitou Galegos onde vén de rematar o curso de cerámica organizado pola área de Participación do Concello en colaboración coa Vicepresidencia da Deputación. As persoas asistentes tiveron a oportunidade de achegarse ás técnicas básicas da elaboración de pezas de cerámica, recibindo a formación teórica necesaria, e tratando temas como o recoñecemento dos materiais necesarios, a aprendizaxe de métodos para realizar as distintas pezas ou a elaboración de acabados.

“Estamos a comprobar como estes cursos non só transmiten coñecementos, senón que tamén fortalecen o tecido comunitario e animan a veciñanza a participar activamente”, destacou López, quen engadiu que “é unha forma de apoiar ás asociacións e continuar a achegar coñecementos á veciñanza”.

A III Ruta Cabalar San Miguel de Orbazai será o 18 de abril

A III Ruta Cabalar San Miguel de Orbazai celebrarase o vindeiro 18 de abril e está organizada polo Grupo Cabalar de Orbazai, integrado por Sergio, Álex, Carla e Ariadna, que un ano máis volven apostar por unha actividade pensada para poñer en valor o mundo do cabalo e o entorno natural da parroquia.

A iniciativa ten como obxectivo fomentar o contacto coa natureza e cos animais, ao tempo que promove a convivencia entre afeccionados ao mundo ecuestre. O

programa inclúe unha ruta a cabalo, diferentes premios para as persoas participantes e, ao remate da xornada, unha degustación de pinchos como espazo de encontro e descanso tras o percorrido.

A ruta contará cun trazado duns 20 quilómetros, deseñado para percorrer distintas zonas do rural do municipio de Lugo e ofrecer aos asistentes a oportunidade de coñecer paisaxes, camiños e espazos naturais característicos da contorna.

A XXIII edición da Feira do Entroido de Nadela celebrárase o 7 de febreiro

A asociación veciñal, cultural e deportiva de San Xoán de Pena organiza a Feira do Entroido de Nadela 2026, que se celebrará o día 7 de febreiro e promete encher o pobo de cor, tradición e bo ambiente. O evento está pensado para todas as idades e inclúe unha ampla variedade de propostas, desde produtos do porco, sobremesas de Entroido, produtos artesanais, ata postos de alimentación, filloeiras de Muimenta e distintos postos de artesanía.

A xornada comezará ás 09.30 horas coa apertura da feira e a súa exposición e venda de produtos, acompañada dunha animación musical con grupo tradicional. Ás 12.00 horas terá lugar a recepción de autoridades e a actuación da Rondalla Santa María do Porriño. Ás 13.15 horas será o pregón a cargo de Benedicta Sánchez, seguido dunha sesión vermú con disco móbil Patakiña. Pola tarde, ás 16.30 horas, celebrárase un baile con traxes de Entroido animado pola



mesma rondalla e disco móbil. A xornada rematará ás 18.30 horas co concurso de traxes de Entroido nas modalidades infantil, adultos e grupal, e cunha festa final con disco móbil Patakiña.

Entre as novidades deste ano, destácase a entrega de premios aos postos mellor decorados e aos expositores mellor caracterizados,

buscando fomentar a creatividade e o espírito festivo do Entroido. O domingo 8 de febreiro a programación continuará coa celebración dun gran cocido na carballeira. Ás 13.00 horas comezará a sesión vermú, e ás 14.30 horas serviránse os pratos do cocido. Pola tarde, a música e o baile estarán asegurados grazas á actuación de Patakiña.

A Xunta mellorou o local social de Tirimol cunha contía de 15.000 euros

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes destinou unha achega de 15.000 euros á asociación de veciños de San Xoán de Tirimol, no municipio de Lugo, para acometer distintas actuacións de mellora no seu local social e dotarse de novo equipamento.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, visitou as instalacións para coñecer de primeira man o resultado das obras executadas ao abeiro da orde anual de axudas dirixidas ás organizacións veciñais galegas.

A intervención permitiu renovar de maneira integral o espazo, coa colocación dun falso teito, a substitución do chan e a reparación e pintado dos paramentos interiores. Ademais, realizáronse traballos para mellorar a accesibilidade no aseo e ampliouse a cociña, ao tempo que se actuou nas instalacións de electricidade e fontanería para adaptalas ás necesidades actuais do local.

Xunto ás obras de reforma, a asociación adquiriu novo mobiliario, como

mesas e cadeiras, así como outro equipamento necesario para o desenvolvemento das actividades lúdicas e culturais que organiza ao longo de todo o ano, reforzando así a súa función como espazo de encontro para a veciñanza.

Javier Arias puxo en valor o papel que desempeñan as asociacións de veciños “fomentando a participación cidadá e a cohesión social nos barrios e parroquias da provincia, con incidencia nas zonas rurais”.

A veciñanza de Castelo demanda unha marquesiña de transporte público

A veciñanza de Castelo continúa reclamando á Xunta de Galicia a colocación dunha marquesiña de transporte público.

O tenente de alcalde de Lugo, Rubén Arroxo, mantivo unha reunión cos residentes da zona, na que lembrou que, durante o verán, o Concello trasladara esta petición á administración autonómica, advertindo da necesidade de que os usuarios puidesen agardar polo transporte público en condicións axeitadas e sen

verse afectados polo mal tempo.

Arroxo explicou que a marquesiña fora instalada pola Xunta de Galicia e que, por tanto, a súa colocación corresponde a esta administración, aínda que a parada fose utilizada para o transporte urbano. Segundo detallou, foi a Xunta quen retirou a infraestrutura, polo que considera necesario que cada administración asuma as súas responsabilidades.

O tenente de alcalde asegurou tamén que, de tratarse dunha infraes-

trutura municipal, a situación xa estaría solucionada desde o verán e a marquesiña xa estaría instalada, tal e como solicita a veciñanza. Neste sentido, lembrou que se trata dun ben propiedade da Xunta de Galicia e que a propia Lei 8/2013, de Estradas de Galicia, define como dominio público viario as estradas de titularidade da Comunidade Autónoma ou das entidades locais e os terreos ocupados polos elementos funcionais destas vías.

Nace unha nova asociación no rural: Lugo Sur Conturiz

Formada por 12 persoas relacionadas coa vida social e cultural de Lugo, ten o obxectivo de promover o coñecemento de diferentes ámbitos



Jessica Fernández

A cidade de Lugo conta cun novo axente dinamizador da vida social e cultural coa creación da asociación Lugo Sur Conturiz, unha entidade que nace coa vontade de ir máis alá do ámbito veciñal tradicional e de abrirse a toda a cidadanía. Á presentación acudiron representantes da sociedade de Lugo, como o alcalde, Miguel Fernández; o tenente de alcalde, Rubén Arroxo, así como concelleiros do PSOE, do BNG e do PP. Tamén estivo a subdelegada do Goberno, Olimpia López. A asociación está formada por doce persoas vinculadas á realidade social e cultural lucense entre as que destaca o presidente, Carlos Vázquez, acompañado na directiva por Rosa María Díaz como vicepresidenta, Marcos Folgueira como secretario e Miguel Cumbras como tesoureiro.

Lugo Sur Conturiz xorde cunha filosofía diferente á da histórica asociación de veciños de Conturiz. Tal e como explica o seu presidente, a nova entidade pretende ser máis aberta e transversal, mantendo a súa sede en Conturiz pero cunha vocación claramente urbana. “Non é só unha asociación veciñal, senón tamén cultural”, sinala Carlos Vázquez, que subliña que, aínda que as actividades se desenvolverán no local social da parroquia, o obxectivo é atraer xente de toda a cidade e doutras parroquias, contando sempre cos veciños de Conturiz como parte fundamental do proxecto.

A motivación para poñer en marcha Lugo Sur Conturiz está directamente ligada á idea de

levar coñecemento e debate a distintos puntos da cidade e das súas parroquias. A asociación nace impulsada por persoas relevantes da sociedade lucense coa intención de organizar conferencias e encontros de carácter sanitario, cultural, xurídico e deportivo, abordando tamén cuestións relacionadas coa seguridade cidadá, unha preocupación crecente entre a veciñanza. Neste sentido, a entidade quere tratar temas como a prevención de furtos ou as inquietudes relacionadas coa convivencia, sempre da man de profesionais e expertos.

Entre os principais obxectivos da asociación está a divulgación de coñecementos útiles para a cidadanía. Lugo Sur Conturiz pretende organizar charlas e conferencias con especialistas en distintos ámbitos, especialmente no sanitario, contando con profesionais da atención primaria e doutros ámbitos da medicina, así como expertos en seguridade cidadá, cultura e dereito. Carlos Vázquez destaca o orgullo que supón poder contar con persoas cualificadas que acheguen a súa experiencia á veciñanza e insiste en que a prioridade é “expandir este coñecemento” e facelo accesible ao maior número posible de persoas.

A directiva da asociación amósase ilusionada ante o inicio desta nova etapa e confía nunha boa acollida por parte da cidadanía. “Temos a ilusión e as ganas e traballaremos para que isto poida funcionar, tratando a todo o mundo por igual e sen deixar a ninguén atrás”, afirma o presidente, que tamén pon o

acento na importancia de contar coa colaboración das administracións públicas para poder desenvolver o seu labor.

A intención de Lugo Sur Conturiz é consolidarse como un proxecto estable no tempo, fomentar a participación doutras zonas da cidade e colaborar con outras asociacións, sempre dentro das súas posibilidades, co obxectivo común de fortalecer o tecido social e cultural de Lugo.

PRIMEIRA REUNIÓN NO CONCELLO. O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, mantivo unha primeira reunión con catro dos directivos da nova Asociación Cultural Lugo Sur, entre eles co seu presidente, Carlos Vázquez. Durante o encontro falou dos primeiros pasos desta asociación, que toma o relevo da asociación de veciños de Conturiz, nese importante labor de divulgación do coñecemento e como axente dinamizador da vida social e cultural, non só desta zona, senón do resto do municipio lucense.

Precisamente, o rexedor lucense brindou a colaboración do Concello para estas actividades divulgativas, que contan cun gran poder de convocatoria e que cada semana abordan temas de interese desde o punto de vista sanitario, xudicial ou deportivo.

Aínda que a súa sede mantense no lugar de Conturiz, o colectivo expresou ao alcalde a súa intención de expandir a súa actividade a outras parroquias e barrios, un aspecto que Miguel Fernández valorou e para o que ofreceu o apoio do Goberno Local.

Os veciños da Campiña trasladaron necesidades



Miguel Fernández reuniuse coa veciñanza da Campiña co obxectivo de coñecer de primeira man diversas cuestións que afectan a esta área periurbana e analizar posibles liñas de actuación. “Este tipo de encontros axúdannos a ter unha visión máis completa da realidade, mellorar a planificación e coordinar mellor o traballo das distintas áreas municipais en ámbitos nos que as competencias están compartidas”, destacou Fernández.

Durante a reunión abordáronse cuestións relacionadas coa xestión da auga e episodios de inundacións rexistrados na zona. Neste senso,

analizouse a posible incidencia de actuacións que se están a desenvolver no polígono próximo, promovidas por outras administracións, e a necesidade de estudar conxuntamente o comportamento das escorrentías e o seu impacto nas vivendas.

Ademais, tamén se trataron outras cuestións relacionadas coa mobilidade e a seguridade viaria, como o estado dos viarios, a ordenación do tránsito peonil ou a dotación de elementos de protección e servizo, todas elas no marco do seguimento ordinario que realizan os servizos municipais competentes.

Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

DEPUTACIÓN

O primeiro pleno de Carmela López tratou tres mocións sobre Mercosur

O Pleno da Deputación de Lugo estivo marcado polo debate arredor do acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur, nunha sesión na que se presentaron tres mocións distintas sobre esta cuestión e que saíron adiante as propostas do PSOE e do PP, mentres que a do BNG foi rexeitada. Foi ademais o primeiro pleno presidido por Carmela López, alcaldesa de Burela, nun contexto aínda condicionado polas recentes mobilizacións do sector agrario.

Cada grupo levou ao debate a súa propia iniciativa, con enfoques diferentes. PSOE e PP amosaron unha posición favorable ao acordo, aínda que condicionada ao reforzo dos controis e á garantía da seguridade alimentaria, mentres que o BNG defendeu o rexeitamento do tratado ao considerar que terá graves consecuencias para a produción agrogadeira galega. O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, acusou socialistas e populares de apoiar as protestas do sector mentres avalan o acordo nas institucións europeas. A moción nacionalista foi rexeitada cos votos en contra do PSOE.

A través da iniciativa socialista, o Pleno acordou instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a defender os intereses do sector gandeiro, esixindo unha aplicación responsable do acordo con Mercosur. A proposta foi aprobada coa abstención do PP e o voto en contra do BNG. A presidenta da Deputación, Carmela López, subliñou que o novo escenario para o sector primario debe afrontarse con rigor e responsabilidade



política. Pola súa banda, o deputado Xosé María Arias advertiu dos riscos dunha aplicación desequilibrada do tratado e defendeu a activación de cláusulas de salvagarda, o reforzo dos controis fronteirizos, a promoción da carne galega e unha PAC forte.

O Partido Popular tamén sacou adiante a súa moción en defensa do sector primario, pola abstención do PSOE e do deputado non adscrito, e o voto en contra do BNG. A proposta reclama máis fondos para a PAC, frear a aplicación provisional do acordo sen garantías e asegurar que os produtos importados cumpran os mesmos requisitos que os produtores locais. O portavoz popular, Antonio Ameijide, lamentou a falta de consenso e criticou tanto ao BNG como ao PSOE polas súas posicións en relación co tratado.

Fóra do debate sobre Mercosur, o Pleno aprobou unha iniciativa do goberno provincial para reclamar á

Xunta un incremento do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) ata cubrir o seu custo real. A proposta contou cos votos favorables do PSdeG e do BNG e co rexeitamento do PP. Carmela López destacou que os concellos están a asumir unha carga económica excesiva na prestación deste servizo básico.

Así mesmo, o BNG conseguiu o apoio unánime do Pleno para reclamar ao Goberno do Estado que negocie coa Comisión Europea a exclusión da frota artesanal do Regulamento de Control da Pesca. O deputado Daniel García pediu que se dea voz en Bruxelas á pesca artesanal galega e instou á Xunta a exercer as súas competencias en augas interiores.

Por último, o PP volveu levar ao Pleno a situación da residencia e centro de día de Becerreá, sen éxito. Os populares denunciaron que o proxecto continúa bloqueado e acusaron ao goberno provincial de manter unha estratexia dilatoria.

TOMA DE POSESIÓN



A alcaldesa de Burela, a socialista Carmela López, foi elixida nova presidenta da Deputación tras obter o apoio dos deputados do PSOE, do BNG e do integrante do grupo mixto, o expresidente José Tomé. A súa elección supón a continuidade do acordo de goberno progresista que viña funcionando na institución provincial nos últimos anos.

A votación desenvolveuse sen sorpresas e concluíu coa elección de Carmela López ao acadar os 13 votos necesarios para acceder á Presidencia. A proclamación foi recibida cun longo aplauso tanto no salón de plenos como no espazo anexo, onde numerosos cargos públicos, familiares e persoas achegadas seguiron a sesión.

Tras a proclamación, a nova presidenta xurou o cargo, recibiu o bastón de mando e asinou no libro de honra da Deputación, cumprindo co protocolo institucional. Con esta elección, PSOE e BNG revalidan o pacto de goberno que quedara interrompido a comezos de decembro, cando José Tomé presentou a súa dimisión como presidente tras

coñecerse unha denuncia por presunto acoso sexual.

No seu primeiro discurso como presidenta, Carmela López asegurou asumir a responsabilidade “desde a igualdade” e puxo en valor o camiño percorrido para avanzar na presenza das mulleres na política. Destacou a súa experiencia como alcaldesa, que definiu como “o cargo máis fermoso da política”, e comprometeuse a gobernar con diálogo, proximidade e firmeza, defendendo que o seu compromiso agora é co conxunto da provincia.

López salientou tamén o traballo realizado polo anterior goberno bipartito, ao que cualificou de estable e útil, e agradeceu a confianza depositada nela polo seu partido ao longo da súa traxectoria política. Á oposición tendeu a man para acadar acordos que beneficien á cidadanía, insistindo en que por riba das diferenzas debe prevalecer o interese xeral da provincia.

O pleno contou coa presenza de destacados dirixentes políticos, entre eles José Ramón Gómez Besteiro, e Elena Candia.

A Deputación reivindica en Fitur un turismo ligado ao territorio

A Deputación presentou na Feira Internacional de Turismo de Madrid (Fitur) a súa nova estratexia de promoción baixo o lema *Provincia de Lugo, Reserva Natural*, unha campaña que aposta por poñer en valor o patrimonio ambiental da provincia como base dun modelo turístico equilibrado, respectuoso co medio e vencellado á poboación local. A iniciativa foi presentada pola Presidenta da institución provincial, Carmela López, acompañada polo cineasta Óliver Laxe, no expositor de Galicia.

A campaña contou coa participación de dúas persoas estreitamente ligadas ao territorio e ao traballo de

conservación que nel se desenvolve. Por unha banda, o cineasta Óliver Laxe, de recoñecemento internacional e con raíces nos Ancares lucenses, representante da Asociación SER de Navia de Suarna; e, pola outra, Martiño Cabana, integrante da Asociación Galega de Custodia do Territorio, con sede na Casa das Insuas de Rábade. Ambos achegaron a súa visión sobre dous espazos cunha identidade marcada, que condiciona a forma de vida das comunidades que os habitan.

Durante a súa intervención, Carmela López puxo o acento en que máis do 80 % da superficie provincial conta

con algún tipo de figura de protección, un dato que, segundo sinalou, define o carácter da provincia como un espazo diverso, coidado e auténtico, cada vez máis demandado por quen busca experiencias turísticas ligadas á natureza. A Presidenta lembrou que a Deputación xestiona directamente dúas reservas da biosfera: Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

López defendeu estas reservas como territorios dinámicos nos que o desenvolvemento sostible se constrúe a partir do respecto polo medio e pola identidade local. Neste sentido,



destacou que Terras do Miño foi a primeira reserva da biosfera declarada en Galicia no ano 2022 e que é a única da Península Ibérica que inclúe unha capital de provincia, Lugo, un exemplo da integración entre cidade e contorna natural. En canto aos Ancares lucenses, subliñou que este ano celebran o seu 20 aniversario e continúan reforzando a súa proxeción como Destino Turístico Star-

light, cun ceo nocturno que conserva condicións excepcionais. Ademais, apuntou que o próximo 12 de agosto a provincia ofrecerá condicións privilexiadas para a observación dun eclipse solar pola súa situación xeográfica.

No acto presentouse un novo audiovisual promocional que percorre as dúas reservas da biosfera xestionadas pola Deputación.

AO NOSO CARÓN

Reforzarán o firme en estradas da provincia



A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas vén de recibir un total de 32 ofertas de empresas para executar as obras de renovación do firme en 19 estradas ao seu paso por 30 concellos, licitadas por un orzamento conxunto superior aos 10,6 millóns de euros.

En Lugo, recibíronse sete ofertas de empresas para as actuacións de reforzo do firme centradas nas estradas LU-021, LU-115 e LU-541, nos seus percorridos polos municipios de Lugo, Vilalba, Castro de Rei, Begonte e Outeiro de Rei.

Os traballos consistirán na rehabilitación superficial do firme destas estradas, con distintas actuacións, restaurando as características do pavimento, adecuando as súas necesidades funcionais e de durabilidade.

En concreto, en todas as intervencións obxecto destes contratos inclúese a rehabilitación superficial do firme destas estra-

das, con actuacións que incorporan a restauración ou mellora das características do pavimento, adecuando as súas necesidades funcionais e de durabilidade segundo a tipoloxía e necesidades de cada unha delas.

Así, as obras incluírán a reparación de zonas de firme danado mediante fresados localizados e reposición dunha capa de firme; selado de fisuras lineais con mestura bituminosa, renovación e homoxeneización da rodadura.

A maiores, segundo as necesidades das distintas vías autonómicas, defínense unha serie de actuacións complementarias necesarias para a correcta execución dos traballos, como é a reposición de marcas viarias (liñas continuas e descontinuas, cebras, símbolos e resaltes) nos tramos onde se renove a capa de rodaxe e nos tramos onde a xa existente perdeu as súas prestacións.

Os gandeiros volveron protestar cos seus tractores polo Mercosur

Os gandeiros e gandeiras da provincia de Lugo volveron ás rúas da capital nunha nova xornada de mobilizacións contra o acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur, tras unha semana de parón nas protestas ante a falta de avances. As concentracións foron convocadas de novo polas organizacións Agromuralla e Gandeiros Galegos da Suprema.

Centos de profesionais do sector concentráronse nas inmediacións da sede da Xunta en Lugo e iniciaron unha manifestación que percorreu o traxecto ata a Subdelegación do Goberno. Como xa ocorrera en xornadas anteriores, a mobilización estivo acompañada por máis dun cento de tractores, que circularon polas rúas da cidade e provocaron retencións de tráfico nas vías próximas ao percorrido. Os vehículos agrícolas permaneceron ao longo do día ocupando un dos carrís da Ronda da Muralla, coa previsión de retiralos pola noite.

O regreso das protestas prodúcese malia que o Parlamento Europeo aprobara recentemente, por unha axustada maioría, levar o acordo UE-Mercosur ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, ao existir dúbidas sobre a súa compatibilidade co dereito comunitario. A decisión fora recibida con satisfacción polos manifestantes, que daquela optaran por suspender temporalmente as mobilizacións. Porén, segundo explican os convocantes, a ausencia de avances reais e de respostas institucionais obrigounos



a retomar a presión na rúa.

Os representantes do sector denunciaban que seguen sen obter resposta ás reunións solicitadas co delegado do Goberno, a subdelegada e os eurodeputados, e aseguran que a indignación é xeralizada entre os produtores de todo o Estado. Critican, ademais, que o apoio político recibido sexa ambiguo e condicionado a intereses alleos ao campo, mentres se mantén o respaldo ao tratado comercial.

Estas protestas dan continuidade ás mobilizacións desenvolvidas entre o 12 e o 21 de xaneiro, cando preto de 180 tractores participaron durante dez días consecutivos en concentracións, marchas a pé e accións reivindicativas que provocaron importantes problemas de tráfico na cidade. Á manifestación sumáronse tamén representantes do BNG. As deputadas Montse Valcárcel e Nino Fernández acompañaron ao sector,

ao considerar que o acordo con Mercosur é “gravemente prexudicial para o sector primario galego e para a economía produtiva do país”. Fernández cualificou o tratado como un novo golpe ao campo galego, nun contexto marcado polo incremento dos custos, os recortes na PAC e a falta de protección ás pequenas e medianas explotacións. Tamén sinalou a responsabilidade compartida de PSOE e PP, acusándoos de apoiar o acordo nas institucións mentres se presentan como defensores do rural.

A mobilización coincidiu coa presentación dunha moción do BNG no pleno do Concello de Lugo en rexeitamento do tratado, que non saíu adiante tras o voto en contra do PSOE e a abstención do PP, unha decisión que os nacionalistas cualificaron de nova mostra de abandono dos intereses do sector agrogandeiro galego.

Whatsapps educativos

O PUPITRE



Julio Díaz

A Axencia Española de Protección de Datos confirma que “Os colexios non poderán usar o Whatsapp para comunicarse cos proxenitores, xa que implica riscos para a seguridade dos menores e dos propios pais”. Aínda que os grupos desta plataforma xa se converteron nun

costume, o seu uso por parte dos centros educativos queda fóra da legalidade, agás en casos moi excepcionais, nos que exista unha situación de urxencia.

A AEPD recorda que Whatsapp non é válido nos centros escolares, xa que non ofrece as garantías de protección de datos que esixe a lei no ámbito educativo. Temos que destacar que o problema non é a ferramenta en si mesma, senón o que implica o seu emprego no contexto escolar, onde temos menores idade por medio. Os riscos son evidentes, xa que cando engades a

alguén a un grupo, expós o seu número de teléfono a todos os membros, moitas veces sen autorización. O que se escribe non é realmente privado, xa que as mensaxes poden reenviarse, copiarse ao saír do grupo en forma de captura de pantalla e o risco aumenta cando se comparten imaxes de menores sen o consentimento dos seus familiares. Pero o que di a normativa é o que nos recomenda a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD). A normativa é clara: “Os centros educativos deben utilizar canles oficiais para comunicarse coas familias: cir-

culares electrónicas, plataformas propias, portais educativos e correos institucionais”. Non estando Whatsapp, non se pode encadrar dentro destas canles. Os matices legais son relevantes, xa que cando se inclúe un pai/nai nun grupo sen autorización, supón expoñer os seus datos persoais, o que pode considerarse unha infracción grave da Lei de Protección de Datos. Os centros tamén están en fase de adaptación e moitos recorren a esta app como remedio inmediato para chegar ás familias, sen reparar nos riscos legais. A resolución da AEPD deixa claro

que esta vía non é válida e obriga a apostar por sistemas de comunicación máis seguros. Debemos lembrar que temos organismos como o INCIBE, que permite aos usuarios que dispoñan dunha liña de axuda en ciberseguridade (017) para resolver e denunciar incidencias. Iso non significa que os grupos de pais deban desaparecer no ámbito escolar, poden ser útiles si se usan con responsabilidade. Para concluír, o debate sobre Whatsapp nos centros escolares revela un asunto de fondo, como é a educación dixital das familias.

PEDRAFITA: José Luis Raposo

“A veciñanza ve en min a un bo alcalde e unha boa persoa”



Con 40 anos de dedicación exclusiva ao Concello de Pedrafita, Jose Luis Raposo segue erguéndose cada día ás 07:00 horas para revisar que todo estea ben no parque de maquinaria municipal

Como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido?

Eu traballaba nunha empresa, pero sempre tiven vocación pública. Ademais, eu son dunha familia de esquerdas e nesa época estaba Felipe González, ao que admiraba, polo que me vinculei ao Partido Socialista. Primeiro, comecei de concelleiro e, tres anos despois, no ano 1986, cheguei a Alcaldía. Para min, traballar no Concello non é política, é o traballo do día a día.

Que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

Eu decidín ter unha dedicación plena e absoluta ao Concello. Durante

estes 40 anos levántome todos os días ás 7:00 horas da mañá para entrar nas naves, distribuír o persoal, mirar que as máquinas non teñan problemas... Por iso, podo dicir que o esforzo foi 365 días do ano, só collín unhas vacacións hai 10 anos porque me deu un infarto. Non din desconectado deste sistema, sempre xorde algo e sempre estás pendente.

E beneficios?

A min é algo que me encanta. Relacionarme coas persoas encántame. Os domingos, ás veces, vou ao parque de maquinaria a ver se podo arranxar algo, e o día que non estea neste mundo, non saberei onde meterme.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Nun concello como o de Pedrafita, non hai moita distinción entre a vida privada e a pública. Realmente, moita vida privada non tiven, agora máis, intento desfrutar dos netos.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Nunca tiven ambición política. Propuxéronme ser deputado pero dixen que non, non podo compatibilizar ser alcalde con ser deputado e abandonar aos veciños, a pesar de que sei que no ámbito económico a cousa cambiaría moito. Sempre quixen responder a quen me apoia e o obxectivo era ter a corporación ao 100 %, e conseguino. Estou satisfeito co traballo feito, a pesar dos erros; o traballo fíxose ben e a cidadanía valóralo.

E se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?

Hai etapas na vida, e tarde ou cedo hai que pasar por elas. Eu teño unha idade e teño que pensar na etapa da xubilación. Tras 40 anos na Alcaldía, non sei se me presentarei de novo; pero cando tome unha decisión, direillo primeiro ao meu equipo da corporación. Eu non quero abandonar o lugar sen deixar as cousas organizadas, porque non sería xusto. Porén, de deixalo, eu quero seguir vinculado ao concello



e, se fai falta, botar unha man á persoa que estea.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

Eu traballei toda a vida vinculado á maquinaria de obras públicas, entón o parque de maquinaria é algo do que me sinto moi orgulloso, xa que chegamos ao que os veciños esixen a través da administración: lixo, alumeadado, mellora das estradas, desbroces... Pero da obra que máis satisfeito me atopo é a residencia da terceira idade, que conta con 30 usuarios e que é como un hoteliño no rural. Tamén estou orgulloso do Plan de Urbanismo que fixemos, que ten que ver coa residencia de maiores, que foi un dos primeiros da provincia de Lugo.

De renovar na Alcaldía, cales son os principais proxectos?

Antes de rematar esta lexislatura, espero deixar feito un proxecto de vivenda social porque temos un problema de vivenda. Hai xente en lista de espera para entrar na residencia de maiores que, se houbera vivendas con ascensor en Pedrafita, non terían nin por que ir á residencia. Por iso, serán 12 vivendas con ascensor e accesibles para que as persoas poidan seguir tendo a súa independencia ata que non poidan valer e entón si que teñan que ir á residencia. Quero deixar este tema resolto antes da próxima lexislatura para que, se eu xa non estou, poida seguir con isto alguén pero coa base feita. Outro proxecto é a fixación de poboación, xa que estamos perdendo poboación, a pesar das melloras sanitarias no núcleo urbano e das melloras no ámbito educativo, que estamos traballando co colexio. Con respecto aos traballos de mantemento non se rematan nunca, sempre hai cousas que facer. Teño

moitas cousas en mente, pero unha persoa cando chega a unha idade hai ciclos que obrigan a deixar pasar a outros.

Cales son as necesidades do concello?

A conexión non é un problema, somos uns privilexiados porque temos a autovía, estamos ben conectados con Lugo e outros municipios. As vías que temos están ben, os pobos están ben comunicados e facemos un mantemento para que sigan ben. O tema de rede eléctrica tamén o temos ben e a fibra eléctrica seguimos instalando. O tema de turismo seguimos promovendo que a xente se estableza aquí con novos negocios.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Creo que me ven como son, como sempre. Ven proximidade, ven unha boa persoa. Eu creo que a xente ten unha boa opinión de min, non só de Pedrafita, tamén da provincia de León. Eu sempre botei unha man a todos os que o necesitaron. Os meus veciños sempre ven o positivo e estou orgulloso de que me vexan como un bo alcalde e unha boa persoa; iso é o que me levo de todo este tempo de traballo.

Como é a súa relación coa oposición?

Eu sempre intentei dialogar e levar as cousas ao mellor extremo e aportar sempre. Houbo situacións tensas, pero intentamos levalo. Agora non hai oposición, pero seguen facéndose as cousas como se houbera oposición, porque a maior oposición a teño na casa, que sempre me din o que hai que falta por facer e me critican o que non fago ou fago mal, e iso é positivo. Sempre intentamos prestar os mellores servizos.

DATOS
HABITANTES: 982.
PARROQUIAS: 12.
EXTENSIÓN: 104,9 km².
PARTIDO XUDICIAL: Becerreá.
CORPORACIÓN: 7 concelleiros do PSOE.
ALCALDE: José Luis Raposo, do Partido Socialista.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
68 anos, casado e 2 fillos
- **Profesión e formación**
FP Mecánico de Maquinaria de Obras Públicas
- **E se non o fose, que lle gustaría ser?**
Estou encantado coa profesión que teño e encantado con ser alcalde
- **Que quería ser de maior?**
Sempre quixen ser mecánico, pero tamén pensei en ser camioneiro
- **Que fai para desconectar?**
Paseo e ir co todoterreo ata o Courel a camiños de terra
- **Unha virtude e un defecto**
Non dou desconectado, durmo pouco, son comprometido, moi traballador e pendente das cousas
- **Un consello para compartir**
Non dou moitos consellos, gústame escoitalos
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
Por falta de tempo, leo de noite, pero tampouco moito. Tampouco vexo moitas películas. Escoito música clásica
- **Unha afección**

- O mundo do motor, encántame reparar motores
- **Un lugar que visitar**
Florenzia
- **Unha comida e unha bebida**
Os arroces, a empanada ou polo caseiro, e unha bebida un viño tinto, nada de copas
- **Unha personaxe admirada**
Admiro o traballo de moitas persoas, Francisco Sineiro, González Laxe, José Borrel, Solana...
- **Unha posesión prezada**
Os coches
- **Un desexo**
Gustaríame aprender a tocar o saxofón
- **Algo para esquecer**
As guerras
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
Que teña principios e valores
- **Un desafío pendente**
Conseguir descansar e irme desconectando de cousas
- **Onde se ve en cinco anos?**
Véxome de viaxe ou de paseo polo pobo, e se me teño que ver na alcaldía, que espero que non, pero se estou, coa mesma ilusión ca hoxe

A Xunta financiará o equipamento do centro de autismo de Friol

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Pais e Nais de Persoas con Autismo de Galicia (Aspanaes) para financiar o equipamento do novo centro integral que esta entidade abrirá este mesmo ano no concello lucense de Friol. O Executivo autonómico destinará 600.000 euros de fondos europeos procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (NextGenerationEU) en dotar estas instalacións dos equipamentos, do mobiliario e de todo o material necesario para a súa posta en marcha.

Este é o segundo acordo que o Goberno galego asina con Aspanaes para facer realidade este proxecto. O primeiro, que data do ano 2024, supuxo un investimento por parte da Xunta de catro millóns de euros para sufragar a construción deste novo centro, con capacidade para 48 prazas residenciais e que tamén funcionará como centro de día especializado na atención a persoas con trastor-



no do espectro autista. Este investimento tamén se sufragou con fondos do Mecanismo europeo de recuperación, transformación e resiliencia.

Esta nova infraestrutura, que se sitúa nunha parcela municipal cedida polo Concello na rúa do Carballal, esta chamada a converterse nun recurso pioneiro e de vangarda que situará Galicia como unha comunidade de referencia nesta materia. Terá unha superficie útil

de arredor de 3.200 metros cadrados distribuídos en catro plantas. Na planta baixa situaranse, ademais do acceso principal, os talleres de intervención terapéutica e de psicomotricidade, salas de reunións e a área de administración e dirección. Nas plantas superiores irán os módulos de unidades de convivencia e na planta soto estarán os servizos xerais, como lavandaría, cociña, garaxe, vestiarios e salas de instalacións.

Medra a poboación do municipio con respecto ao ano pasado

O Concello de Friol consolida a súa tendencia positiva de crecemento demográfico, segundo os datos do Padrón Municipal correspondentes á revisión ao 1 de xaneiro de 2026.

A poboación do municipio sitúase en 3.945 habitantes, o que supón un incremento de 14 persoas respecto ao 1 de xaneiro de 2025, cando se contabilizaban 3.931 veciños e veciñas. Do total actual, 2.064 son homes e 1.881 mulleres, reflectindo un crecemento equilibrado entre ambos os sexos. Durante o ano 2025 rexistráronse 201 altas padronais, fronte a 187 baixas, o que lanza un saldo positivo que confirma “a capacidade de atracción e estabilidade residencial do municipio.

Entre as causas destas variacións destacan 19 nacementos, así como 131 altas procedentes doutros municipios e 48 cambios de residencia desde o estranxeiro, datos que reforzan o dinamismo poboacional de Friol”, din desde o Concello.



En canto ás baixas, contabilizáronse 68 defuncións, 108 traslados a outros municipios e 7 saídas ao estranxeiro, cifras que, pese ao contexto demográfico xeneral do medio rural, non impiden que o balance global sexa positivo.

Así mesmo, rexistráronse 24 cambios de domicilio dentro do propio municipio, “o que indica mobilidade interna e arraigamento da poboación no territorio” engaden.

Desde o Concello de Friol valórase moi positivamente esta evolución, o alcalde, José A. Santos, pon de manifesto o esforzo municipal por manter servizos públicos de calidade, fomentar o asentamento de poboación e mellorar a calidade de vida da veciñanza. “O crecemento poboacional reforza o compromiso do goberno local de seguir impulsando políticas que favorezan o desenvolvemento social e económico do municipio”, di.

Os Servizos Sociais atenderon a máis de mil persoas en 2025

O Concello de Friol fixo balance da actividade desenvolvida polo Departamento de Servizos Sociais durante o ano 2025, “no que se constata unha intensa e ampla atención á veciñanza”, explica o seu alcalde, José Ángel Santos, que asegurou que ao longo do pasado ano, máis de mil persoas recibiron información, orientación e asesoramento.

Durante este período tramitáronse preto de 350 solicitudes para o acceso a distintos recursos e prestacións sociais. Entre elas, destacan 72 solicitudes de valoración de dependencia, 12 de discapacidade, 32 correspondentes a diferentes programas de ocio para persoas maiores e 5 solicitudes da Tarxeta Benvinda, ademais doutras axudas e recursos. Así mesmo, 21 familias beneficiáronse das axudas municipais de fomento da natalidade tras o nacemento dun fillo ou filla durante o pasado ano.

No que respecta ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF), no ano 2025 foron atendidas un total de 119 familias, das cales 103 correspondían a persoas con algún grao de dependencia recoñecido. Dous terzos das persoas usuarias superaban os 80 anos de idade e 23 vivían soas no seu domicilio.

Este servizo estivo presente en 27 das 32 parroquias do concello. O SAF préstase a través dunha em-

presa externa, que contou con máis de trinta auxiliares de axuda no fogar, todas elas mulleres, ademais dunha traballadora social coordinadora. O número total de horas de atención nos domicilios ascendeu a 31.644.

O Concello dispón tamén dun Punto de Atención á Infancia (PAI) para nenos e nenas de ata tres anos, no que durante o pasado curso escolar se cubriron na súa totalidade as vinte prazas ofertadas.

Dentro do Programa Corresponsables, desenvóléronse o Campamento de Nadal, o Campamento de Verán e o Servizo de Madruga-dores durante o curso escolar, beneficiándose destas iniciativas un total de 165 familias.

Ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, realizáronse tres actuacións en forma de espectáculos teatrais no colexio público da localidade, co obxectivo de sensibilizar e prever a violencia machista desde idades temperás.

Así mesmo, continúa en funcionamento o Servizo de Atención Temperá (SAT), financiado pola Consellería de Política Social e situado no centro sociocultural de Friol, que conta cun equipo multidisciplinar dirixido a nenos e nenas de ata seis anos que presenten algunha dificultade no seu desenvolvemento ou risco de padecela.

A ANPA do CPI Doutor López Suárez organiza unha festa de Entroido para o día 15

A ANPA do CPI Doutor López Suárez de Friol prepara unha ampla celebración do Entroido que terá lugar o vindeiro 15 de febreiro no pavillón municipal, nunha xornada pensada para o lecer das familias e, especialmente, da cativada. A festa desenvolverase entre as 17.00 e as 20.00 horas e contará cun programa variado no que non faltarán a música, a animación e as actividades participativas.

Durante a tarde haberá desfile e concurso de disfraces, ademais de propostas lúdicas como globflexia e pintacaras, que permitirán aos máis pequenos gozar dunha xornada chea de cor e creatividade. A organización ta-

mén prevé unha merenda para as persoas asistentes e anuncia algunha sorpresa máis co obxectivo de facer do Entroido unha celebración especial e diferente. Como antesala da festa no pavillón, está previsto un desfile previo desde a praza Andón Cebreiro a partir das 16.30 horas, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan. Este percorrido servirá para animar as rúas da vila e quentar motores antes do inicio das actividades centrais.

A organización anima á veciñanza a sumarse a esta cita festiva, que busca fomentar a convivencia, a participación comunitaria e manter viva a tradición do Entroido en Friol.

Acordan manter a nidificación da única parella de Mazarico Real

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, asinou hoxe un convenio de colaboración coa presidenta da Comunidade do Monte Veciñal en Man Común Granda Abilleira e Salgueiros, Pilar Mouriz, para blindar un ano máis a zona de nidificación e cría da única parella de mazarico real existente na península ibérica para favorecer a súa protección. A responsable autonómica puxo en valor que este é o cuarto ano que se asina o acordo entre as partes -por importe de 5.000 euros anuais- co fin de dispoñer dunha superficie de 9,3 hectáreas neste monte veciñal en Castro de Rei e propiciar que se desenvolvan nela labores de mantemento para garantir a conservación dunha axeitada calidade estrutural do hábitat de nidificación do mazarico real. Esta é unha das zonas nas que adoita frecuentar a especie, xunto a unha finca próxima do aeródromo de Rozas, tamén en Castro de Rei, propiedade do Goberno central. O convenio, que ten vixencia ata decembro deste ano, pretende cubrir os gastos das rozas previstas para manter a landa e a matogueira da zona, a retirada de restos e residuos que poidan alterar o bo estado de conservación do hábitat de mazarico real dentro da parce-

la ou a sinalización de prohibición do tránsito de vehículos dentro da zona acoutada e durante o período de nidificación. A conselleira salientou a importancia de velar pola protección desta especie e de facer un seguimento da súa poboación, polo que a este convenio se suman outras colaboracións como a que se vén mantendo nos últimos anos -desde 2020- coa Universidade de Santiago de Compostela para avaliar a poboación nidificante, cun investimento acumulado de 84.000 euros, ou as accións de control de depredadores desenvolvidas no aeródromo de Rozas, cun investimento de 72.000 euros desde 2020. Ángeles Vázquez, que estivo acompañada pola directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, explicou que á marxe das actuacións para facilitar a nidificación e reprodución da especie, a Xunta está a avaliar tamén a posibilidade de importar ovos de mazarico real doutros países co fin de promover a reprodución ex situ para favorecer o seu asentamento e cría na comunidade. Porén, a posta en marcha desta medida dependerá das conclusións dos informes xurídicos e técnicos solicitados polo Executivo galego para analizar a viabilidade do seu desenvolvemento.

O Club Cicloturista Coyote Pedal abre inscricións para a nova tempada de 2026

O Club Cicloturista Coyote Pedal anunciou a apertura de inscricións para a tempada 2026, co obxectivo de incorporar novos integrantes a un proxecto que combina a práctica do ciclismo cun marcado carácter social e de compañeirismo. A entidade preséntase como un espazo aberto a ciclistas que buscan rodar en grupo sen presións competitivas, priorizando o goce, a convivencia e o bo ambiente. Desde o club destacan que as súas saídas grupais están pensadas para que ninguén quede atrás, fomentando un ritmo adaptado e unha experiencia compartida. Ademais, Coyote Pedal ofrece a posibilidade de xestionar a federación das persoas socias, facilitando a tramitación de licenzas para garantir unha práctica deportiva segura e

regulada. De cara á nova tempada, o club traballa tamén na renovación da súa imaxe, co deseño dunha nova equipación para 2026, que formará parte deste proceso de crecemento e consolidación. Neste contexto, Coyote Pedal abre a porta á colaboración con empresas e persoas autónomas interesadas en patrocinar ao equipo, ofrecendo visibilidade de marca nas rutas e eventos nos que participe o club. As persoas interesadas en unirse ao Club Cicloturista Coyote Pedal, federarse ou colaborar como patrocinadoras poden solicitar máis información a través das canles habituais do club, dando así o primeiro paso para formar parte dunha nova tempada sobre a bicicleta.

Licitan a rehabilitación da antiga escola unitaria de Azúmara

O Concello de Castro de Rei vén de iniciar os trámites para a licitación das obras de rehabilitación da antiga escola unitaria de Azúmara, un inmovble histórico que se pretende recuperar para darlle un novo uso social ao servizo da veciñanza da parroquia. O proxecto conta cun orzamento total de 86.992,48 euros, dos cales 69.595,98 euros serán achegados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), mentres que o resto correrá a cargo das arcas municipais. As empresas interesadas en executar esta actuación, incluída dentro do denominado Proxecto Sendeiro, poderán presentar as súas ofertas ata o vindeiro 11 de febreiro. Segundo informa o Concello, esta é a segunda vez que se saca a licitación esta obra, xa que na primeira convocatoria só se presentou unha empresa que non cumpría coas condicións establecidas no prego. Os traballos previstos centrarán nunha primeira fase na retirada da vexetación do contorno do edificio, na limpeza dos muros de cachotería, na substitución dos



elementos deteriorados, como linteis, e na recuperación dos elementos orixinais do inmovble, adquirido polo Concello arredor do ano 1930. Tamén se contempla a colocación dun novo pavimento interior e a reconstrución da cuberta, respectando a estrutura orixinal, cunha cuberta de madeira e lousa do país a dúas augas. Nunha fase posterior, actuarase no interior do edificio coa redistribución dos espazos e a execución dos acabados necesarios para adaptalo ao seu novo uso. O obxectivo fi-

nal é que a antiga escola se converta nun espazo de utilidade social, dando resposta a unha demanda histórica dos veciños e veciñas de Azúmara, que carecen dun local axeitado para a celebración de reunións, asembleas ou encontros veciñais e gastronómicos. Desde o Concello confían en poder iniciar en breve os traballos de rehabilitación e subliñan a importancia desta actuación para a recuperación do patrimonio local e a dinamización social da parroquia.

O Antroido de Val de Francos presenta o seu programa de 2026

O Antroido do Val de Francos volverá encher de música, tradición e ambiente festivo a Terra Chá o vindeiro martes 17 de febreiro cunha xornada que se desenvolverá no Campo do Carril, no concello de Castro de Rei, nun acto que reúne ás parroquias de Ansemar, Balmon-te e Goberno. Trátase dunha das celebracións de Entroido máis antigas e arraigadas da comarca, que cada ano reúne a veciñanza e visitantes arredor dunha programación pensada para todos os públicos. Ao longo da tarde e da noite sucederanse as actuacións musicais e os actos tradicionais. O programa inclúe as actuacións de Os Valuros con Os Cantos da Valura, así como do Grupo D'Canó, ás 16.30 e 17.00 horas, respectivamente. Este último porá o broche musical xunto coa Orquestra Panamá Band a partir das 19.30 horas. Non faltarán tampouco algúns dos momentos máis simbólicos da festa, como o sermón do antroido e a tradicional queima, ademais do sorteo de agasallos entre as persoas asistentes. Un dos atractivos destacados da



edición de 2026 será, por segundo ano consecutivo, a degustación gratuita de produtos de razas autóctonas galegas, con presenza de Galiña de Mos, Porco Celta e Raza Vacún Limiá, así como un posto de venda de filloas elaboradas polas filloeiras de Muimenta. Durante toda a xornada haberá tamén actividades gratuítas para pequenos e maiores, con propostas de lecer pensadas para gozar en familia. A organización prevé cubrir o cam-

po cunha gran carpa para garantir o desenvolvemento da festa con independencia das condicións meteorolóxicas. Desde a organización do Antroido do Val de Francos queren agradecer de maneira especial a colaboración da veciñanza, das empresas colaboradoras e das institucións que fan posible esta celebración, como a Vicepresidencia da Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia e o Concello de Castro de Rei.

“Apostamos, arriscamos e traballamos moitísimo”

O Concello de Baralla desenvolveu proxectos municipais grazas ao Programa DUS 5000, que lles concedeu 2,5 millóns de euros de fondos europeos

Miguel González Piñeiro entrou na Alcaldía de Baralla en xullo de 2019 despois do falecemento do seu pai, Manuel González Capón tras levar este 32 anos á fronte do goberno municipal, un tempo que lle serviu para levar a cabo moitos proxectos. Con esa mesma ilusión, o actual alcalde do Partido Popular continúa o seu legado, apostando por modernizar e mellorar un municipio que conta con 2.396 habitantes, segundo datos do Instituto Nacional de Estadística (INE) no ano 2025.

Con ese ímpeto, no ano 2021, menos de dous anos despois de converterse en alcalde, decide emerxer nun proxecto ambicioso como é o Programa DUS 5000, de axudas para investimentos en proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico e de menos de 5.000 habitantes, que se enmarca no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e financiado pola Unión Europea – Next-GenerationEU. Así, nese ano 2021 comezan a redactar o proxecto “e no ano 2023 concedéronnoloo”, subliña o rexedor. Nese ano, ademais, fíxose con 10 escanos dos 11 en xogo nas eleccións locais, un feito que mostra o recoñecemento da veciñanza ao seu traballo.

Así, con dous millóns de euros de subvención, executaron os proxectos adheridos ao Programa DUS 5000 a finais de 2025, un fito na historia do concello, xa que Baralla é o único municipio da provincia de Lugo que conseguiu formar parte do proxecto. González sostén que “foi unha oportunidade única, xa que nunca conceden subvencións ao 100 %. Apostamos, arriscamos e traballa-

mos moitísimo para conseguila, polo que estamos moi orgullosos”, resalta. Ademais, destaca que é máis difícil, se cabe, para un concello pequeno con poucos recursos, xa que se tivo que manexar a subvención de dous millóns e medio de euros e tamén os orzamentos, que son da mesma contía. E destaca que: “Eu teño claro o obxectivo para Baralla, o que quero facer para o meu municipio e o futuro que lle vexo, e isto permitiunos dar un paso xigante neste futuro que quero para Baralla”, sostivo.

zación para o municipio, comezando por urbanizar unha zona espectacular, ao tempo que a conectaron “con espazos cun patrimonio espectacular e que queremos poñer en valor”, explica o alcalde, que engade que “o primeiro paso para poñer en valor o patrimonio é, antes de nada, garantir que a xente poida chegar a el. Entón, o primeiro paso permitiunos facilitar que a xente poida chegar a ese patrimonio desde o centro urbano, desde o núcleo da vila, cara a todo ese conxunto patrimonial e a todo o potencial que temos. O esencial era facer doado o acceso. A seguinte



queno comercio, apoiando o sector servizos. Tamén se recorreu a firmas locais para tarefas complementarias como a xestión de residuos, o alugueiro de estadas e maquinaria, o transporte ou a limpeza. Todo isto

queno”. Concretamente, a redución estimada do consumo enerxético sitúase arredor dos 85.000 kWh anuais, o que, tomando como referencia un prezo medio da enerxía de 0,12 euros por kWh, supón un aforro duns 10.200 euros ao ano. Ao longo da vida útil da mellora, estimada en 20 anos sen necesidade de grandes intervencións adicionais, o retorno económico acumulado superará os



A CONEXIÓN. Así, esa inxección de financiamento serviu para desenvolver grandes proxectos de moderni-

fase será potenciar e poñer en valor ese patrimonio”, detalla.

CENTRO SOCIOCULTURAL. Por outro lado, levouse a cabo a mellora da eficiencia enerxética do centro sociocultural de Baralla, que provocou beneficios económicos, sociais, demográficos e ambientais que reforzan o valor estratéxico deste investimento público nun concello rural como este.

Desde o punto de vista económico, o proxecto tivo un impacto directo sobre o tecido produtivo local, especialmente sobre pequenas empresas e persoas autónomas, xa que unha gran parte do orzamento destinouse á adquisición de materiais, subministracións e consumibles en empresas da contorna, o que contribuíu a incrementar a facturación de establecementos locais do municipio e da comarca. Ademais, a presenza de persoal desprazado xerou consumo en aloxamentos, hostalaría e pe-

contribuíu a dinamizar a actividade comercial de Baralla.

Por outro lado, desde a Alcaldía de Baralla defenden que a inversión en infraestruturas modernas e eficientes ao rehabilitar o edificio xerar “capital fixo de longo percorrido”, ao dotar o municipio dun equipamento con menor demanda enerxética, maior resistencia climática e mellores prestacións, o que se traduce nunha mellora dos servizos públicos e da calidade de vida da veciñanza. Tamén a mellora das condicións de accesibilidade, mobilidade e uso dos equipamentos públicos facilita tanto o retorno de persoas que marcharon como a chegada de novos residentes, “fortalecendo o arraigamento social”, subliñan.

Tamén poñen o foco no aforro enerxético estimado para o concello, xa que a intervención permite reducir os custos enerxéticos do centro sociocultural en máis de 10.000 euros anuais, “unha cifra especialmente significativa para un municipio pe-

“Eu teño claro o obxectivo para Baralla, o que quero facer para o meu municipio e o futuro que lle vexo, e isto permitiunos dar un paso xigante”

200.000 euros, mesmo sen ter en conta posibles incrementos futuros do custo da enerxía. E isto propicia, á súa vez, que se poidan destinar os fondos que antes se dedicaban a ese gasto a reforzar os servizos sociais, impulsar actividades culturais, mellorar o mantemento urbano ou acometer novos investimentos en infraestruturas prioritarias. Finalmente, a rehabilitación tamén supón unha redución notable das emisións de gases de efecto invernadoiro e unha diminución directa do consumo de combustibles fósiles. Estímase que a redución anual de emisións acada aproximadamente as 16,6 toneladas de CO₂. Aplicando un custo social do carbono de 60 euros por tonelada, referencia habitual nas políticas públicas europeas, o beneficio ambiental anual sitúase arredor dos 996 euros, superando os 19.900 euros acumulados ao longo de 20 anos.

Por todo isto, o alcalde de Baralla, Miguel González séntese “orgulloso e contento” de conseguir a subvención e poder levar a cabo as actuacións que se fixeron, que redundan “nunhas mellores conexións, instalacións e nun mellor concello en xeral para a nosa veciñanza”, concluíu.



“Para ser parte do mundo, deberíamos ser protagonistas de historias”

Falamos con Pepe Coira, de Rábade, unha das figuras máis representativas do cine e da televisión da provincia de Lugo e de Galicia, cunha gran traxectoria como profesional do guión

Jessica Fernández

Pepe Coira Nieto, nado en Rábade en 1963, leva toda unha vida vencellado ao mundo audiovisual, aínda que el mesmo recoñece que a súa chegada a ese universo non foi froito dun plan trazado nin dunha decisión plenamente consciente, senón dunha atracción case instintiva polo cinema desde a infancia. “Xurdiu dunha maneira moi natural e nada consciente. Lembro que desde moi pequeno pensaba que o cine era o máis bonito que había, e que había que intentar dedicarse a iso”, explica. Aquel interese temperán levouno a estudar Xeografía e Historia a comezos dos anos oitenta en Santiago, nun contexto no que non existían estudos de cine próximos e no que a súa paixón pola Historia se orientaba especialmente cara á Historia da Arte e á Historia do Cine.

Ese amor polo cinema converteuse axiña en práctica cando, como espectador asiduo, decidiu contactar co xornal da cidade para ofrecerse como crítico cinematográfico, unha experiencia que lle permitiu manter un contacto constante coa análise audiovisual. Tras rematar a carreira continuou nese xornal e, ao cabo dun ano, deu o salto a traballar en diversos programas para a Televisión de Galicia, coa intención de introducirse profesionalmente nun ámbito que daquela estaba aínda en construción.

“Lembro que desde moi pequeno pensaba que o cine era o máis bonito que había, e que había que intentar dedicarse a iso”

Coira admite que naquela etapa eran “uns absolutos ignorantes” e que non eran plenamente conscientes do que estaban facendo. Entre os seus primeiros traballos lembra unha videoinstalación para unha galería de arte e a súa participación en programas de televisión como ‘ExtraMuros’, baseado en reportaxes que lle permitiron entrevistar persoas moi

diversas. Especial relevancia tivo tamén ‘Lucas da Cidade’, un programa de cine construído a partir de material de arquivo, que contribuíu a consolidar a idea de que podería dedicarse profesionalmente a ese mundo. A finais dos anos 80 produciuse un xiro significativo na súa traxectoria coa súa entrada na Xunta de

“APRENDER FACENDO”. Con todo, o seu pensamento sobre a escrita vai máis alá das condicións do mercado. “Debo confesar que non creo en que a escritura sexa unha destreza que se poida aprender”, afirma, aínda que recoñece a existencia dunha técnica limitada. Para el, aprender a escribir “é un proce-

de nós’, unha película arredor da figura de Castelao. A iniciativa xurdiu a partir dunha proposta da produtora, que lle ofreceu escribir unha película sobre o intelectual galeguista. A idea resultoulle especialmente atractiva, xa que Castelao é para el unha figura emblemática, aínda que admitía que non era o mellor momento para



Galicia para ocuparse da política audiovisual. Durante moitos anos, ese labor institucional afastouno do traballo directo como guionista ou produtor, pero serviulle para impulsar proxectos alleos e apoiar a outros creadores. “Supuxo que eu non traballara como guionista ou produtor durante moitos anos, senón que axudaba a que outros o foran, pero foi unha experiencia moi chula”, resume.

A relación de Pepe Coira coa escrita de guiños é, en todo caso, singular e chea de matices. El mesmo asegura que nunca se sentiu guionista, pero que traballa como guionista, un matiz que apunta. Ademais, comezou a facelo relativamente tarde, despois dunha longa etapa como produtor. Ao reflexionar sobre a profesión, subliña o contraste entre o pasado e o presente, marcado hoxe por unha maior oferta formativa e máis oportunidades de traballo, pero tamén por unha competencia moito máis dura.

so que se constrúe facendo, non memorizando teorías, e hai un compoñente moito máis máxico e imprevisible que fai que unha historia funcione e conecte co público”, sostén. Coira insiste en que o verdadeiramente memorable dunha novela, dun cómic ou dun guiño é a capacidade de transmitir emoción, algo profundamente humano e imposible de codificar por completo. Para ilustralo, recorre a unha reflexión do guionista Stephen Moffat, a quen admira, e lembra que este dicía que nunca se sabe se o que se escribe vai funcionar ou non. “Eu mando un guiño e teño a completa incerteza de se vai gustar ou non”, recoñece, e engade que Moffat comparaba o un guiño cun agasallo feito a alguén coñecido, “xa que nunca sabes con seguridade se lle vai gustar”. Así, un dos proxectos máis destacados da súa carreira recente foi a escrita do guiño de ‘Antes

aceptar o encargo. A decisión final estivo influída pola lembranza dunha película que admira profundamente, ‘El joven Lincoln’, de John Ford. “Sempre vin un certo paralelismo entre Castelao e Lincoln; esa figura política, tamén cultural e artística, coa que se identifica unha comunidade, é un icono”, explica. A partir desa referencia, propuxo centrarse nun episodio concreto da biografía de Castelao, afastándose da pretensión de abarcar toda a súa vida nunha soa película. A través desta película, Coira mostra outro dos seus obxectivos vitais: a defensa da cultura galega a través do audiovisual. O profesional afirma que “as culturas e os pobos contan cun imaxinario colectivo propio” e subliña que, na actualidade, “ese imaxinario dificilmente pode existir fóra das pantallas”. Para el, é fundamental que a historia, a cultura, o presente, a paisaxe, o territorio e os costumes de Galicia formen parte

da ficción audiovisual. “Para estar no mundo e ser parte do mundo, deberíamos ser protagonistas de historias, non só espectadores”, afirma. E lembra que, cando el naceu nos anos 60, a presenza de Galicia na pantalla estaba reducida a representacións “folclóricas”

“As culturas e os pobos contan cun imaxinario colectivo propio e, na actualidade, ese imaxinario dificilmente pode existir fóra das pantallas”

ou pintoresquistas”, e resultaba case impensable crear historias desde aquí, con identidade propia. Ese camiño, asegura, foi unha conquista que cómpre preservar.

PROXECTOS PASADOS E FUTUROS. Ao facer balance da súa traxectoria, Pepe Coira destaca varios proxectos dos que se sente especialmente orgulloso. Entre eles sitúa a serie ‘As leis de Celavella’, na que o equipo traballou intensamente para combinar o xénero detectivesco coa vontade de contar episodios da historia do país sen caer no didactismo. Tamén menciona con especial cariño ‘Luci’, unha serie de ficción pequena e realizada de maneira moi independente desde Galicia. No ámbito televisivo, salienta ‘Cos pés na terra’, un programa da TVG sobre persoas que apostan por desenvolver a súa vida no rural e que acumula xa 17 tempadas. No documental, lembra con orgullo traballos como ‘Eloxio da distancia’, realizado con Felipe Vega e Julio Llamazares, ou ‘A Seara’, un documental que el mesmo dirixiu sobre unha aldea rural.

De cara ao futuro, Coira atópase inmerso nun novo proxecto audiovisual, ‘Ardora’, unha ficción ambientada na Coruña, de estilo policial, que pretende abordar cuestións actuais da sociedade desde o punto de vista dunha avogada. A súa vontade é seguir creando, aínda que é consciente da dificultade de sacar adiante proxectos nun sector no que os custos son elevados e nada está garantido. Por iso, recoñece que “é necesario manexar varias ideas ao mesmo tempo”. Entre os seus desexos pendentes, hai un que mantén unha forte carga emocional: “Apetéceme moito participar nalgún proxecto que teña Lugo ou a Terra Chá como escenario”, conclúe.

rábade

Celebrarase a festa de disfraces de Entroido en dúas sesións

O Concello de Rábade vén de facer públicas as bases do seu tradicional concurso e desfile de disfraces, que se vai celebrar en dúas sesións, o luns 16 haberá unha festa para nenos e o martes 17 de febreiro será o concurso a partir das 17:00 horas na Prazuela. Establece dúas categorías, comparsas (adultos e infantís) e parellas ou individuais (adultos e infantís). A participación queda aberta a todas as asociacións, colexios, persoas e colectivos que o desexen. A inscrición dos participantes farase o mesmo día dende ás 16:00 horas ata as 16:45 horas, achegando o nome do disface ou comparsa, nome, apelidos e DNI.

Considérase comparsa aquelas nas que participen un mínimo de tres persoas maiores, todas elas, de 17 anos en adiante ou aquelas comparsas que non reúnan os requisitos para entrar na categoría de infantís. Os premios en todas as categorías de



adultos, agás comparsas, serán de 100 euros para o gañador e o segundo recibirá 80. As comparsas serán premiadas con 350, 250 e 100 euros. Na infantil, en comparsas repartiranse 150, 100 e 60 euros, mentres que no resto serán 80, 60 e 40.

A entrega de premios terá lugar o mesmo día da celebración do concurso unha vez rematado o fallo do

xurado, que tamén poderá conceder dous accésit de 50 euros. O concurso de disfraces estará amenizado por Francis DJ e ao remate haberá degustación de sobremesas típicas do Entroido.

O día 16 haberá unha festa Infantil a partir das 17:00 horas no Centro Sociocultural de Rábade con música, xogos, merendas para todos.

O Festival Entrepontes pecha o seu cartel para a edición do 30 de maio

O Festival Entrepontes vén de anunciar oficialmente a súa edición de 2026, que terá lugar o 30 de maio na localidade de Rábade. A organización confirmou que este ano o evento contará co cartel completo desde o primeiro momento, apostando por unha programación potente e sen concesións, coa intención de converter a xornada nunha experiencia musical intensa e inesquecible. O escenario de Entrepontes aco-

llerá as actuacións de bandas e artistas recoñecidos da escena alternativa e independente. Entre os nomes confirmados atópanse Rábade, Parquesvr, Monolious Dop, Ulex, Pladür e Amor Líquido, “unha combinación que promete diversidade sonora e unha forte identidade artística”, din desde a organización. A proposta musical apunta a un festival marcado pola enerxía, a experimentación e o compromiso coa

música en directo.

Desde a organización destacan que o 30 de maio Rábade se converterá no epicentro musical da contorna, asegurando que a cita será “un auténtico terremoto” para o público asistente. O Festival Entrepontes consolídase así como unha referencia cultural, convidando a veciñanza e visitantes a comezar desde xa a vivir unha edición 2026 que aspira a deixar pegada.

O PSOE acusa ao Goberno local de “falta de planificación e de propostas”

O Grupo Municipal Socialista de Rábade, a través do seu voceiro Alejandro Martínez, reclamou explicacións ao goberno local no Pleno cde xaneiro “ante a falta de planificación na xestión municipal e a ausencia de propostas por parte do Partido Popular”. O atraso da sesión, “finalmente convocada cun único punto na orde do día”, e cuestións como os orzamentos municipais, a organización das sesións plenarias, a seguridade viaria, o custo das festas de agosto

ou a falta de investimentos da Xunta centraron a intervención do PSdeG, que preguntou polos reiterados atrasos das sesións ordinarias. A alcaldesa xustificou o atraso do Pleno de xaneiro asegurando que pretendían incorporar máis asuntos á orde do día, unha explicación que, segundo o PSdeG, queda en evidencia ao convocarse finalmente a sesión cun único punto. Os socialistas preguntaron tamén cando ten previsto o goberno local presentar os orzamentos mu-

nicipais, que deberían terse levado ao Pleno de novembro. Neste sentido, criticaron que “cun goberno en maioría absoluta non hai ningunha escusa para non ter os orzamentos presentados e aprobados en prazo”. O PSdeG, tamén, puxo o foco na necesidade de mellorar a sinalización vertical e horizontal, a limitación real da velocidade, a iluminación e a seguridade dos pasos de peóns, lembrando a preocupación existente entre a veciñanza.

outeiro de rei

Outeiro de Rei convoca o concurso de Entroido con 2.180 euros en premios



Con motivo da Festa de Entroido 2026, o Concello de Outeiro de Rei organiza o XXVII Concurso de Disfraces, que terá lugar o día 15 de febreiro (domingo de Entroido) a partir das 17:00 horas na praza da Vila, baixo carpa cuberta e estará amenizada polo Grupo Eclipse.

Están a disposición de todas as persoas interesadas as bases do concurso así como as follas de inscrición e información do mesmo; o prazo para anotarse permanecerá aberto do 26 de xaneiro ao 12 de febreiro na Casa da Cultura, en horario de 10:00 h a 14:30 horas, ou ben o mesmo día do concurso, en horario de 16.30 h a 17:30 horas.

Os 2.180 euros de premios repártese en catro categorías. As comparsas recibirán 500, 300 e 200 euros e as parellas 200 e 120. En individual hai dous premios para os adultos e outros dous para infantil, da mesma contía, 150 e 100 euros.

Ademais, haberá un premio especial para comparsas de Outeiro de Rei de 150 euros (sempre e cando non leven ningún dos tres premios previstos para a categoría de comparsas); para poder acceder a este premio, o 80 % dos compoñentes debe ser do municipio. E tres premios especiais a maiores por un importe de 100, 60 e 50 euros cada un, para calquera das categorías.

Presentan o concurso de poesía ‘Rosalía sempre viva’

A Casa-Museo Manuel María convoca unha nova edición do Concurso de recitado de poesía sobre poemas de Rosalía e Manuel María. O certame terá a fase final o 7 de marzo na Casa-Museo. O certame está dirixido a todo o alumnado galego de ensino non universitario, desde Primaria a Bacharelato, e está centrado no recitado de versos da obra en galego de Rosalía ou da ampla produción poética de Manuel María. O obxectivo é potenciar a expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e o recitado da poesía de dúas das voces máis importantes e populares da nosa literatura. Así, os traballos gañadores da pasada edición pódense ver no portal web da Casa-Museo. O concurso establece tres categorías, a primeira para os tres primeiros cursos de Primaria, a segunda para os alumnos de 4º a 6º. A terceira categoría engloba aos alumnos de Secundaria, Bacharelato e ciclos formativos.

O concurso constará de dúas fases, na primeira no propio centro escolar e a segunda entre centros. Na primeira escolleranse tres traballos por categoría e na segunda, os seleccionados participarán no recitado dunha única poesía escollida libremente entre a obra en galego de Rosalía ou de Manuel María. Valorarase a autenticidade e naturalidade do recitado, a memorización e o seu nivel de dificultade. Os centros seleccionados para a fase final deberán estar escollidos antes do 20 de febreiro. Na segunda fase concederanse un premio para cada unha das categorías 1 e 2 e dous premios para a categoría 3. Os premios serán unha tableta para as persoas gañadoras e un lote de libros para os centros que representan. O xurado poderá conceder Mencións Honoríficas a aquelas persoas participantes que consideran oportuno, recibindo neste caso os/as galardoados/as un pequeno lote de libros.

POL: Lino Rodríguez Ónega

“A política non supón ningún sacrificio se a familia te apoia”



Chegou á política no ano 2003 un pouco por casualidade e goberna cunha ampla maioría socialista nun concello no que se enfrontou a dúas mulleres, unha no PP e outra no BNG

Explíquenos un pouco como se iniciou na política.
No ano 2003 contactaron comigo para formar unha candidatura, xa que dende 1999 non se presentara ningunha. Falaron comigo e con José Luis Tellado para tentar buscar persoas dispostas a integrarse na lista, pero non foi doado atopar candidatos. Naquel momento, Lago Lage era o secretario de organización do partido e foi quen me dixo claramente: “Tes que presentarte ti”. Finalmente, en compañía de José Luis Tellado, decidimos dar o paso. Falei con varios gandeiros e acabamos presentándonos ás eleccións de 2003. Daquela o concello contaba con arredor de

2.000 habitantes e 11 concelleiros. Obtivemos dous, mentres que o PP logrou oito e o BNG tres. Conseguimos uns 400 votos e permanecemos na oposición ata 2007.

Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?

Nesas eleccións, coincidindo co bipartito na Xunta de Galicia, superamos ao BNG e acadamos tres concelleiros fronte aos cinco do PP. En total había nove concelleiros e logramos desbancar ao PP do goberno. Aínda que non se chegou a un acordo formal, recibín o apoio necesario para ser alcalde. Os demais grupos decidiron non entrar no Goberno, polo que asumín a Alcaldía en minoría, sacando adiante os proxectos pouco a pouco. Nas seguintes eleccións volví presentarme e xa acadamos a maioría absoluta, que se mantivo ata o día de hoxe. Sempre fun simpaticante do PSOE e levo arredor de vinte anos á fronte do Concello.

A nivel persoal, que sacrificios supón ser alcalde?

Nunca considerei a política un sacrificio, especialmente cando a familia te apoia. Deixei o traballo como gandeiro para dedicarme á política, e a miña muller entendeu perfectamente a decisión. É certo que se sacrifica tempo de vida persoal, pero ela aceptouno con naturalidade. Levamos 48 anos casados, e iso só é posible cando hai comprensión e equilibrio; ela sempre foi unha muller de paz.

E beneficios?

Podo dicir con tranquilidade que nunca obtiven un beneficio económico persoal da política. Houbo etapas nas que tiveron un salario, sempre modesto, e actualmente cobro a miña pensión, percibindo unicamente dietas por representación.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Dedico practicamente as 24 horas do día ao Concello, pero cando ves que as cousas saen adiante, as satisfaccións compensan. Un exemplo foi a mellora da estrada de Meira a Baralla, cun quilómetro de beirarrúas, ou



o primeiro gran enfrontamento co BNG, que acabou coa creación dun paseo extraordinario.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Nunca tiveron como obxectivo ser parlamentario. Sempre quixen facer cousas polo meu concello. Seguro que cometín erros, pero sempre traballei coa intención de mellorar a calidade de vida da veciñanza, algo que sigo facendo con ilusión.

Cales son as principais liñas do seu programa?

Moita xente pensa que a área deportiva se fixo só para practicar deporte, pero a miña visión ía máis alá. Pretendía crear expectativas, complementar a actividade deportiva e incluso atraer unha empresa privada que xestionase servizos como aloxamentos. Falamos de fixar poboación: crear 60 camas para deportistas, organizar campamentos de verán e atraer xente doutras zonas. Temos todo para conseguilo e seguiremos loitando para que este proxecto medre, porque é clave para o futuro do concello. Outro dos grandes retos foi levar a auga a todas as parroquias. Actualmente só queda unha sen abastecemento; con máis de 130 quilómetros de tubaxe, dos que arredor do 90 % foron executados polo propio Concello. Aínda quedan necesidades importantes por cubrir. No ano 2024 logramos aumentar a poboación en catro habitantes. O importante non é tanto crecer como evitar seguir baixando. Iso é froito de varios factores, sobre todo dos servizos que se prestan, que son de calidade e supoñen un esforzo económico importante para o Concello.

De que proxectos se sente máis orgulloso?
Apostamos claramente polos servizos públicos. Construímos o tanatorio municipal con prezos económi-

cos e o Servizo de Axuda no Fogar está ao máximo, pero a achega da Xunta é insuficiente e o Concello ten que aportar uns 86.000 euros anuais. A residencia é un orgullo para o municipio, cun custo de 108.000 euros ao ano ata 2029 e outros 70.000 euros polos servizos complementarios. Contamos con camas articuladas, cadeiras e grúas, porque o financiamento autonómico non chega para cubrir todas as necesidades. Tamén fomos pioneiros en Galicia coa posta en marcha dun supermercado municipal, que causou unha gran expectación e responde a unha necesidade real. Temos máis de 8.000 metros cadrados para planificar vivenda e novos servizos, e a Deputación sempre estivo ao lado do Concello.

E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?

De cara a 2026, unha das prioridades será investir uns 200.000 euros na mellora das pistas e camiños. Non será suficiente para deixalos ao cento por cento, pero permitirán arranxar as fochancas máis urxentes. Tamén é prioritaria a ampliación da rede de auga nunha parroquia, aínda pendente da autorización de Augas de Galicia.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

O máis importante para min é traballar, facer cousas e estar preto da xente. No día a día, a veciñanza chama e tratamos de resolver os problemas. Para iso estamos no Concello.

Como é a súa relación coa oposición?

Á oposición só lle reprocho as mentiras e as medias verdades que se utilizan para facer ruído e confundir á cidadanía. Hai cousas criticables, como o estado dalgúns camiños, pero moitas veces dependen dos recursos dispoñibles.

DATOS

HABITANTES: 1.542.

PARROQUIAS: 19.

EXTENSIÓN: 125,9 km cadrados.

PARTIDO XUDICIAL: Lugo.

CORPORACIÓN: 6 concelleiros do PSOE, 2 do PP e 1 do BNG.

ALCALDE: Lino Rodríguez Ónega.

VOCEIRaA PP: Nicole Grueira.

VOCEIRA BNG: Blanca Fernández Martínez.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
Teño 73 anos, estou casado, teño 3 fillos e 5 netos
- **Profesión e formación**
Gandeiro e agricultor e desde 2003, político
- **E se non fose gandeiro, que lle gustaría ser?**
Sempre se me deu ben o tema da venda. Pero daquela acabei a escola e había que traballar
- **Que quería ser de maior**
Veterinario
- **Que fai para desconectar?**
É imposible desconectar. Pero cando podo poño a televisión e miro os deportes ou saír cos amigos
- **Unha virtude e un defecto**
Traballo para os demais pero cando non saen ben as cousas, enfádome
- **Un consello para compartir**
Ser humildes
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
De todo un pouco pero, se teño que escoller, quédome cos locais, Leña Verde
- **Unha afección**
O fútbol, en especial ver xogar aos biberóns, e a caza
- **Un lugar que visitar**

Pois en Pol, algunhas corredoiras e capelas e ver a fonte onde nace a auga que bebemos os polenses, nítida como ningunha

- **Unha comida e unha bebida**
Uns bos callos ou cocido e carne á brasa. Para comer un bo viño, senón auga
- **Unha personaxe admirada**
A miña muller, Cruz Carballeira, da que hai moitas virtudes que destacar, é atenta, afable, una muller de lectura
- **Unha posesión prezada**
A área deportiva, que a coiden, que é un ben que está aí e que pode quedar para varias xeracións
- **Un desexo**
Ter saúde
- **Algo para esquecer**
Algúns problemas que vivín na política, cousas internas do partido
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A sinceridade
- **Un desafío pendente**
Conseguir uns obxectivos en Pol, especialmente mellorar a parte no económica
- **Onde se ve en cinco anos?**
Gobernando a Pol, se hai saúde

pol

O PP defende os investimentos da Xunta de Galicia no Concello

Os concelleiros do Grupo Municipal do PP de Pol poñen en valor os investimentos realizados pola Xunta de Galicia no municipio, “para dar solucións reais aos problemas dos veciños”, fronte a un PSOE e un BNG que dende a Deputación de Lugo “unicamente se preocupan de pagar os caprichos do alcalde”.

A voceira popular, Nicole Grueira, quere destacar as axudas realizadas dende o goberno galego “ante os constantes ataques realizados por parte de socialistas e nacionalistas negándose a ver os investimentos realizados pola Xunta”. Nicole Grueira destaca que durante o ano 2025 a Xunta de Galicia investiu no Concello de Pol 1.580.214,34 euros, “demostrando un compromiso real co benestar dos veciños, fronte á



inacción do goberno municipal e mentres a Deputación do PSOE e do BNG só deu prioridade aos caprichos de Lino Rodríguez”. Afirmar que o investimento evidencia dous modelos de xestión moi distintos:

“Mentres o PP, dende a Xunta de Galicia, traballa para intentar resolver problemas reais dos veciños de Pol, dende o Concello de Pol e a Deputación están centrados en financiar os caprichos do alcalde”.

A IV Batida Feminina do Tecor Amigos da Natureza en Pol foi todo un éxito

O Tecor Amigos da Natureza celebrou en Pol a cuarta edición da súa Batida Feminina, unha cita que se saldou cun balance moi positivo tanto a nivel organizativo como de participación. A xornada comezou ás oito da mañá no Bar Abuide de Mosteiro, punto de encontro habitual nos últimos anos, onde as participantes compartiron o almuerzo e organizaron as saídas aos rastros, sempre acom-

pañadas por guías.

Nas dúas saídas programadas pola tarde, e tras realizarse as catro soltas previstas, cos cans recollidos arredor das seis da tarde, deuse por rematada a xornada cun ambiente de satisfacción, marcado por intensas emocións.

As participantes realizaron a fotografía de grupo xunto á estatua en homenaxe ao cazador e a xornada concluíu cunha comida no caseto

do Concello, na praza de Mosteiro.

O evento, que continúa a medrar en participación ano tras ano, busca visibilizar o papel da muller no ámbito da caza e reforzar a presenza feminina nun sector tradicionalmente masculinizado. Na presentación da actividade, destacou o compromiso das participantes e o apoio constante das entidades colaboradoras.

o corgo

O BNG critica a Lei de Patrimonio da Xunta



O BNG do Corgo rexistrou unha moción no Concello coa que pretende poñer o foco na situación de desamparo na que, ao seu xuízo, queda o patrimonio histórico, arquitectónico e etnográfico do municipio coa actual Lei de Patrimonio Cultural de Galicia. A formación nacionalista advirte de que se trata dun territorio cun legado amplo e moi disperso, o que require dunha protección especializada que a normativa vixente non garante. A portavoz municipal do BNG, Pilar Bellón, sostén que a lei supón “un grave retroceso” para concellos como O Corgo, ao descargar responsabilidades directas sobre as administracións locais sen que a Xunta de Galicia achegue financiamento nin medios técnicos axeitados. Segundo explicou, a modificación legal preséntase como unha vía para axilizar os trámites administrativos e reducir a dependencia da administración autonómica, pero na práctica obriga aos concellos a asumir funcións para as que non están preparados.

Bellón sinala que a nova regulación implicaría a necesidade de contratar arqueólogos ou persoal técnico especializado, algo que resulta inviable para moitos concellos polo seu custo económico. A concelleira advertiu de que outras administracións locais veríanse forzadas a destinar parte do seu orzamento a cubrir gastos de persoal para competencias que non lles corresponden, unha situación “inasumible”. A portavoz advertiu de que, sen un marco común nin garantías técnicas, cada administración local acabará adoptando decisións diferentes, sen homoxeneidade nin control especializado.

A normativa permite que os concellos autoricen intervencións en bens protexidos, agás nos declarados Bens de Interese Cultural, o que, segundo o BNG, abre a porta a actuacións sen a supervisión técnica necesaria. Bellón engadiu que tamén existe o risco contrario, que por medo ou falta de capacidade técnica non se actúe en absoluto, provocando o abandono de elementos patrimoniais.

portomarín

O PSdeG denuncia a tramitación irregular da Conta Xeral do Concello

O Grupo Municipal Socialista de Portomarín denunciou no pleno extraordinario a tramitación “absolutamente irregular” da Conta Xeral do Concello do exercicio 2024, un procedemento que, segundo advertiu o voceiro socialista Sergio Vázquez, “volve incumplir un ano máis os prazos legais establecidos”. Dende o PSdeG explican que a Conta Xeral debía levarse a pleno antes do 1 de outubro de 2025 e remitirse ao Consello de Contas antes do día 15 dese mesmo mes. Porén, o goberno municipal retrasou este trámite ata febreiro. “Non estamos

ante un feito puntual, senón ante unha forma de gobernar baseada no atraso permanente e no incumprimento dos procedementos legais”, indicou Vázquez.

O PSdeG alerta de que este desleixo ten consecuencias directas para Portomarín, xa que mentres a Conta Xeral non estea aprobada, o Concello queda fóra das convocatorias de subvencións da Xunta de Galicia, moitas delas concentradas nos meses de decembro e febreiro. “Portomarín non pode optar a estas axudas pola desidia do alcalde, ao que non lle importan as oportunidades

que perde o Concello por non cumprir cos prazos”, denuncian dende o Grupo Municipal.

Segundo explican, durante a Comisión de decembro o goberno local xustificou o atraso apelando a unha suposta “situación transitoria dos recursos humanos e técnicos”, un argumento que os socialistas cualifican de “escusa de chiste e burla á veciñanza”, sobre todo tendo en conta que esta mesma situación se repite desde 2021, coa chegada de Pablo Rivas á Alcaldía. Dende ese ano, a Conta Xeral lévase sistematicamente ao exercicio seguinte.



Os socialistas critican que esta falta de planificación se estenda aos orzamentos municipais. “Portomarín non conta con orzamentos desde 2021, malia tratarse dun goberno con maioría absoluta que non debía ter ningún problema para

aprobalos”. O PSdeG lembra que os presupostos foron a escusa para atrasar o último pleno do ano pasado, co compromiso de presentalos na primeira semana de xaneiro. “Chegou febreiro e seguimos sen orzamentos.

guntín

O municipio contará cun punto limpo móbil

A Xunta de Galicia destinou 66.100 euros ao Concello de Guntín para a compra dun punto limpo móbil co que se reforzará a xestión dos residuos municipais e se facilitará a recollida separada en distintas zonas do termo municipal. A actuación enmárcase na liña de colaboración entre a Administración autonómica e as entidades locais para mellorar as infraestruturas vinculadas ao tratamento dos refugallo. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o alcalde de Guntín, Ángel Pérez, explicaron que este apoio económico se canalizou a través da orde de axudas dirixida aos concellos para a mellora dos puntos limpos fixos ou para a adquisición de unidades móbiles, pensadas para achegar este servizo á cidadanía dos barrios e parroquias e facer máis accesible a separación dos residuos. Arias avanzou que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático publicará proximamente unha nova convocatoria destas axudas, que contará en 2026 cun orzamento de 1,6 millóns de euros. Segundo sinalou, a finalidade destas iniciativas é dotar á poboación das infraestruturas necesarias para separar correctamente os refugallo, un paso clave para posibilitar o seu posterior reciclaxe ou reutilización. Os puntos limpos, tanto fixos como móbiles, están especialmente indicados para a recollida de residuos voluminosos ou perigosos que requiren un tratamento específico. Entre eles inclúense aparellos eléctricos e electrónicos, pilas e baterías, xoguete, mobles, restos de poda ou escombros procedentes de pequenas obras domésticas, entre outros materiais. O delegado territorial subliñou finalmente que a Xunta continúa a apoiar aos concellos no exercicio das súas competencias en materia de xestión de residuos, impulsando dotacións que permiten ofrecer á veciñanza un servizo máis eficiente e respectuoso co medio ambiente.

A Casa Cuartel de Guntín será reformada cunha axuda da Xunta



A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes concedeu unha axuda de 117.200 euros ao Concello de Guntín para levar a cabo a reforma da Casa Cuartel, unha actuación orientada a mellorar a eficiencia enerxética, a comodidade e as condicións de habitabilidade do inmoble. O proxecto executado centrouse na renovación da envolvente térmica do edificio e na modernización do sistema de calefacción, co obxectivo de optimizar o rendemento enerxético e incrementar o benestar das persoas usuarias. Os traballos realizados incluíron a modificación da estrutura da cuberta, á que se incorporaron novos sistemas de illamento e impermeabilización, así como un revestimento exterior de lousa. No interior, executouse un trasdosado con illamento de lá de roca e procedeu-se á substitución das carpinterías exteriores por outras de aluminio con rotura de ponte térmico, dobre vidro e cámara de aire. Ademais, o proxecto contemplou a instalación dun sistema de climatización baseado nunha bomba de calor de xeotermia, unha solución máis eficiente e sostible.

Celebran o Entroido o día 15 con 3.600 euros en premios

O Concello de Castroverde celebrará o Entroido 2026 o domingo 15 de febreiro, cunha programación centrada no tradicional desfile de disfraces e cunha ampla oferta de animación para todos os públicos. O evento contará con 3.600 euros en premios, repartidos entre as distintas categorías do concurso. As actividades comezarán ás 17.00 horas co pasarrúas, que percorrerá o centro da localidade e rematará na Praza do Concello, onde continuará a celebración. Posteriormente, a festa trasladarase ao Pavillón Municipal “A Ferrería”, espazo no que se desenvolverán o concurso de disfraces e as actuacións. A xornada estará amenizada pola animación de Zuncurrundullo, que poñerá música e



espectáculo a unha tarde pensada para o disfrute de veciñanza e visitantes, e haberá inchables. O prazo límite para inscribirse no concurso rematará o venres 13 de febreiro ás 14.00 horas.

O Entroido está organizado polo Concello de Castroverde e conta coa colaboración da Deputación de Lugo, consolidándose un ano máis como unha das citas festivas máis destacadas do calendario local.

O IV Concurso de Tapas terá lugar do 10 ao 12 de abril

O Concello de Castroverde organiza a cuarta edición do Concurso de Tapas, que se celebrará os días 10, 11 e 12 de abril de 2026. A iniciativa busca fomentar o consumo, dinamizar o sector hostaleiro e poñer en valor a oferta gastronómica do municipio, converténdose nunha cita de referencia para veciños e visitantes. O concurso terá lugar nos seguintes horarios: o venres 10 de abril de 20:30 a 23:30 horas; o sábado 11 de abril en dous quendas, de 13:00 a 15:30 horas e de 19:30 a 23:30 horas; e o domingo 12 de abril de 13:00 a 15:30 horas. Cada establecemento participante presentará unha única tapa, que deberá estar dispoñible para o público durante os horarios establecidos, cun prezo de venda ao público de 4 euros. O Concello facilitará a cada participante unha urna e folletos antes do inicio do concurso para que os clientes poidan emitir o seu voto, que se colocarán nun lugar visible dentro de cada local. Os folletos de votación inclúen o cartel do concurso, o plano da ruta cos establecementos participantes, recadros para que os hostaleiros selan a súa propia tapa e un apartado para que os clientes indiquen as tres mello-



res tapas segundo a súa preferencia (3 puntos a maior puntuación, 1 punto a menor). O prazo para depositar os folletos nas urnas remata o domingo 12 de abril, último día do concurso. Cada cliente poderá depositar tantas tarxetas como desexe; todas serán válidas para o recuento de votos dos establecementos, pero só poderán optar a un dos premios en metálico do público, xa que estes non son acumulables. Establécense tres premios para os establecementos que obteñan maior puntuación por parte dos clientes, consistentes en diplomas acreditativos que indicarán o posto logrado: 1º, 2º ou 3º.

Ademais, os consumidores tamén poderán gañar tres premios en total, obrigatoriamente cumprindo o requisito de ter os selos de todos os establecementos participantes. Estes premios son: o primeiro, un vale de compra de 300 euros para utilizar en calquera establecemento comercial de Castroverde; o segundo, un vale de 200 euros; e o terceiro, un vale de 100 euros. O IV Concurso de Tapas do Concello de Castroverde ofrece así unha oportunidade para gozar da gastronomía local, votar as tapas favoritas e optar a premios, promovendo a participación cidadá e o dinamismo do comercio e hostalaría da vila.

“Necesitamos a implicación das institucións para seguir promovendo o deporte”

Borja López Adrio, presidente do Castroverde Fútbol Sala, valora positivamente os primeiros 20 anos do club e destaca as escolas deportivas, que promoven o deporte e o ocio entre os pequenos

Jessica Fernández

O fútbol sala non sempre tivo un espazo propio en Castroverde. Nun concello onde tradicionalmente o deporte non foi un eixo central da vida social, a aparición e consolidación do Castroverde Fútbol Sala en 2005 supuxo un cambio profundo na maneira de entender a actividade deportiva, especialmente entre a xente nova. Hoxe, vinte anos despois dos seus primeiros pasos, o club converteuse nun referente na montaña lucense, cunha estrutura que abrangue desde a base ata o equipo sénior, tanto masculino como feminino. Á fronte do proxecto está Borja, presidente do club e tamén

anos fosen especialmente duros.

A pesar das dificultades iniciais, a evolución do club foi clara-

forza polas escolas deportivas e polo fútbol sala feminino, dous ámbitos fundamentais para garantir o futuro da entidade”.

nior masculino, e somos o único arredor”, destaca o presidente. Esta singularidade supón unha responsabilidade engadida. O



“Os inicios foron complicados porque aquí non había cultura de fútbol sala; era un deporte que apenas se practicaba”

adestrador do primeiro equipo masculino, unha figura clave para entender a evolución dunha entidade que naceu sen recursos, sen tradición e con moitas dificultades, pero que foi medrando grazas á constancia, ao traballo colectivo e á paixón polo deporte.

A historia do club comeza moito antes da súa constitución oficial. Segundo lembra Borja, todo arrincou “indo aos torneos de verán; levabamos dous anos facendo torneos e era o momento de federarnos e xogar nunha liga”, explica. Ese paso produciuse no ano 2003, cando aínda non existía formalmente o club, que non se constituiría ata 2005.

A decisión de federarse marcou un antes e un despois. Supuña competir de maneira regular, asumir máis responsabilidades e apostar por un proxecto a longo prazo. Porén, os inicios non foron doados. “Os inicios foron complicados porque aquí non había cultura de fútbol sala; era un deporte que apenas se practicaba”, recoñece Borja. A falta de tradición, unida á escaseza de axudas económicas e patrocinadores, fixo que os primeiros

mente positiva.

O cambio, segundo destaca o presidente, foi “notable” co paso dos anos. A idea inicial era sinxela: manter un equipo sénior que permitise competir e representar ao concello. Con todo, a realidade superou as expectativas.

“Na actualidade, o Castroverde Fútbol Sala conta con categorías base desde benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil, ademais dos equipos sénior masculino e feminino. Este crecemento non foi improvisado, senón froito dunha planificación progresiva. Hai dous anos o club decidiu apostar con máis

UN CLUB QUE VERTEBRA O TERRITORIO. Un dos aspectos máis salientables do proxecto é a súa capacidade para atraer xogadores e xogadoras de distintas parroquias e concellos da contorna. Actualmente, o club conta con deportistas procedentes de todo Castroverde, pero tamén de Baleira e mesmo da Fonsagrada. Este feito dá conta da importancia do club como punto de encontro deportivo nunha zona afectada polo despoboamento e pola perda de estruturas asociativas. De feito, “somos o único de fútbol sala que hai na montaña; na Fonsagrada só hai equipo sé-

obxectivo, segundo Borja, é claro: converterse nun club de referencia. “Isto require moito traballo por parte da directiva, porque ao final hai moita xente que non dá o paso”, afirma. O contexto demográfico é outro dos grandes desafíos aos que se enfronta o club. Hai anos, lembra Borja, existían equipos en case todos os municipios da contorna. Hoxe, esa realidade desapareceu en gran medida. “Antes xogabamos e había equipos en todos os municipios, pero agora non, tamén polo despoboamento, que nos afecta a todos”, explica. A perda de poboación reduce o número de

nenos e mozos dispoñibles, dificulta a continuidade dos equipos e obriga a redobrar esforzos para manter a actividade.

Aínda así, os datos son alentadores. O ano pasado o club chegou ás 90 licenzas federativas, unha cifra moi elevada para un concello pequeno. Este ano mantense nun número similar, entre 85 e 86 licenzas.

“Estamos moi contentos”, resume Borja. Porén, “o feminino baixou porque é complicado: moita xente que xoga non se pode desprazar”, explica, poñendo de manifesto unha das dificultades habituais no deporte base feminino no rural.

APOIO INSTITUCIONAL. O funcionamento do club depende en boa medida do apoio institucional. Neste eido, Borja fai unha valoración desigual da colaboración recibida.

“O Concello colabora cedendo as instalacións, deixa o pavillón, pero economicamente colabora igual

“Somos o único club de fútbol sala con base na montaña; na Fonsagrada só hai equipo sénior masculino, e somos o único arredor”

que antes de aparecer as escolas deportivas. Pero nós, coa ampliación da base, temos máis gastos e necesitamos máis apoio económico para cubrilos”, afirma. Pola contra, a Deputación e a Xunta de Galicia teñen un papel máis relevante no apoio ao club. Máis alá das axudas concretas, Borja considera que existe un problema de fondo: a falta dunha cultura deportiva asentada no concello.

“Non hai unha cultura de deporte en Castroverde; hai un equipo de fútbol e o noso club, pero non hai máis deportes”, sinala. Neste contexto, o labor do Castroverde Fútbol Sala cobra un valor que vai máis alá da competición.

O club entende o deporte como unha ferramenta educativa, social e de integración, especialmente entre os máis pequenos. “O que facemos é importante para promover o deporte entre os pequenos”, subliña Borja, que insiste na necesidade de contar cun maior apoio das institucións para seguir desenvolvendo esta tarefa. “Parécenos importante contar con axuda para poder facelo”, conclúe.

DEPORTES

Traballan na adaptación do himno do CB Breogán



A asociación Cántigas e Froes traballa na adaptación do himno do CB Breogán, ‘Seguimos en pé’, a través de instrumentos de música tradicional galega, nun proxecto que prevé estrearse durante a semana do Día das Letras Galegas. A iniciativa supón un encontro entre deporte, cultura e identidade, unindo un dos símbolos do baloncesto galego coa tradición musical. A proposta pon o foco na música

tradicional como elemento vertebrador da identidade galega e destaca o papel das asociacións culturais na preservación e renovación deste legado, cunha influencia directa no panorama musical actual. Neste contexto, a versión do himno pretende achegar a tradición a novos públicos e reforzar o vínculo emocional entre a afección breoganista e a cultura propia.

Abel Palacios, do Lume Béisbol Club, aspira a formar parte da Selección



O béisbol lucense vén de acadar un importante recoñecemento a nivel estatal coa convocatoria de Abel Palacios, xogador de orixe cubana do Lume Béisbol Club, para o proceso de selección da categoría sub-12 da Real Federación Española de Béisbol. A elección por parte do corpo técnico emerxente do deportista e o traballo que se está a desenvolver no béisbol base en Lugo. Palacios formará parte dun grupo de 36 xogadores convocados para participar nas concentracións e probas destinadas a conformar

a selección española sub-12, que prepara a súa participación no Campionato de Europa previsto para este verán. “A presenza do xogador lucense neste proceso supón un paso destacado na súa progresión deportiva e unha oportunidade para seguir medrando nun contexto de máxima esixencia”, din. Desde o Lume Béisbol Club destacan a importancia desta chamada, “que reforza a visibilidade do béisbol na provincia e confirma a boa liña de traballo desenvolvida nos últimos anos coas categorías de base”.

A Fundación Breogán leva ás aulas un novo programa educativo

A Fundación Breogán impulsa o proxecto educativo ‘Boas Prácticas: xestión emocional e saúde global en Educación Física’, unha iniciativa dirixida ao alumnado de Educación Primaria que utiliza o deporte como ferramenta para promover o benestar físico, mental e social desde unha perspectiva integral da saúde. A través das clases de Educación Física, o programa aborda cuestións como a intelixencia emocional, os hábitos de vida saudables, a igualdade, a saúde mental e a prevención de condutas insás, combinando actividade física e aprendizaxe en valores. O programa desenvolverase ata marzo en distintos centros educativos da cidade, con sesións presenciais e charlas impartidas por profesionais especializados en diferentes ámbitos da saúde e do deporte. En concreto, o proxecto chega ás aulas dos CEIP Luis Pimentel e CEIP As Mercedes de Lugo, contando coa participación dun equipo multidisciplinar que achegará coñecemento, inspiración e referentes reais ao alumnado. Entre as intervencións previstas atópanse contidos relacionados



coa saúde bucodental da man de María Núñez, presidenta do Colexio de Odontólogos de Lugo, quen traballará a importancia do coidado dos dentes como parte da saúde xeral. O fisioterapeuta do CB Breogán, Adrián Callejo, centrará as sesións no manexo das lesións deportivas e na súa prevención, mentres que Laura Sas, máster en Alimentación na Actividade Física e o Deporte, abordará a nutrición saudable e a alimentación das e dos deportistas. O director da Fundación Breogán, Luís Abel Taboada, incidirá

na relación entre a práctica deportiva e a saúde mental baixo a idea dun deporte san para unha mente sa. Pola súa banda, Leticia Fernández Villamarín, titulada en Educación Física e INEF, traballará co alumnado a importancia do movemento como ferramenta para aprender a coidarse. O programa complétase coa participación de Nicolás Martínez Adegas, campión do mundo de paracanoe, que achegará a súa experiencia persoal para amosar como o deporte pode transformar vidas.

As atletas do Biosbardo fanse co subcampionato galego por equipos

O Club Deportivo Biosbardo de Lugo asinou unha destacada actuación no Campionato Xunta de Galicia de Cross Máster. A cita, disputada nun circuíto esixente marcado polas adversas condicións meteorolóxicas, reuniu a competición individual e por equipos, tanto en categoría masculina como feminina. A gran protagonista no apartado feminino foi Carla Trillo, deportista da Mariña lucense, que liderou a participación do CD Biosbardo cunha carreira moi intelixente. Trillo foi gañando posicións ao longo da proba e asinou unha última volta sobresaínte que lle permitiu entrar terceira absoluta en meta, acadando así o bronce na clasificación xeral e proclamándose tamén terceira na categoría F40, ao coincidir as tres primeiras absolutas nesta franxa de idade. Moi preto dela chegou Fanny Abelenda, que debutaba na especialidade e realizou unha notable



xestión de carreira, logrando o subcampionato galego na categoría F35. O equipo feminino completouse coa atleta de Caldas de Reis Enara Fernández, cuxo resultado permitiu ao conxunto do CD Biosbardo proclamarse subcampión galego por equipos, quedando a tan só un punto do equipo gañador, o Atletismo Arenteiro. No apartado masculino, Emilio Montilla regresou á competición

nunha das súas especialidades predilectas, dando así inicio á súa tempada deportiva. O atleta cruceño volveu amosar a súa experiencia e capacidade táctica, remontando varias posicións na última volta para colgarse o bronce galego na categoría M55. Xusto a continuación entrou en meta José Voces, cuarto clasificado na mesma categoría, nunha proba que tamén supuxo o seu debut no cross máster.

O Club Deportivo Lugo reforza o equipo e mellora as instalacións

O Club Deportivo Lugo viviu durante este mes de xaneiro un período de profundos cambios no seu cadro de xogadores coincidindo coa apertura do mercado de fichaxes, unha circunstancia que levou á entidade albivermella a tomar diversas decisións de calado de cara ao resto da tempada en 1 RFEF. Un dos movementos máis simbólicos foi a saída de David Rosón, coa que se puxo fin a unha etapa estreitamente vencellada ao seu crecemento persoal e deportivo dentro do club. A súa despedida chega tras un percorrido marcado polo esforzo constante, o traballo diario e un forte sentimento de pertenza, valores polos que desde o CD Lugo quixeron expresar publicamente o seu agradecemento, salientando a súa profesionalidade e o compromiso demostrado ao longo destes anos como un reflexo dos principios que definen á entidade. Xunto a esta saída, o club e Álex Carbonell acordaron dar por rematada a relación contractual que unía a ambas partes tras cinco meses no equipo da cidade amurallada, mentres que Jon Merino marcha cedido ao Arenas Club ata o remate da presente tempada. Finalmente, a última baixa do equipo foi a de Nathaniel Nicholas, xogador ao que desexaron sorte no seu futuro deportivo. No apartado de incorporacións, o CD Lugo reforzouse coa chegada de Gabriel Costa, futbolista nado en Vila Nova de Gaia no ano 2006, procedente do CD Feirense, conxunto



que compite na Segunda División de Portugal. A este fichaxe súmase o de Álex Gallar, nado en Sabadell en 1992, un xogador con ampla experiencia e presenza en LALIGA tanto en Primeira como en Segunda División. Tamén se incorporou Antonio Perera, nado en Badaxoz en 1997, un centrocampista recoñecido pola súa traxectoria sólida tanto no fútbol nacional como no internacional. Pola súa parte, súmase ao proxecto Yago Rodríguez, traspasado polo Real Valladolid ata o ano 2028. O defensa, nado en Vigo no ano 2005, actúa como lateral dereito e conta cunha ampla formación en canteiras de referencia. Deu os seus primeiros pasos no RC Celta antes de continuar no Real Valladolid, completando o seu desenvolvemento con etapas no Coruxo FC e no Salamanca CF UDS. Como derradeira fichaxe atópase Pere Haro, que firma ata o ano 2027.

Nado en Barcelona en 2004, o lateral esquerdo destaca pola súa proxección e capacidade de percorrido.

OBRAS DE REFORMA. Como parte das obras de remodelación que se están a executar no estadio Anxo Carro por parte da Xunta de Galicia, os operarios procederon á demolición do muro situado no fondo sur, espazo no que está prevista a construción dunha nova grada. Ademais, levouse a cabo o traslado de varias filas de asentos desde a tribuna alta á tribuna baixa, co obxectivo de igualar esta zona co resto do recinto deportivo. Ademais, os traballos incluíron tamén o reacondicionamento mellora dos aseos tanto da tribuna como do fondo norte.

Pola súa parte, o Club Deportivo Lugo destinou parte do seu orzamento á renovación do videomarcador do Anxo Carro.

O equipo Ensino xogará na Copa da Raíña



O equipo de Baloncesto Ensino certificou a súa clasificación para a Copa da Raíña, que se celebrará en Tarragona entre o 26 e o 29 de marzo, despois de completar unha sólida primeira volta na Liga Endesa de baloncesto feminino.

O conxunto lucense pechou esta fase inicial da competición na sexta posición da táboa, un resultado que lle permitiu situarse entre os oito primeiros clasificados que accederán ao torneo. Con motivo deste logro, a Delegación Territorial recibiu a unha ampla repre-

sentación do club nun encontro encabezado polo presidente do Ensino, Manuel Durán. Durante a recepción, púxose en valor o nivel deportivo e o esforzo continuado do equipo, un traballo que, segundo se destacou, acaba reflectíndose en obxectivos cumpridos como esta clasificación para unha das citas máis importantes do baloncesto feminino estatal. Ademais, subliñou que estar entre os mellores conxuntos do país supón “todo un éxito” e un recoñecemento ao camiño percorrido polo club.

Uxía Folgueira representará a España no Europeo de karate en Chipre

Uxía Folgueira González, da Escola Deportiva Shihan, foi seleccionada pola Real Federación Española de Karate para formar parte da selección nacional que participará no Campionato de Europa, entre o 6 e o 8 de febreiro na cidade de Limassol, en Chipre, reunindo ás mellores karatecas do panorama europeo. A deportista competirá na modalidade de kata por equipos, dentro da categoría cadete-junior, un recoñecemento ao seu traballo, á súa progresión deportiva e aos resultados acadados nas últimas tempadas.

A convocatoria supón un importante fito tanto a nivel persoal para a karateca como para a Escola Deportiva Shihan, que verá representados os seus valores e o seu labor formativo nunha cita internacional de máximo nivel.



LIGA NACIONAL. Ademais, a Escola Deportiva Shihan iniciou a súa participación na Liga Nacional cun desprazamento a Valdepeñas, onde estivo presente na primeira xornada das categorías Cadete e Senior cun equipo formado por catro deportistas. Nayla Pin, Naiara Pérez, Marta

Martínez e Uxía Folgueira representaron ao club nesta esixente cita do calendario nacional, marcada polo alto nivel competitivo das probas. O resultado máis destacado da fin de semana foi a medalla de prata acadada por Uxía Folgueira na modalidade de Kata Cadete.

A sede da Xunta acollerá en setembro o Día do adestrador



A sede da Xunta de Galicia en Lugo será o escenario, o vindeiro mes de setembro, dunha nova edición do Día do adestrador e da adestradora, unha iniciativa organizada pola Real Federación Galega de Fútbol que volverá converter a cidade nun punto de encontro para profesionais vinculados á formación deportiva no ámbito do fútbol.

Durante o encontro, Javier Arias puxo en valor o traballo da Real Federación Galega de Fútbol, lembrando que hai dous anos esta mesma sede xa acolleu as Xornadas de Actualización e Reciclaxe para Adestradores, unha cita que acadou unha notable resposta tanto pola

calidade dos relatores participantes como pola elevada asistencia, que superou as 300 persoas.

O delegado territorial subliñou tamén a colaboración que a Xunta mantén coa RFGF para facilitar o desenvolvemento das súas funcións e actividades, destacando especialmente o papel que desempeñan os clubs de fútbol galegos no impulso do deporte base.

Segundo indicou, trátase dun labor esencial para a promoción de hábitos saudables e para a formación deportiva e persoal das xeracións máis novas, un ámbito no que a cooperación institucional resulta clave.

DE RUTA EN RUTA

Ruta Serra do Édramo de Samos

Este itinerario permitir descubrir, ademais dos castros, as extraordinarias paisaxes da Galicia interior

A Ruta da Serra do Édramo arrinca no Castro de Formigueiros, no concello de Samos, e remata no Castro da Margarida seguindo a liña da propia serra, situada entre os ríos Sarria e Mao. Este itinerario permite descubrir, ademais dos castros, as extraordinarias paisaxes da Galicia interior. O trazado ten unha lonxitude de 18 quilómetros e unha duración aproximada de 4 horas, cun nivel de dificultade media. Ao longo do camiño poden contemplarse diversos túmulos que abranquen dende o Neolítico ata a Idade do Bronce. Nun deles permanece á vista a cámara funeraria. Durante a marcha existen varios posibles desvíos. O primeiro conduce ata a Pena Grande, situada a 838 metros de altitude, desde onde se pode gozar dunha ampla panorámica dende o seu miradoiro. O segundo resulta especialmente recomendable para quen non estea hospedado en Samos, xa que permite achegarse á propia vila. Ao chegar ao concello de Samos hai varios elementos que atraen a atención do visitante. O máis salientable é, sen dúbida, o mosteiro. Outro punto destacado é a serra de ladeiras cubertas de bosque que se ergue xusto ao seu carón, na outra marxe do río: a serra do Édramo. O percorrido comeza na propia vila de Samos e nos primeiros quilómetros ascende de maneira progresiva e constante ata acadar o alto da serra, na súa zona máis meridional. Neste punto localízase o Castro de Formigueiros, situado de forma estratéxica nun outeiro a preto de 800 metros de altitude. Dende aquí tómase unha pista cómoda que atra-

vesa a serra cara ao norte, pasando por numerosos túmulos megalíticos. Nesta área tamén se pode desfrutar de amplas vistas dende distintos miradoiros sobre o val de Samos e o val do Mao, no Incio. Tras cruzar a serra, collese un camiño que descende cara a Vilar do Real,

senza do Mosteiro de Samos. O itinerario continúa por pequenos bosques pouco pechados, o que facilita manter sempre unha visión ampla do val. Ao aproximarse ao límite sur da ruta, pódese distinguir Sarria e, máis ao lonxe, a cidade de Lugo. Isto ocorre ao gañar algo máis de

distancia, a escultura formada por un mamut adulto e a súa cría, coa que O Incio reivindica a súa condición de terra do mamut, ao ser o único lugar de Galicia onde apareceron restos deste animal. Cómpre lembrar que parte destes achados foron doados por Isidro Parga Pon-

mo da muralla escavado, con escaleiras de acceso visibles. Unha vez superado o Castro de Formigueiros, a ruta atravesará a necrópole megalítica do Campo de Valentín, onde se poden observar varias medorras á beira do camiño. Trátase de túmulos datados entre o Neolítico e a Idade do Bronce, e nun deles permanece á vista a cámara funeraria, coñecida como dolmen ou anta. O percorrido continúa pola pista con comodidade ata atopar, á esquerda, un desvío sinalizado que leva ao miradoiro do Castelo, ao que se chega tras un paseo duns 450 metros. Preto do miradoiro hai unha pequena construción que serviu como refuxio para o gando. Xunto a ela, sitúase o marco xeodésico da Vila e os restos do que puido ser unha antiga torre de vixilancia, desde a que se divisan os castros de Formigueiros e da Margarida. Dende o miradoiro obtense unha fermosa panorámica da vila de Samos e da súa contorna, e no horizonte distínguese Sarria xunto con varias aldeas do seu municipio. O camiño continúa por esta paisaxe funeraria da penachira do Édramo ata chegar ao Castro da Margarida. Para acceder a el é necesario desviarse á esquerda por un camiño que conduce ata a súa base. Ao baixar do miradoiro xa se pode contemplar o Oribio. Despois de pasar por Vilar do Real, ao chegar á estrada que une Samos con Triacastela, abandónase a pista e continúa-se o descenso ata enlazar co Camiño de Santiago en San Martiño do Real, polo que se camiña durante uns dous quilómetros ata regresar a Samos.



aínda que antes de chegar a esta localidade aparece unha espectacular alvariza á beira do sendeiro. Máis adiante, logo de atravesar a estrada, chégase a San Martiño do Real, onde se continúa durante dous quilómetros polo Camiño de Santiago ata regresar de novo a Samos. O trazado discorre por camiños cómodos, agás algún curto treito de senda. O inicio da ruta é unha subida cara ao sur. Trátase dun ascenso continuado por unha ladeira boscosa, con árbores maioritariamente espidas, o que permite admirar a paisaxe dominada, nos primeiros pasos, pola pre-

altitude e alcanzar a zona de monte descuberto, xa que os montes desta área son suaves e ondulados, formando grandes espazos abertos ocupados por matogueira combinada con pastos. Algún afloramento rochoso completa a escena. No fondo do val, o río Mao discorre acompañado por un bosque de ribeira. Xa case no cumio, a ruta pola serra comeza moi preto da estrada que comunica Samos con Val do Mao e o val do Lúzara, e avanza polos límites dos concellos de Samos e O Incio. Na subida cara ao Castro de Formigueiros chama a atención, á

dal á Universidade de Santiago de Compostela e poden verse na colección do Museo de Historia Natural da USC, situado no parque de Vista Alegre. O Castro de Formigueiros destaca pola dimensión e complexidade do seu sistema defensivo, coroado por unha poderosa muralla. A sucesión de foxos, parapetos e plataformas confírelle ao conxunto un carácter case labiríntico. O xacemento é coñecido tamén polo achado de lousas con gravados de peixes e cabalos. No seu interior consérvanse varias vivendas castrexas e un tra-

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias • Festivales
Fiestas • Infantil
Humor • Gastronomía
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com